PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 153 VI lexislatura Serie Pleno

Sesión plenaria
13 de abril de 2005

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

ORDE DO DÍA
(Continuación.)

5. Proposicións non de lei ante o Pleno

5.2 06/PNP-0490 (21667)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre o financiamento con fondos públicos do Auditorio e Palacio de Congresos de Vigo
Publicación iniciativa, BOPG núm. 752, do 23.03.2005

5.3 06/PNP-0403 (17634)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre a remisión polo Goberno galego dun Plan integral de recuperación, saneamento e ordenación do espacio global das rías galegas, para o seu debate e aprobación no Parlamento.
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 619, do 03.09.2004

5.406/PNP-0473 (21225)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Díaz Díaz, Xosé
Sobre as medidas urxentes que se deben adoptar en Ferrolterra, após a recente agresión á súa economía e tecido empresarial como froito de decisións políticas

5.5 06/PNP-0488 (21633)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Seijas, María Dolores e sete deputados mais
Sobre a aportación polo Goberno central do crédito necesario para a concertación de toda a educación infantil nos prazos establecidos na normativa vixente
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 753, do 26.03.2005

5.6 06/PNP-0491 (21753)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Díaz, Victoria Eugenia e Rodríguez Corcoba, Fernando
Sobre a elaboración dun cadro de enfermidades profesionais do pesoal do servizo de bombeiros e a anticipación da idade de xubilación para este colectivo
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 754, do 29.03.2005

6. Interpelacións

6.1 06/INT-0574 (21401)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre as razóns do incumprimento da resolución aprobada no debate do estado da Autonomía do ano 2002 referente á presentación dun plan estratéxico de desenvolvemento rural, as medidas adoptadas polo Goberno galego nestes últimos quince anos ao respecto e as recollidas no plan anunciado
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 741, do 09.03.2005

6.2 06/INT-0588 (21811)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sobre a utilización con fins partidarios dos medios de comunicación públicos polo Goberno galego e nomeadamente polo sr. Conselleiro de Cultura e Comunicación Social
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG núm. 755, do 30.03.2005

6.3 06/INT-0551 (20277)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo
Sobre os datos referentes ás contratacións de persoal realizadas polos organismos autónomos, fundacións, entes de dereito público e sociedades mercantís dependentes da Xunta de Galicia, os nomeamentos dos tribunais de selección e as medidas adoptadas para corrixir as anomalías detectadas polo Consello de Contas
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 708, do 27.01.2005

6.4 06/INT-0557 (20786)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Villarino Santiago, Dolores e Rego González, Ismael
Sobre as previsións da Consellería de Economía e Facenda respecto do financiamento de determinadas obras de infraestruturas de acordo co réxime concesional establecido na Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora da concesión de obras públicas, e a súa incidencia nos futuros orzamentos da Comunidade Autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 721, do 12.02.2005

6.5 06/INT-0565 (21200)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodríguez Peña, Xosé Henrique
Sobre o posicionamento da Xunta de Galicia ante o grave incumprimento dos convenios que sucesivamente subscriben o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e Renfe
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 737, do 04.03.2005

7. Preguntas orais ante o Pleno
7.1 06/POP-0634 (21982)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo
Sobre sobre as alegacións formuladas polo Goberno Galego ao PEIT (Plan estratéxico de infraestruturas e transporte) antes do remate da súa exposión ao público o día 22 de marzo
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 760, do 07.04.2005

7.2 06/POP-0632 (21990)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier e Cerviño González, Francisco
Sobre sobre as negociacións levadas a cabo polo Goberno galego en relación coa situación de conflitividade laboral existente entre o persoal que desenvolve as funcións administrativas e informáticas nas institucións sanitarias dependentes do Sergas
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 760, do 07.04.2005

7.3 06/POP-0613 (21463)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel e dous deputados mais
Sobre as razóns da Consellería de Medio Ambiente para demorar a remisión do informe solicitado polo Goberno do Estado para axilizar os trámites relacionados coa chegada do AVE ao eixo atlántico
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 743, do 11.03.2005

7.4 06/POP-0620 (21638)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Trigo Durán, Francisco e Álvarez Blanco, Salomé
Sobre o criterio do Goberno galego respecto da resolución do concurso realizado na Deputación provincial de Pontevedra, para a provisión de persoal contratado no Proxecto Cidade Plus
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 753, do 26.03.2005

7.5 06/POP-0626 (21812)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez González, Manuel Luis e Pérez Herraiz, Margarita

Sobre a información remitida dende a Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado a varias garderías infantís de Galicia, respecto da iniciativa levada a cabo pola Escola Infantil Dalila para elaborar o Mapa da Paz

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 756, do 31.03.2005

7.6 06/POP-0618 (21598)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Novo Arrojo, Tereixa e Suárez Canal, Alfredo
Sobre as razóns da necesidade de construción dun novo instituto en Celanova

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 760, do 07.04.2005

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o financiamento con fondos públicos do Auditorio e Palacio de Congresos de Vigo. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia que a esta proposición non de lei lle foi presentada unha emenda polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 10.)

Intervención da autora: *Sra. Villarino Santiago (S).* (Páx. 10.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Trigo Durán (BNG).* (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Casares González (P).* (Páx. 14.)

A señora Villarino Santiago (S) intervén para posicionarse sobre a emenda. (Páx. 16.)

Votación da proposición non de lei: *rexeitada por 29 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 18.).

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a remisión polo Goberno galego dun plan integral de recuperación, saneamento e ordenación do espazo global das rías galegas para o seu debate e aprobación no Parlamento. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia que a esta proposición non de lei lle foi presentada unha emenda polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 18.)

Intervención da autora: *Sra. Villarino Santiago (S).* (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Trigo Durán (BNG).* (Páx. 20.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Casares González (P).* (Páx. 22.)

A señora Villarino Santiago (S) intervén para posicionarse sobre a emenda. (Páx. 24.)

Votación da proposición non de lei (coa inclusión da emenda presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego): *rexeitada por 26 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 25.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Díaz Díaz, sobre as medidas urxentes que se deben adoptar en Ferrolterra, despois da recente agresión á súa economía e tecido empresarial como froito de decisións políticas. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia que a esta proposición non de lei lle foron presentadas emendas polos GG. PP. Popular e dos Socialistas de Galicia. (Páx. 25.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Díaz (BNG).* (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. López Outeiral (P)* (Páx. 30.) *e Sra. González Laso (S).* (Páx. 32.)

O Sr. Díaz Díaz intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 34.)

O señor presidente suspende a sesión para transaccionar. (Páx. 34.)

Suspéndese a sesión.
Retómase a sesión.

O Sr. Díaz Díaz intervén para expoñer o resultado da transacción. (Páx. 35.)

Votación do texto transaccionado entre os grupos parlamentarios da proposición non de lei: *aprobado por 66 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 35.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.ª María Dolores Rodríguez Seijas e sete deputados mais, sobre a achega polo Goberno central do crédito necesario para a concertación de toda a educación infantil nos prazos establecidos na normativa vixente. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia que a esta proposición non de lei lle foi presentada unha emenda polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 36.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Seijas(P).* (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Novo Arrojo (BNG).* (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez González (S).* (Páx. 39.)

A señora Rodríguez Seijas(P) intervén para posicionarse sobre a emenda. (Páx. 41.)

Votación da proposición non de lei: *aprobada por 37 votos a favor, 14 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.ª Victoria Eugenia López Díaz e D. Fernando Rodríguez Corcoba, sobre a elaboración dun cadro de enfermidades profesionais do pesoal do servizo de bombeiros e a anticipación da idade de xubilación para este colectivo. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia que a esta proposición non de lei lle foi presentada unha emenda polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 43.)

Intervención da autora: *Sra. López Díaz (P).* (Páx. 43.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rodríguez Feixóo (BNG).* (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. López Vidal (S).* (Páx. 47.)

A señora López Díaz (P) intervén para posicionarse sobre a emenda. (Páx. 49.)

Votación do punto número 1 da proposición non de lei: *aprobado por 66 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 50.)

Votación do punto número 2 da proposición non de lei: *aprobado por 52 votos a favor e 14 abstencións.* (Páx. 50.)

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do incumprimento da resolución aprobada no debate do estado da Autonomía do ano 2002 referente á presentación dun plan estratéxico de desenvolvemento rural, as medidas adoptadas polo Goberno galego nestes últimos quince anos ao respecto e as recollidas no plan anunciado. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sineiro García (S).* (Páx. 50.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.* (Páx. 52.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. López Pérez (BNG).* (Páx. 54.)

Réplica do autor: *Sr. Sineiro García (S).* (Páx. 57.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.* (Páx. 58.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a utilización con fins partidarios dos medios de comunicación públicos polo Goberno galego e nomeadamente polo Sr. Conselleiro de Cultura e Comunicación Social. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lage Tuñas (S).* (Páx. 59.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.* (Páx. 61.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Gutiérrez Fernández (BNG).* (Páx. 63.)

Réplica do autor: *Sr. Lage Tuñas (S).* (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.* (Páx. 66.)

Interpelación de D. Alfredo Suárez Canal, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos referentes ás contratacións de persoal realizadas polos organismos autónomos, fundacións, entes de dereito público e sociedades mercantís dependentes da Xunta de Galicia, os nomeamentos dos tribunais de selección e as medidas adoptadas para corrixir as anomalías detectadas polo Consello de Contas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Suárez Canal (BNG).* (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.* (Páx. 69.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. López Vidal (S).* (Páx. 71.)

Réplica do autor: *Sr. Suárez Canal (BNG).* (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.* (Páx. 74.)

Alteración da orde do día.

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día, co asentimento dos intervenientes no debate e da Cámara, para substanciar a continuación a pregunta número 21463, do señor Lage Tuñas. (Páx. 76.)

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas e dous deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Consellería de Medio Ambiente para demorar a remisión do informe solicitado polo Goberno do Estado para axilizar os trámites relacionados coa chegada do AVE ao eixo atlántico. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lage Tuñas (S).* (Páx. 76.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente.* (Páx. 76.)

Réplica do autor: *Sr. Lage Tuñas (S).* (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente.* (Páx. 77.)

Interpelación de D.ª Dolores Villarino Santiago e D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Economía e Facenda respecto do financiamento de determinadas obras de infraestruturas de acordo co réxime concesional establecido na Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora da concesión de obras públicas, e a súa incidencia nos futuros orzamentos da Comunidade Autónoma. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Villarino Santiago (S).* (Páx. 78.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda.* (Páx. 80.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Veiga Buxán (BNG).* (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Villarino Santiago (S).* (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda.* (Páx. 85.)

Interpelación de D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o posicionamento da Xunta de Galicia ante o grave incumprimento dos convenios que sucesivamente subscriben o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e Renfe. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Peña (BNG).* (Páx. 86.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.* (Páx.88.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Rego González (S).* (Páx. 90.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Peña (BNG).* (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.* (Páx. 92.)

Pregunta de D. Alfredo Suárez Canal, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as alegacións formuladas polo Goberno Galego ao PEIT (Plan estratéxico de infraestruturas e transporte) antes do remate da súa exposión ao público o día 22 de marzo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Suárez Canal (BNG).* (Páx. 95.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.* (Páx. 95.)

Réplica do autor: *Sr. Suárez Canal (BNG).* (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.* (Páx. 96.)

Pregunta de D. Francisco Trigo Durán e D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o criterio do Goberno galego respecto da resolución do concurso realizado na Deputación Provincial de Pontevedra para a provisión de persoal contratado no Proxecto Cidade Plus. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Trigo Durán (BNG).* (Páx. 97.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.* (Páx. 98.)

Réplica do autor: *Sr. Trigo Durán (BNG).* (Páx. 99.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública.* (Páx. 99.)

Pregunta de D.ª Terixa Novo Arrojo e D. Alfredo Suárez Canal, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da necesidade de construción dun novo instituto en Celanova. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Novo Arrojo (BNG).* (Páx. 100.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.* (Páx. 100.)

Réplica da autora: *Sra. Novo Arrojo (BNG).* (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.* (Páx. 102.)

Remata a sesión ás oito e vinte e cinco minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Retómase a sesión.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre o financiamento con fondos públicos do Auditorio e Palacio de Congresos de Vigo

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei foi-lle presentada unha emenda polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda:

"Emenda de adición.

Débese engadir ao remate da parte resolutiva o seguinte:

'Asemade o Parlamento insta á Xunta de Galiza a que reclame do Goberno do Estado a cesión gratuíta ao Concello de Vigo das parcelas 57 e 59 da Avenida de Beiramar para a construcción do Auditorio e Palacio de Congresos de Vigo'.")

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Villarino Santiago para a defensa da proposición.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, como as súas señorías saben –porque aínda que breve así figura na exposición de motivos–, desde o ano 1999 todas as forzas políticas e todas as forzas económicas e sociais da cidade de Vigo están na procura de construír en Vigo un auditorio e palacio de congresos. É a única cidade de Galicia que aínda non conta cunha dotación cultural deste nivel. Non o confirmei, pero seguramente que vostedes comparten comigo, sen necesidade de confirmalo, que debe de ser a única cidade de España de 300.000 habitantes que non conta cun auditorio e un palacio de congresos –sobre todo cun auditorio– público. En Vigo –vostedes sábeno– temos un auditorio que pertence a Caixanova, o Centro Cultural Caixanova, como se lle chama na Caixa, aínda que os cidadáns vigueses coñecémolo como García Barbón; agora tamén está o antigo Cine Fraga, que foi rehabilitado por Caixa Galicia. Logo, digamos que as entidades financeiras teñen en Vigo dous contedores culturais, pero non temos un auditorio moderno con capacidade para determinadas actividades culturais e de titularidade pública.

Como dicía, desde 1999 hai un acordo unánime do Consello Económico e Social de Vigo –onde están, obviamente, representadas todas as forzas políticas e todas as entidades económicas, sociais e veciñais– para que se faga un auditorio en Vigo en Casa Mar. Casa Mar foi unha empresa emblemática da cidade de Vigo. Naquel momento a concesión de Casa Mar era propiedade dos traballadores, que coa dita concesión, co que resultara da venda da dita concesión, ían cobrar unha parte da débeda que a empresa lles deixou aos traballadores.

O Concello de Vigo, facendo un esforzo importante, pagou por esta concesión seis millóns de euros, é dicir, 1.000 millóns de pesetas. Desde o ano 1999 ata abril do 2004 as administracións competentes para que esta concesión, estes terreos, se desafectasen como terreos portuarios e se lle puideran ceder ao concello para a construción deste auditorio, repito, estas administracións, desde 1999 ata abril do 2004 –e digo abril, porque aínda que o 14 de marzo gañamos as eleccións os socialistas, non tomou posesión o Goberno Zapatero ata abril–, eran administracións gobernadas polo Partido Popular. Logo, nin a Autoridade Portuaria de Vigo, nin Portos do Estado, nin o Goberno de Aznar, nin, desde logo, a Xunta de Galicia foron quen en cinco anos de *solventar* os terreos para a construción do Auditorio de Vigo. E sorprendentemente para os inxenuos, e inevitablemente para o resto dos mortais, o Auditorio de Vigo converteuse nun elemento máis da guerra declarada polo Partido Popular desde todas as institucións ao Goberno do señor Rodríguez Zapatero; guerra que inicia o conselleiro de Política Territorial, que segue o propio presidente da Xunta, e que eu lamento profundamente que seguise a señora Porro, alcaldesa de Vigo, pola que eu sinto un afecto persoal, como todos vostedes saben –e quero deixalo claro desde esta tribuna–.

E digo que o lamento porque non se poden poñer os intereses públicos e os intereses dunha cidade ao servizo dos intereses dun partido. Como dixen "públicos" vou empezar polos públicos. Desde o señor Fraga –que estaba aquí hai

cinco segundos e xa non está– ata o señor Núñez Feijoo –que nin está nin se lle espera, seguramente– e a propia señora Corina Porro dicían que, se había que pagar polas parcelas para a construción do auditorio, o proxecto era inviable. O propio Partido Popular, nunha pregunta que se contestou o día anterior, di que cuestionar a utilidade pública do auditorio,,, en fin, que é unha actitude de partido, que é política de partido, non política de defensa dos intereses. O señor Núñez Feijoo dicía que era un debate cutre; o outro día aquí dicía que o auditorio custaba 105 millóns de euros e que iso era inabordable para as administracións. Ben, todo mentira, claro.

En primeiro lugar, señores deputados, é importante que saiban que aí se vai facer, obviamente, un auditorio, un palacio de congresos, un hotel, cines, unha área comercial, e logo un aparcamento subterráneo –que como calquera aparcamento non o vou ter nin en conta, vostedes saben como se fan e como se xestionan os aparcamentos subterráneos–. O que importa –iso si que o saben vostedes moi ben– é a superficie, os metros cadrados edificables sobre rasante. E nos metros cadrados edificables sobre rasante a parte pública é minoritaria, a parte privada é o 53% dos metros cadrados deste complexo. Logo, cando todos os cargos institucionais do Partido Popular, empezando polo presidente da Xunta, seguindo polo señor Núñez Feijoo e por todos os demais, falan da utilidade pública do complexo e de que en Madrid o Goberno socialista discrimina a cidade porque lle nega a utilidade pública a este complexo, hai que dicirlle que a utilidade pública non é de todo o complexo, que a maioría dos metros cadrados que se van edificar aí son para utilidade privada, para un hotel, para un centro comercial, para tendas e para cines.

En segundo lugar, no que mentiu tamén o señor Núñez Feijoo foi en dicir que custaba o Auditorio de Vigo 105 millóns de euros, e iso figura no *Diario de Sesións* do outro día. Nos datos do proxecto do complexo –que desde logo teñen no concello e que coñece todo o mundo– o auditorio, é dicir, a parte pública, custa en proxecto apenas 43 millóns de euros. Señores e señoras deputadas, é practicamente o que nos orzamentos do ano 2005 vai destinado á Cidade da Cultura, iso que non sabemos nin o que é nin o que vai ser nin no que vai acabar sendo, nin onde vai chegar; iso, no que vostedes enterran todos os anos cantidades inxentes de recursos públicos, de recursos, ademais, propios. Son 42 millóns no ano 2005, e a cidade de Vigo non merece a atención por parte da Xunta de Galicia de financiar, xa non dicimos nin sequera os 43 millóns, senón que complete o financiamento público desta dotación. Porque o Concello de Vigo xa puxo 6 millóns de euros e vai poñer 12 millóns de euros máis. ¿Canto pon a Comunidade Autónoma? Pon 18 millóns de euros. É o que valemos os cidadáns de Vigo para o Goberno do Partido Popular. En dezaseis anos de goberno do Partido Popular, os cidadáns de Vigo deberamos ter claro que polo investimento de carácter cultural que vai facer a Xunta valemos 18 millóns de euros. Iso é o que hai.

Facendo unhas pequenas contas, señores do Partido Popular, voulles dicir unha cousa: sáeme máis ou menos –xa llo dixen o outro día ao señor conselleiro– a 100 euros por metro cadrado a parte privada. E xa lle dixen que a 100 euros por metro cadrado seguramente que compramos todos os deputados, estou convencida; tamén comprariamos a canteira do señor Villar Mir, entendo eu. Poderiamos facer dous pequenos negocios, que é o que están favorecendo vostedes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, e con iso poderiamos facer 300 pisos de 30 metros cadrados para alugárllelos aos mozos... *(Murmurios e protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Remate. Vaia rematando.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Viaxe, viaxe, señor Roberto Castro. Non se pode ser tan ignorante. Viaxe.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Villarino. *(Murmurios e protestas.)*

A señora VILLARINO SANTIAGO: Xa remato. Non se pode ser tan ignorante... Non, en Suecia, en Noruega, en Dinamarca, en Alemaña... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Non se alporicen, non se alporicen.

A señora VILLARINO SANTIAGO:... en Holanda, en Bélxica. ¡Viaxe!

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Villarino.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Xa remato, señor presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Logo falaremos diso... A ver Pita, tranquilidade, sen axitarse. Que non me corten, señor presidente, porque están aquí e é unha cousa tremenda.

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Villarino.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Xa remato.

A ver, un *momentito*. Insisto, coa revenda da concesión a 100 euros metro cadrado de Vigo... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO:... mais a canteira do señor Villar Mir, sen dúbida ningunha que se poderían facer moitos, moitos pisos para mozos, e ademais outro tipo de actuacións. O que si é seguro que se podería facer sería defender os intereses públicos e priorizar os intereses dos cidadáns antes dos intereses dos amigos. Porque en Vigo, ao final, señores do Partido Popular, saberemos quen vai facer o hotel, quen vai facer o centro comercial e quen vai facer os cines. Ao final, a historia pon a todo o mundo no seu lugar.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Villarino.

Ten a palabra o señor Trigo Durán para a defensa das emendas por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Villarino, a súa rolda xa rematou.

Ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, prégolles –e isto non mo tomen por outro lado– un pouquiño de seriedade. Si, si, un pouquiño de seriedade, e permítanme unha brincadeira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede, señora, de periodista tiña mal porvir, e aquí, como siga así, menos. A brincadeira que me vou permitir é a seguinte: non falen dos espazos habitacionais da ministra sen coñecemento de causa. Sexan máis serios e responsables, porque teñen responsabilidades políticas. Son vostedes persoas que teñen que tomar determinacións en determinados momentos e, polo tanto, se se queren divertir sobre este tema, recoméndolles un programa da Radio Galega de onte –que eu vou ter a súa gravación, porque me gustou moito, divertinme moito, pero non ten nada que ver co que significa iso no sentido do tema de apartamentos e cousas destas–. Hai uns días taxaba eu, na miña vida profesional, un apartamento de 26 metros cadrados útiles en zona de segunda residencia. A partir dese momento, se vostedes coñeceran a ordenanza do Concello de Vigo, saberán que se permiten vivendas de 30 metros cadrados como mínimo e que se venden como estudos. É que hai cousas das que non se pode andar facendo *coñas* –e permítanme a expresión–, porque realmente hai brincadeiras que dá noxo escoitalas nunha cámara parlamentaria, que poden valer de chiste pero non para vostedes, que van ter responsabilidades. Seguramente, dentro de pouco tempo, veremos vivendas de protección oficial de promoción pública dese nivel. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tranquilícense.

Imos á seguinte cuestión, ao tema. Perdóenme a brincadeira, coa que acabo de perder dous minutos, e faime falta todo o tempo.

Señoras e señores deputados, a realidade virtual élles unha cousa que acabou co traballo. A infografía acabou coa xeometría descritiva. A xeometría descritiva é unha cuestión de saber un punto no espazo e concibilo; e ao mesmo tempo concibir que dous puntos se poden unir mediante unha recta e que as rectas poden interseccionarse, cruzarse, ser paralelas, etc. E iso dá un traballo. E ese traballo na xeometría descritiva orixina que as cousas levan un tempo concibilas, facelas; e, dalgunha maneira, o traballo resulta unha materia realizada polo home e levada adiante.

A infografía permite claramente, única e exclusivamente, que cun plano e unha planta ao darlle a unha tecla se cree un volume e un espazo sen que o home saiba por que sae esa cuestión. Como o home non sabe de onde saen as cousas, a realidade virtual fai que hoxe vivamos na política na situación de que o anuncio dunha determinada obra poida significar que a obra se vai realizar ou que xa está realizada. Recórdolles aquel famoso programa das autovías que viñan desde a Meseta para Galiza, e que tardaron anos en vir. Mais a infografía facía que parecese que un conducía en coche

desde Madrid a Santiago ou a outro lado. Iso conséguеo a realidade virtual.

A realidade virtual conseguiu xa que moitos dos que estamos aquí teñamos paseado polo Auditorio de Vigo. Calquera persoa que se teña preocupado polo Auditorio de Vigo coñéceo perfectamente, porque ten habido exposicións a eito para velo, coñecelo e pasear por el. Está xa establecido na realidade virtual.

Polo tanto, moitos xa cren que o Auditorio de Vigo está feito. E a algúns que levamos aquí moitos anos sempre nos cae a realidade, a crúa realidade, que sempre supera a ficción. Iso das películas, a realidade sempre supera a ficción. A infografía, evidentemente, e a realidade virtual superan totalmente; pero o que o supera é que alí non hai nada.

Neste Parlamento, hai moitos anos xa, cando don Juan Fernández era conselleiro de Industria pagouse diñeiro para poder adquirir Cordelerías Mar. Despois, o Concello de Vigo pagou realmente. Pero houbo operacións que houbo que facer aquí, e todo aquilo era para facer un auditorio.

Se viran os titulares de hai cinco anos ou catro anos, o señor Cuíña sentábase na terraza de Cordelerías Mar e dicía que todo aquilo estaría rapidamente. E pasan os anos e a cousa está sen facer. A realidade virtual segue.

A situación na que nos atopamos é que, ao final, Vigo é continuamente marxinado; non como unha cuestión marxinal, senón que Vigo é continuamente marxinado das operacións que a Administración poida plantexar –calquera tipo de administración–. Porque non hai que esquecer que o último proxecto de convenio existente tamén inclúe a Administración do Estado, porque a Autoridade Portuaria tamén é Administración do Estado. Polo tanto, preténdese conveniar entre tres autoridades. Agora xa non está a famosa Zona Franca polo medio, que era algo así como a bolsa dos cartos para solucionar todos os problemas en determinado momento. Mais o que si é certo é que nos atopamos con que isto non está realizado.

E Vigo culturalmente merece algo máis, señoras e señores deputados. Vigo foi unha capital posmoderna en determinado momento. Pero ao pensar nisto, eu acórdome do *ruralex* –o *ruralex* é unha cousa de hai moito tempo, de cando eramos algúns mozos, ou máis mozos do que somos agora–. Pois, realmente, cando un se acorda do *ruralex* e se acorda daquel grupo que se chamaba *Golpes Bajos*, a continuación chega un e di *Siniestro Total,* que era outro grupo. Esta é a situación na que nos atopamos, nunha situación de sinistro total ao respecto do que é o Auditorio de Vigo e o tempo que vai pasando.

¿Por que Vigo está nisto? ¿Corren malos tempos para a lírica? Non o sei. Para o que corren malos tempos continuamente é para os investimentos en Vigo. Corren malos tempos continuamente para o que é o Auditorio de Vigo, para o que son outro tipo de investimentos en Vigo, e ao final en Vigo o único que se fai é xogar con el e, dalgún xeito, plantexar continuamente proxectos que non se realizan. ¿Quen son os responsables? Pois non o sei.

Desde logo o que eu non podo chegar a comprender é que se diga que non hai diñeiro, sexa dunha administración ou sexa doutra, e que vostedes queden tan tranquilos pensando en que outra administración é a culpable, que eu non a vou defender. Porque saben vostedes que eu, ademais, coa outra administración teño unha teima especial. Coa Administración central, estea quen estea, teño unha teima especial. Eu declárome español administrativamente, nada máis. E entón teño unha teima especial con esa administración que creo que marxina realmente o noso país e que marxina incluso a cidade de Vigo.

Pero, claro, nesa situación na que nos atopamos a min preocúpame e pregúntome: ¿como é posible, señoras e señores deputados, que das partidas de incendios, programas estrela que vostedes teñen na Consellería de Medio Ambiente –e teño respostas parlamentarias neste momento no meu poder– se financien convenios de adquisición de edificios en concellos de Galiza, non se sabe se para contedores culturais, centros culturais ou simplemente para comprar por comprar? Repasen vostedes os orzamentos da Xunta de Galiza, ou a liquidación de orzamentos, e as preguntas parlamentarias e verán vostedes que coas partidas de incendios neste país se teñen financiado adquisicións de edificios. E para concellos, ademais, que lles sobran os cartos, que venden e compran edificios continuamente, que venden parcelas en 700 millóns de pesetas e resulta que compran máis edificios. E iso está nos orzamentos.

¿Por que Vigo non ten ese tratamento nos orzamentos da Xunta de Galiza? ¿Por que Vigo non entra nunha operación, e dígollo ao señor conselleiro de Política Territorial, da Lei do solo de Galiza –xa postos aquí a xogar– igual que se fai coa Lei do solo de Galiza para o tema do que serían todas as vivendas de protección oficial de promoción pública –que aí non se van facer, niso si que a ministra engana, porque esas vivendas de protección oficial e de promoción pública non se farán na zona portuaria da Coruña– para financiar o proxecto do Porto da Coruña? ¿Por que non se fai o mesmo coa zona complementaria de Vigo? Eu pregúntome: ¿por que, en vez de estar no *guerreo* total, non se trata de chegar a un acordo co Goberno central para que a zona complementaria sexa tamén cedida? E este é o sentido que ten a nosa emenda a respecto da cesión das parcelas 57 e 59 que aparecen na emenda respecto do porto.

Este é o sentido que ten. ¿Por que en vez de estar montando un *guerreo* non nos dedicamos a acabar dunha vez coa realidade virtual e nos poñemos na realidade real de negociar co Estado que esa zona tamén sirva para o financiamento, e que se chegue a un acordo coa zona complementaria? Porque ao final Vigo está servíndonos única e exclusivamente de almoeda para un xogo, o xogo electoral. E isto é o que non pode ser.

Porque, ao final, o que si é certo é que aquí, desde os anos 1990-1991, estamos co tema de Cordelerías Mar, de Casa Mar, debatendo neste Parlamento, e, señores, son dezaseis anos debatendo sobre o mesmo, dándolle voltas. Estamos enganando a toda a poboación, sexamos os que sexamos. Estamos enganando a toda a poboación. E iso é o que debería plantexarse o señor Núñez Feijóo, ese é o sentido da nosa emenda.

En definitiva, eu tería que terminar esta intervención dicindo aquilo dun que non me gusta da movida; pero, ben, parodiándoo: estano facendo moi mal, moi mal, moi mal.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Trigo.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Casares González.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados: intervención en busca dun escano. Unha deputada socialista acaba de defender unha posición claramente contraria aos intereses dos cidadáns de Vigo, unha posición que soamente responde a unha instrución, señor presidente, que tivo que ser clara e directa, que lle dá o señor Pérez Touriño a ela para que defenda, a capa e espada, calquera decisión que en Madrid tome o ministro que sexa. ¿E a cambio de que? A cambio da pervivencia parlamentaria, señoras e señores deputados.

¿Pódese aceptar que a señora Villarino veña a esta Cámara a defender unha posición contraria aos nosos intereses porque así llelo piden os que están a rebufo das decisións de Madrid? Vigo, señora Villarino, necesita ese auditorio. Vigo necesita que se cumpran os acordos pactados. E o que acontece, señora Villarino, é que a administración socialista en Madrid, co seu visto e prace e con este acto parlamentario, co seu apoio, se bota para atrás deses acordos pactados. Cousa que imos ver inmediatamente sen ningún xénero de dúbidas. Necesitan que se confirmen os compromisos acadados, dos que a súa señoría se bota para atrás.

A conclusión da súa intervención e dalgunha outra nesta materia fainos dicir sen temor a equivocarnos que non nos podemos fiar da posición da súa señoría. Porque está mantendo unha posición absolutamente servil cunha administración que está torpedeando os intereses, neste caso, da cidade de Vigo.

Vostede, nunha intervención na que en boa parte veu recordar a esta Cámara o que xa sabiamos, deixou encima da mesa algunhas perlas sobre como se vai facer esa obra; e achegando, segundo pretendía a súa señoría, un punto de vista curioso, cítanos os párkings. E, señora Villarino, seguro que na rolda de réplica vostede nos dirá, como anunciaba, cómo facía a súa señoría os párkings, porque eu non teño feito ningún, señora Villarino. Ou, se non, pregúntelle ao señor Varela, que lle está apuntando, cómo se fan os párkings noutros lugares tamén. Porque ao mellor el é o que está coordinando ese tipo de accións desde hai uns meses en toda Galicia. Vostede si sabe cómo se fan os párkings e seguro que a este humilde deputado lle explica cómo se fan os párkings.

Miren vostedes estanse rindo da xente nova e da xente que ten necesidade de vivenda con esa proposta absoluta-

mente ridícula de construír zulos de 30 metros cadrados –zulo de Zapatero– *(Pronúncianse palabras que non se perciben.),* ríndose das necesidades dos que non poden acadar unha vivenda. *(Protestas.)*

Se preguntaramos á memoria da Cámara cántas vivendas se construíron en Vigo cando vostede tiña responsabilidades de goberno, deputada Villarino, sería tan fácil como contestar que practicamente ningunha. Porque esa decisión de construír vivendas con fondos da administración de Madrid e da administración de Santiago dependía de que vostede, a administración de Vigo, puxera a disposición os terreos que non era capaz de poñer. Foron case cero cando vostede tivo esa responsabilidade de goberno.

Vostedes din que, para as mozas e mozos galegos, vivendas de 30 metros cadrados, que é a terceira parte dos metros cadrados das que fai a Xunta. Pero resulta que para a súa casa, señora Villarino, ou para a casa do señor Francisco Vázquez, alcalde da Coruña, constrúen un aparcamento ilegal de 120 metros cadrados. Para Paco Vázquez –socialista, primus inter pares– 120 metros cadrados ilegais para o seu garaxe, *para mi primo o para mi hijo, 30 metros cuadrados de mierda.* Esa é a política que vostedes practican en materia de vivenda. *(Murmurios e protestas.)*

O proceso, señor presidente, para construír o Auditorio de Vigo é un proceso que é, primeiro de todo, un proceso legal, e, en segundo lugar, señor presidente, un proceso consensuado en todos os seus extremos sen excepción.

E, en terceiro lugar, un proceso que é exactamente igual ao que se levou á práctica noutras cidades de Galicia para construír auditorios coma o de Vigo: legal, consensuado, e igual ca noutros casos.

É legal porque a Lei de contratos das administracións públicas, sobre a que a súa señoría pasa *de puntillas*, permite que estas obras se fagan con investimento privado. Di que se tutelen e controlen polas administracións públicas, e permite a construción de obras complementarias. ¿Por que vostede ve distinto un aparcamento, para que a xente poida ir ao auditorio, do propio auditorio? Veo porque a vostede lle dixeron que tiña que defender unha decisión incrible dun ministerio, que era a de non ceder parcelas para aí. E vostede, a partir de aí, é capaz de ver calquera cousa. ¿Como vai ser distinta unha obra complementaria que permite un uso da cidadanía, sexa público ou privado, se ao final o que se pretende con eses cartos, como di a lei, é que sexa máis barata a construción do auditorio ou para que teñamos que poñer menos cartos públicos? As obras complementarias axudan a financiar a obra principal.

¿En que mente o conselleiro, señora Villarino? ¿É legal ou non é legal? Tan certo coma que vostede vive de xeonllos fronte ao ministro é que isto é absolutamente legal.

Dicía que ademais de legal é un procedemento consensuado, porque foi asumido por todas as administracións públicas; e sigo un pouco máis, por todos os grupos políticos que conformaban naquel momento as distintas administracións públicas. Existía un consenso. Vostede non é que se opoña, vostede está desdicíndose do que dicía antes para salvarlle a cara a un ministro e para salvarlle a cara a Pérez Touriño.

Vostede está botándose atrás nun compromiso que ía a favor de Vigo, e non existe ningunha dúbida sobre isto. Na carta en que o socialista Carlos Príncipe, en representación do concello e do seu grupo municipal, se refería a este auditorio dicía tres cousas –a carta da opinión dos socialistas daquel momento, da que vostede renega para facerlle o caldo gordo aos que queren levar os cartos de Galicia a Cataluña–. Dicía *"Esta obra es inabordable sólo con financiación pública o sólo con financiación de la Xunta de Galicia"* o primeiro tenente de alcalde de Vigo, xefe seu que foi, e representante do seu partido. Esta era a voz dos socialistas ata que empezou a gobernar Zapatero en Madrid. Di González Príncipe: *"El proceso será de elaboración de un único concurso para la construcción, explotación y concesión del Palacio de Congresos, aparcamiento subterráneo y superficies destinadas a usos de restauración, ocio, comercio y oficinas". Pero ahora, como Pérez Touriño, Zapatero y su ministro dicen que hay que bloquear las obras de Vigo para que el Partido Popular no se aproveche politicamente, usted coge y les da la razón desdiciéndose de esta posición socialista en busca de ese escaño que su señoría tiene complicado. Y termina la carta de González Príncipe, teniente de alcalde y responsable de uno de los proyectos del Ayuntamiento de Vigo diciendo: "Para desarrollar esta iniciativa estratégica que permita el cambio de un área de la ciudad al borde de Beiramar*" *–haciendo una clara referencia al*

apoyo–. Vostede, o seu grupo parlamentario, está desdicíndose do que dicían e do que achegaban. Pero é que, ademais disto, o propio concello tomou a resolución de aprobar unha modificación puntual desa área con apoio de todos os grupos daquel concello, nun claro acto político, público, institucional, de apoio ao que estamos dicindo, á legalidade do método mixto de financiamento público e privado, á legalidade de ceder esas parcelas e a todas as actuacións que estamos defendendo. E, de repente, porque llo mandan de Madrid –mándanllo ao señor Pérez Touriño, e o señor Pérez Touriño a vostede; Rego de intermedio, se quere, porque probablemente ese é o sistema– agora defende unha posición indefendible.

Señora Villarino, o que pretendemos facer en Vigo e que vostede non quere é o mesmo que se fixo no caso do Auditorio da Coruña. Polo tanto, señoría, non só é un procedemento legal, é un procedemento no que os socialistas, os nacionalistas, os populares de Vigo, a antiga administración popular de Madrid, a administración de Portos e a Xunta de Galicia estaban de acordo. E ademais é o que estamos facendo en todos os sitios. ¿Como lle explicamos á xente de Vigo, como lle explica vostede, que estea defendendo que si se faga na Coruña e que non se faga en Vigo, que na Coruña si se pode facer, e pode haber usos mixtos, de financiamento mixto, e que en Vigo non se poida facer? Vostede despreza olimpicamente 44 millóns de euros, a vostede non lle gustan 40 millóns de euros e encántanlle os pisos de 30 metros cadrados. Fíxese no absurdo da súa posición. Non queremos 40 millóns de euros para Vigo, pero si queremos 120 metros cadrados de garaxe ilegal para o alcalde socialista da Coruña. Ese é o modelo socialista de desenvolvemento que plantexan para o caso de Vigo.

Poñer máis fondos públicos –e con isto remato, señor presidente– significa que eses fondos non se poderán empregar para outras cousas. E a operación é a cadratura do círculo de Lola Villarino. Lola Villarino di: *Ministro, te voy a salvar la cara*. Vou afundir todo o que poida os intereses da cidade de Vigo para que ningún que non sexa do meu partido tome ningún beneficio, e fágoo da seguinte maneira: primeiro vou apoiar o bloqueo, que non nos cedan as parcelas, que haxa manobras políticas, que se cometan irregularidades, que se cambien posicións, que se rompan acordos, que se desprece a opinión dos socialistas que tiveron a responsabilidade de goberno; iso por un lado. E, por outro, vou procurar que metan todos os cartos do mundo, non só o que custa o auditorio, senón o dobre, para que non haxa cartos nin para a depuradora nin para este acceso nin para outro acceso nin para fondos directos para o concello. Vostede acaba de escenificar unha operación na que contribúe coa Administración central do Estado ao que se está a chamar "o bloqueo a Galicia por parte da Administración do Estado" E vostede, penso eu, faino a cambio dun prato de lentellas, señora deputada. Isto é simplemente inaceptable. *(Aplausos.)*

Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Casares.

Ten a palabra a señora Villarino para o seu posicionamento respecto das emendas.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Señor presidente, por alusións de carácter persoal, espero que non me conte o tempo mentres defendo a miña honorabilidade como deputada.

Señor Casares, lamento moito ter que entrar no terreo persoal, pero, xa que entrou vostede, vou ter que entrar. Mire, se nesta Cámara hai alguén que está intentando facer un oco nas listas do seu partido é vostede, como acaba de demostrar aquí. Estou segura, non teño ningunha dúbida, de que vostede non ten nin o 0,01% do respecto do seu grupo respecto do que teño eu. Aínda que pareza inmodestia dicilo. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, señor Casares, vostede non ten un currículo profesional e persoal coma o meu para poder vivir mellor do que vivo como deputada fóra da política. Vostede non o ten.

Polo tanto, lamento moito ter que entrar dentro do terreo persoal. *Usted es un don nadie que está viviendo de la política. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) A mi no hables en ese tono, Pita, que no te lo consiento. (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Por favor, non dialoguen.

A señora VILLARINO SANTIAGO: *No me hables en ese tono que no te lo consiento*.

Que non me falten a min ao respecto.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, señora Villarino.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Señor presidente, se aínda é vostede o presidente da Cámara..., porque visto que aquí lle dan instrucións de que non me poida defender como deputada e que non me conte o tempo... ¡*A ver si calláis, hombre*, *que parecéis*..., *a ver si calláis*!

Señor Casares, eu de xeonllos non estiven nin diante de Franco, nin diante de Fraga, nin diante do señor Cuíña, nin diante de ninguén. Hai xente á que respecto. De xeonllos, diante de ninguén. Vostede, que é un saltimbanqui, que o vimos pasar dunha póla á outra, talvez agora ande de *rodillas*. Poña as *rodilleiras* nos pantalóns, ou, o que é mellor, que aínda é mozo: dignidade, señor Casares, respéctese a si mesmo.

En relación co auditorio, señor Trigo, non lle podo aceptar –vaime entender– a súa emenda, porque sei ben na dirección na que o fai. Pero tendo en conta que no complexo o que se van facer fundamentalmente son dotacións privadas, e tendo en conta –que isto si que non o conta o Partido Popular– que a señora Corina Porro valoraba en 3,5 millóns de euros a parte destinada á parte privada e que a Autoridade Portuaria –tamén do Partido Popular– llo valora en 3,9 –e non dixen nada–, supoño que ese debe de ser o prezo razoable desa parcela. É razoable tendo en conta que está nunha zona das máis principais de Vigo; co cal entendo que se está a facer unha valoración de complementariedade dunha dotación pública e non unha valoración estritamente privada. Nós, os socialistas, e eu en concreto, que fun concelleira en Vigo, sabemos moi ben dos atrancos dos investimentos en Vigo. E sempre foi porque aquí leva o Partido Popular dezaseis anos. É o medo a esa cidade, porque, se non, non se explica. Pero cando falo de medo a esa cidade e de falta de respecto, os gobernos de Fraga non respectaron nin os alcaldes socialistas, nin os nacionalistas nin os populares. Non houbo máis desprezo aos alcaldes de Vigo que o que lle fixeron a Manolo Pérez, con maioría absoluta e membro do Partido Popular. É un desprezo sistemático á cidade de Vigo. E non se pode saír aquí intentando defender *los intereses de la cantera* e dicir que o modelo de auditorio da Coruña pode ser o modelo de Vigo. Pois non, porque na Coruña é o terceiro e en Vigo será o primeiro. E o que teñen que explicar vostedes é que non son 40 millóns de euros, señor Casares –lea, non son 40, son 18 os que vai poñer a Xunta, só vai poñer 18–, é que os 12,8 millóns de euros que tería que poñer a Xunta a maiores para que todo o financiamento fose público é menos do que van gastar vostedes en publicidade e propaganda este ano. Xa lles digo, van gastar vostedes máis de 60 millóns de euros en publicidade e propaganda desde aquí ata outubro. Hai cartos públicos para propaganda do Partido Popular, empezando polo señor conselleiro de Pesca que acaba de facer un libro que *manda fuerza en la Habana*. Estamos dicindo que a Xunta de Galicia invista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO:... –xa remato, señor presidente– 50 millóns de euros. ¿Por que? Iso sábeno vostedes moi ben. Porque se logo sae a concesión, a explotación do Pazo de Congresos e do Auditorio... (*Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Está aquí o pallaso de sempre. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Si, pallaso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Pero ¿pódelle dicir a este señor, que me parece que é conselleiro, que estea calado? A ver se é posible que garde a compostura minimamente nun estrado.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Xa remato, se me deixa dicir o que quero dicir.

O feito de que o financiamento público sexa maior ou menor significa que, despois, na concesión, haberá máis días de programación pública e menos días de programación privada, que haberá máis uso público desas instalacións e menos privado. Esa é a diferencia entre que se financie con fondos públicos ou que se financie con fondos privados. Pero vostedes diso non queren oír falar, porque para vostedes o público *es para sus amigos, y lo privado también*.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Villarino.

Se ocupan os seus escanos, procedemos a votar a proposición non de lei tal e como foi formulada polo Grupo Parlamentario Socialista.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia queda rexeitada a proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia sobre a remisión polo Goberno galego dun plan integral de recuperación, saneamento e ordenación do espazo global das rías galegas para o seu debate e aprobación no Parlamento

O señor PRESIDENTE: Hai presentada unha emenda polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Francisco Trigo Durán, ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda.

"Emenda de adición.

Débese engadir ao final da parte resolutiva un novo punto:

'O Parlamento insta a Xunta de Galiza a presentar unha avaliación do Plano de Saneamento e Abastecemento de Galiza 2000-2015, ao obxecto de acortar os prazos dotándoo dos recursos extraordinarios necesarios'.")

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Villarino Santiago.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Esta é unha proposición non de lei que temos presentada desde agosto do 2004. Naquel momento presentarámola como urxente e logo fixemos outras iniciativas, pero segue estando agora moi en primeiro plano.

En primeiro lugar, agradézolle ao señor conselleiro a súa presenza aquí. Nós diciamos, e creo que iso o compartimos todos, que o sistema das rías galegas –e nós dicímolo sempre–,ademais dunha riqueza desde o punto de vista medioambiental e desde o punto de vista dos recursos, como fonte de recursos económicos, é un sinal de identidade de todos os galegos. Vostedes saben seguramente que, como consecuencia da catástrofe do *Prestige,* se puxo en primeiro plano a valoración que os cidadáns facemos dos nosos propios recursos, a valoración que os cidadáns facemos, neste caso, do noso medio ambiente ou das nosas rías. É un modelo de cuantificación económica do que vale iso para os cidadáns que se iniciou co *Exxon Valdez* e que, por certo, en Galicia tería que facelo a Xunta de Galicia con motivo da catástrofe do *Prestige* e non o fixo.

Polo tanto, quero dicir que as rías galegas, ademais dun elemento importante que promove riqueza tanto desde o punto de vista pesqueiro como turístico como de todo tipo, teñen esa riqueza que valoramos todos os galegos. Normalmente hai unha serie de modelos, e un deles é que se lle pregunte á cidadanía cánto pagaría vostede para que isto estivese mellor. E seguramente o señor conselleiro coñece o modelo, porque é dun Premio Nobel.

O sorprendente debería de ser –aínda que neste caso xa non nos sorprende– que, despois de dezaseis anos de goberno do Partido Popular, este tesouro prezado, que son as rías de Galicia, sigan sen ter unha ordenación do litoral, de usos, de preservación, de conservación e de xestión sostible. Levan dezaseis anos e unha das xoias do país, das nosas xoias, non mereceu o interese mínimo de planificación por parte da Xunta de Galicia, por parte do Goberno do Partido Popular.

Onte falabamos do abastecemento público, pois hoxe hai que falar de saneamento, na medida en que nós propoñemos un plan integral de recuperación, saneamento e ordenación de espazos globais das rías galegas. Pois hoxe ao falar de saneamento hai que dicir, ao facer o balance, que, despois de dezaseis anos de goberno do Partido Popular, o 52% da cidadanía non ten servizo público de saneamento e depuracións de augas. É dicir, más de 1.300.000 galegos, século XXI,

dezaseis anos de goberno do Partido Popular, fondos europeos para actuacións mediambientais e fondos de cohesión, e seguimos practicamente a metade da poboación sen saneamento e depuración de auga públicos.

Por certo, somos a Comunidade Autónoma que depura, que trata, a menor porcentaxe de augas residuais. O plan de saneamento que ten o señor conselleiro, un plan máis, como se comprobou o outro día –primeiro non coñecía o hidroló-xico, pero este supoñemos que si, calculamos que si, vaime permitir que me quite as gafas que, se non, non vexo ben–, respecto do cumprimento da directiva di: A Coruña-Bens, ría da Coruña, non cumpre. Como saben vostedes, estase a adxudicar agora a depuradora. Baiona, ría de Baiona, non cumpre. Ría de Ortigueira, non cumpre, polo que ten que ver cos contaminantes que verten ás rías. Ría de Cedeira, non cumpre. Ría de Muros e Noia, non cumpre. Ría de Ares-Betanzos, non cumpre. Ría de Vigo, non cumpre. Ría de Camariñas, non cumpre. Ría de Arousa, non cumpre. A zona da costa da Coruña é un escándalo. Zona de Ferrol, non cumpre. Ría de Viveiro, non cumpre. Ría de Ortigueira, non cumpre. Ría de Pontevedra, non cumpre. Zona da costa de Lugo, Burela, non cumpre. E así ata o infinito. É dicir, dezaseis anos de goberno do Partido Popular, cunha directiva que tiñan que estar cumprindo desde o ano 1991, e estamos no 2005 e non se cumpre. Claro, neste plan, coma sempre, porque aquí do que se trata é da propaganda, todo o que non fixeron ata o ano 2005 din que o van facer todo xunto no 2005. ¡Ata aí poderiamos chegar! Total, que esta é a situación que nos deixan, e, por outra parte, quero recordarlles señores do Partido Popular, señor conselleiro, que, de acordo coa *Ley de preservación de las aguas*, no prazo de tres anos fanse vostedes cargo, e declaran de interese xeral, no artigo 9, a depuración e o tratamento das augas residuais. A Xunta de Galicia é a administración xestora deste servizo público, e di que en tres anos se xestionarán todos os tratamentos e depuracións de augas ou ben de xeito directo, a través de Augas de Galicia e de Obras e Servicios Hidráulicos, ou ben en concerto cos concellos, aos que lles trasladarán a xestión deste servizo.

A min gustaríame que nalgún momento nos explicaran que levan feito diso, porque a lei é do 2001 e estamos no 2005. ¡Cero patatero! Pero por ser emblemático imos falar de como fixeron as cousas en dezaseis anos, e imos falar do que pasou coa depuradora de Vigo *por aquello del escaño*.

A depuradora de Vigo adxudicouna o Goberno presidido por un socialista, Fernando González Laxe. No ano 1994, o mesmo responsable que está agora en Augas de Galicia, ou sexa, o señor García Gallego, díxolle a esta humilde deputada, naquel momento concelleira do Concello de Vigo: "Cos cartos que hai non chega para facer unha depurada de verdade, imos facer unha depuradora con menos capacidade e con menos requirimento de tratamento". Fixeron un bodrio de depuradora *–si, tengo los informes, compañero Barreiro–*, e xa no ano 1997 e 1998, cando rematada a obra a Xunta de Galicia lla quixo transferir ao concello, a empresa concesionaria naquel momento –e era alcalde o señor Pérez– díxolle que non se podía recibir, que non funcionaba a depuradora. En primeiro lugar, non separaron as augas pluviais das residuais, co cal, se xa a capacidade da depuradora non era suficiente para Vigo, *échale más agua*; non funcionaba; arrastraba area, como se segue dicindo agora; á parte dos olores, o tratamento biolóxico, como vostedes saben, é do 25%, e non ten capacidade suficiente para tratar as augas residuais.

Xa naquel momento, insisto, había un informe que desaconsellaba que se recibira esa depuradora, polo que se dá un ano de provisional e despois dese ano recíbese sen que haxa un recibimento formal. Pero no ano 1999, é dicir, recibida esa depuradora deficitaria, di o informe de Novotec, que é unha auditoría encargada polo Concello de Vigo: "O 18 de novembro de 1999 principiaron as obras do proxecto de ampliación e de mellora da EDAR". Ao mesmo tempo que se recibe, ten que ser co compromiso de que se mellore e de que se amplíe unha obra nin sequera recepcionada. E desde aquela é todo un cúmulo de despropósitos. De aí que agora apareza o señor conselleiro, o señor Barreiro, a dicir que se esqueceu en 1997 o Goberno da Xunta de pedir o interese xeral da depuradora de Vigo, porque claro, era unha contradición, estaba entregándose unha depuradora e non se podía dicir que había que facer outra. ¿Entón a que vén agora esa movida de que queremos que sexa de interese xeral? *Y nosotros tambien*. Pero primeiro teñen que dicir vostedes que tiraron 4.000 millóns de pesetas aí, que fixeron un bodrio, e que agora están plantexando unha segunda depuradora –por certo, co dobre de capacidade da que hai– para pechar a primeira. Esa é a crúa realidade.

¿É unha excepción a depuradora de Vigo? En absoluto. Non hai máis que percorrer o país para ver que algunhas

depuradoras non entraron a funcionar nunca, ¡na vida!, outras non funcionan, e a maior parte delas están abandonadas.

O balance do que fixeron vostedes en depuración de augas é a depuradora de Vigo. Fixeron un bodrio e agora pretenden facer –e haberá que facela, sen dúbida ningunha–...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Remate, señora Villarino, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO:... unha depuradora de verdade –pero farémola nós, señor Barreiro, vostedes non están capacitados para iso–, e haberá que pechar a primeira. Porque mire, o mesmo que fixo ese bodrio é o que ten vostede agora á fronte de Augas de Galicia, e, se o deixamos, fará o segundo bodrio; non sei con que beneficios, pero, para a cidade de Vigo, con beneficios cero.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas gracias, señora Villarino.

Para a defensa da emenda presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Moitas grazas, señora presidenta.

Vou seguir coa brincadeira, porque non me resisto a non seguir, non me resisto. "*Santiago cuenta con 120 minipisos de entre 19 y 30 metros cuadrados. Estas viviendas suponen el 0,2% del total y no llegan ni siquiera a la superficie que propone el Gobierno para readaptar la oferta de VPO. La mayor parte se oferta en alquiler, y hay al menos 60 en la bolsa del Instituto Galego da Vivenda e Solo*". Isto é de hoxe. Hai que ser máis serios, hai que ser máis cabais nunha cuestión na que se está a falar de vivenda. Hai que ser máis serios. Non, eu son un técnico, eu estou nestas cousas, e a min preocúpame moito. Isto como chiste paréceme marabilloso, e vólvollo repetir, eu onte pasei un tempo divertidísimo coa Radio Galega, tanto é así que pedín a gravación do programa para mandalo ao meu colexio profesional e rirnos un pouco, porque é bo rirse ata dun mesmo, porque cando un ten a capacidade de rirse dun mesmo, está vivo. Pero, claro, iso é unha cousa e outra é falar aquí do gueto de Varsovia sen o máis mínimo respecto polas persoas que estiveron no gueto de Varsovia e por outra serie de cousas. Iso é unha cousa que non se pode facer. Non falen da vivenda como falan, porque o problema da vivenda está aí e non se dá resolto. Entón, permítanme a brincadeira, marchou a periodista que dicía que brincara, a periodista metida a política, en fin. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Pita, eu son altamente respectuoso, retiro o de meterme con esa señora. Procurarei selo con vostede, séxao vostede tamén comigo. Non estea vostede de defensor, parece vostede Lanzarote.

Imos entrar na cuestión do saneamento. Levo insistindo neste Parlamento, e levamos insistindo desde o Bloque Nacionalista Galego, na necesidade do saneamento das rías galegas, na necesidade do saneamento do noso país, na necesidade de que haxa abastecemento, porque non se pode falar de saneamento sen falar ao mesmo tempo de abastecemento, porque son dúas cousas que van concatenadas, e no mundo actual, no que as administracións demostran moitas veces a incapacidade económica para levar adiante determinado tipo de actuacións, é necesario máis ca nunca falar diso. ¿Por que? Porque as concesións de saneamento e de abastecemento conxuntas están dando lugar a unha serie de disfuncións importantísimas no que é o saneamento e o abastecemento no país.

A Xunta de Galiza, levada por un plantexamento de responsabilidade, aínda que sexa tarde, fai no seu momento e aproba un plano de saneamento do país, pero tardío. Eu a moitas señorías das que están aquí recomendaríalles que miraran os diarios de sesións deste Parlamento e que incluso leran as comparecencias de conselleiros que tiveron responsabilidade sobre isto. Se leran a primeira comparecencia do conselleiro de Política Territorial –daquela de Ordenación do Territorio e de Obras Públicas– a respecto do que sería o seu plano no programa de goberno do Goberno Fraga do ano 1990, verían que este era o obxectivo principal que se marcaba a consellería: o saneamento e o abastecemento no país. Posteriormente, dez anos despois hai que aprobar un plano de saneamento para que estea rematado no ano 2015. Como dixen onte, falábase de cantidades que se achegaban aos dous centos e pico mil millóns de pesetas. Como dixen onte tamén, non parece que ao final sexa un tema de preocupación, porque no famoso Plano Galiza no que se está a

falar das rías, do mar, etc., a ninguén se lle ocorre, nin se lle ocorre ao Goberno da Xunta de Galiza, falar co goberno amigo de Aznar para que no plano se contemplara tamén o acurtamento de todos os prazos e aparecera diñeiro para investir.

Antes, os deputados do Bloque Nacionalista Galego neste Parlamento denunciamos que a Xunta de Galiza chegou á situación de pagar financiamentos que non lle correspondían, financiamentos que tiñan que ser do Estado ou da Unión Europea, e nese tempo estaba o Partido Popular no Goberno. Recórdolles os 10.000 millóns de pesetas que a Xunta de Galiza se comprometeu a pagar para o saneamento da ría de Ferrol cando non lle correspondían á Xunta de Galiza. Son espléndidos no regalo de diñeiro.

É evidente que esta situación quere dicir que o saneamento é unha cuestión recorrente e que, se un analizase realmente se houbo prioridade ou non por parte da Xunta de Galiza collendo todos os investimentos que se fixeron ao longo destes anos –porque hai que dar contas diso–, veriamos que realmente os investimentos non tiveron nin prioridade nin calidade, o que se di calidade.

Dicía antes a deputada que me precedeu no uso da palabra que había que falar de tratamentos separativos e da cuestión separativa. A calidade en Galiza obrigaba a que non se fixera todo o que se leva facendo en canto a depuradoras, depuradoras que non funcionan porque non hai sistema separativo. Nun país onde chove, aínda que haxa seca tamén, e no que hai grandes avenidas de auga, porque o noso solo, debido á zona climática na que estamos, non é un solo que absorba auga rapidamente senón que moita se despraza cara ao mar e cara aos ríos, é evidente que iso orixina que as depuradoras non funcionen se non hai sistema separativo, e a maior parte das protestas que fan mariscadores, mariscadoras ou cidadáns respecto das rías é porque as depuradoras a maior parte das veces durante o inverno non funcionan, e ¡chorro libre sobre a ría sen depurar! Algo fallou no sistema en canto á calidade do que se facía.

Por iso é necesario que, independentemente dun plano presentado aquí hai tres meses, se faga unha avaliación real de todo o que se leva feito para coñecer se realmente levamos executado algo que pague a pena seguir realizando ou se cómpre empezar a falar doutro sistema, e isto é necesario facelo. Por iso a nosa emenda pretende que se faga unha avaliación dese plano, unha avaliación que incluso non ten o problema político, porque é unha cuestión simplemente técnica: avaliar a onde foron os investimentos, como foron os investimentos, e se eses investimentos teñen unha calidade importante. Calquera veciño do concello da Estrada, calquera veciño que viva na aldea de Lagartóns, collería a Xunta de Galiza e faríalle algo aos seus responsables, porque é insoportable estar ao lado ou vivir ao lado de onde está a depuradora de Lagartóns. Hai fábricas de cheiro por este país, e hai fábricas de non funcionamento que non son só celulosas, que tamén son depuradoras con mala calidade.

Dean vostedes unha volta polas depuradoras que funcionan neste país, polas que están instaladas, e verán vostedes que é unha desgraza o que se leva feito. Verán vostedes que realmente hai unha situación de non calidade, hai unha situación de mal deseño, de mala concepción e, ao mesmo tempo, de falta de investimentos. Collan vostedes e vaian a puntos importantes do país, por exemplo, á ría de Ferrol. ¿Cantas veces falamos da ría de Ferrol aquí, de que ía estar saneada? ¿Cantas veces? Vaian vostedes a zonas de ríos, como pode ser o Miño. Falemos do Miño ao seu paso polas cidades de Ourense e Lugo; falemos desas cuestións. ¿Cantas veces falamos diso neste Parlamento? Todas as cousas están sen facer, e é necesario avaliar e responder. É necesario porque o país o demanda, e o país está demandando que realmente, no plano de abastecemento e saneamento, se recorten os prazos.

Hai aí agora uns rapaces escoitándonos. Eses rapaces teñen que saber, por exemplo, que en relación con algo que a eles lles gusta, como o medio ambiente e que a depuración funcione, hai un plano da Xunta de Galiza polo que ata o ano 2015 Galiza non estará saneada. ¿Por que? Pero en cambio a eses rapaces diranlles: Non vos preocupar. Se viven nunha aldea, diranlles: Mirade, todas as pistas están asfaltadas, todos os camiños están asfaltados, ata o monte se vai asfaltar. ¿E todo ese diñeiro tirado non sería moito mellor empregalo en saneamento e en abastecemento para que se puidera abrir unha billa e a auga non estivese contaminada? ¿Non sería mellor que cando fosen pola beira dun río non se viran –como se ve desde hai anos– tubos que van botando e botando e non se sabe o que botan? ¿Sería mellor que iso estivese solucionado ou chapapote a eito por canto camiño exista neste país? Esta é a reflexión que hai que facer.

Por iso a nosa emenda pretende claramente que se avalíe ese plano. E avaliar ese plano vai significar tamén unha cuestión importante, que o Plano Galiza quede no ridículo de non haberse preocupado de algo que neste país é vital para o desenvolvemento económico, que é vital para o desenvolvemento do marisqueo, que é vital para o desenvolvemento das nosas rías, que é vital, en definitiva, tamén para todo o campo. Se isto non ten importancia, se isto non ten interese, pois estámosche aquí para ver se cando falamos de medio ambiente falamos diso ou doutra cousa, como a brincadeira que eu fixen –que ao mellor non debería facer tampouco– sobre os *pisitos* de 35 metros cadrados ou de 30 metros cadrados da ministra. Isto é un chiste, pero, claro, se isto fose así, a realidade...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Remate, por favor, señor Trigo.

O señor TRIGO DURÁN:... sería outra. Pero estamos na realidade virtual, xa o dixen antes, e na xeometría descritiva hai que concibir un punto, dous puntos, unha recta no espazo e non unicamente o plano do que é o eixe das abscisas e ordenadas. Hai algo máis, hai espazo, e o espazo é realidade, mais non virtual senón algo tanxible, e o tanxible é que neste momento o saneamento do noso país leva un atraso enorme que hai que solucionar e conseguir que non siga existindo.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señor Trigo.

Para fixar o posicionamento do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Casares González.

O señor CASARES GONZÁLEZ: Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Vaia, señora Villarino, compartiremos uns minutos máis de debate, vostede en representación de Madrid e eu en representación do meu grupo parlamentario. Vostede non trae a esta Cámara unha iniciativa nova, esta iniciativa é de Miguel Cortizo, do ex deputado, actualmente alto cargo da Administración de Madrid, ata o 99%. É dicir, a señora Villarino colleu unha antiga iniciativa que, por suposto, non era dela senón doutra persoa que nestes asuntos sabía máis e presentouna, pero cambiou o final. Polo tanto, claro, señora presidenta, non é a cento por cento a iniciativa de Cortizo a que defendeu Lola Villarino, é o 99%, porque hai un 5% desa iniciativa que é a expresión gráfica, señorías, de como Lola Villarino ten a misión de defender a *ultranza* a Madrid. Hai unha cousa nova, e é que acaba de defender –despois de dicir que era fantástico que Madrid non nos cedera as parcelas para o auditorio de Vigo–, acaba de dicir, que é fantástico que Madrid non conteste á declaración de obra de interese xeral da depuradora de Vigo, ou o que é o mesmo, está defendendo que Madrid non consiga cartos para que en Vigo fagamos a segunda fase dun sistema de depuración no que o primeiro funciona. Claro, vostede vai pouco por alí; ao mellor vai pouco por alí porque non lles gusta aos de alí que vostede vaia por alí. En calquera caso, o que pretendo con este tipo de aseveracións tan contundentes, e o que pretendiamos antes, era que a súa señoría cambiara de opinión.

O malo non é que vostede pretenda comer, o malo é que pretenda comer a custa do futuro da miña filla, señora Villarino, ese é o problema. Eu son o primeiro parlamentario que *disfruto* con esta laboura e que teño manifestado en tempos pretéritos a miña ilusión por ser representante neste Parlamento. Eu quero ser deputado, pero non a custa da miña filla, señora Villarino, non defendendo calquera cousa, non defendendo calquera posición, e menos se son posicións totalmente contrarias ás que lle interesan ao común dos cidadáns de Galicia.

Non sorprende que a súa señoría se refira en termos despectivos a algún deputado, en todo caso é a súa opinión e, polo tanto, hai que respectala. Non nos sorprende, porque vostede en Vigo, cando era concelleira, pasaba por ser unha persoa que falaba mal continuamente dos seus compañeiros de corporación, é a etiqueta que a súa señoría ten alí. Digo xentileza por xentileza. Dicían que Villarino é incapaz de dar unha opinión cordial dun compañeiro; dun adversario pode ser, dun compañeiro... Vostede acábame de igualar, con esas declaracións, aos seus compañeiros, dos que habitualmente fala mal, e iso hónrame porque está claro que me considera mais próximo a min que a outros deputados, polo tanto, acepto esa parte honrosa. E atrévome a darlle un consello, aínda que vostede é bastante maior ca min, que ten títulos que eu efectivamente non teño, e que iso á súa señoría lle

produce unha enorme satisfacción porque a coloca por riba das capacidades que ten este deputado e a sinala como unha *primus inter pares*: que ten que sacudir certo *polvillo* rancio que ten a súa señoría.

Hai cuestións que se aprenden cando un é moi, moi pequeniño, que non se adquiren nos títulos, que non se adquiren pasando por determinadas circunstancias, que están na esencia das persoas e que ademais en Galicia son moi abondosas, que é o saber estar e a elegancia no comportamento, sobre todo cando un se ten que manifestar en termos extraordinariamente duros, porque a elegancia non está só nas palabras, está nas posicións. Elegante é defender o que nos é propio; elegante, en termos políticos e parlamentarios, é reclamar o que nos corresponde; elegante é ser meridianamente claro cando se afirma unha posición; e elegante é, en termos parlamentarios, denunciar aqueles ou aquelas situacións que van contra os nosos intereses, contra o futuro da miña filla e da filla de toda esta xente que está aquí. Polo tanto, vostede, señora Villarino, cinco veces deixou de ser elegante nesta sesión. Iso non llo dan na universidade. O señor Barreiro é elegante polo que acabo de dicir, non porque sexa catedrático na materia na que vostede apenas chegou a ser un doctor de entre os centos deles que hai neste país. E sobre a cuestión última, das necesidades que un ten, señora Villarino, non é tampouco elegante na Cámara, falando de grupos ou de compañeiros, referirse á súa situación pecuniaria ou profesional en relación coa súa capacidade de subsistencia; iso non é elegante, pero ao mellor vostede cre que ese é o camiño.

Señora Villarino, a diferenza da súa señoría –paréceme, non o podo asegurar con certeza–, os ingresos deste deputado –isto é fácil de comprobar– son superiores na súa actividade profesional, que efectivamente foi moi breve, aos da súa señoría. Vostede é unha profesora de universidade e paréceme que non cobra o mesmo que cobra nesta Cámara. Vostede a iso dálle certa importancia, pero quero que saiba unha cousa, señora deputada, no traballo que vén facendo a miña familia desde hai moito tempo, como moitísima xente noutro lugar, neste momento hai case 450 persoas traballando con nós en todo este país, case 450 persoas que traballan con nós. É verdade que moitos deles son humildes traballadores, porque fan un traballo sinxelo e humilde, pero iso ata o de agora neste país era dalgún mérito.

Faltan ideas nesta proposición, porque non é súa, porque vostede a colleu para defender o que están facendo en Madrid, para poñer a venda antes da ferida, porque sabe que esa depuradora non vai ser declarada de interese xeral, e, polo tanto, faltan esas ideas. Pero é que a exposición de motivos está mal fundada e ten que vir un emendante –porque é obrigado– a colocar, desde o seu punto de vista, as cousas onde deben estar. Porque onde para vostede non existe nada, para outros deputados hai un problema e non están ben as cousas, hai falta de calidade. Vostede tirou todo polo chan e fixo *tabula rasa* disto, e o grupo emendante, nun discurso completamente distinto, falou de como están as cousas desde o seu punto de vista, co que, efectivamente, non concordamos.

Basearse na desatención, en que non hai ningunha remisión na súa intervención nin aos plans nin aos programas en marcha, ou un descoñecemento palmario da situación do saneamento, deixa ben ás claras cal era a intención das súas señorías. ¿A vostede que lle parece, señora Villarino, a atención que reciben as rías en materia ambiental desde o punto de vista lexislativo? ¿Cales son as reformas que plantexaría en sede parlamentaria para modificar o que vostede di, sen enunciar que está mal? ¿E en protección urbanística, cousa que a súa señoría coñece bastante, que reformas faría? ¿Que lle parecen os debates que ten tido o seu grupo parlamentario co noso sobre materia de protección urbanística? E en recursos pesqueiros, ¿que lle parece a sucesión de debates que a súa compañeira portavoz nesta materia, xunto cos nosos portavoces, veñen defendendo sobre o marisqueo, a calidade das augas, a ordenación dos cultivos mariños ou as novas técnicas? ¿Que lle parece? Non hai nin unha soa reflexión nin unha soa palabra sobre isto, o que confirma que vostede veu defender a posición do ministerio, que é unha posición de que non fagamos algunhas depuradoras en Galicia, de que non nos dean cartos para unha depuradora en Galicia.

Vostede non pode dicir que hai falta de planificación cando hai un Plan de saneamento de Galicia. Diga que non está ben, diga en que falla, porque hai deputados nesta Cámara, que non son da maioría parlamentaria, que din que o que se necesita é que sexa máis curto, están plantexando unha proposta.

Señor Trigo, necesitamos que se cumpra. A cuestión non é que vaiamos máis rápido do que imos, e agora veremos

como se está apretando, como se está forzando, a máquina para cumprir eses prazos. Creo que o problema non é ese, senón que o problema é que se cumpra e, por suposto, que se cumpra con calidade. Que o resultado da avaliación da calidade das augas sexa proporcional ao que estamos investindo e ás infraestruturas que estamos facendo. Non imos facer infraestruturas para que a calidade das augas siga sendo a mesma, senón para que a calidade das augas mellore. Pero para vostede isto non existe, e é a propia oposición a que lle dá un punto de vista completamente distinto. Insisto, non existe porque ese non era o motivo da súa intervención.

Das 190 depuradoras construídas e das 25 en execución a súa señoría non refire nada. E se comparamos como estamos cos nosos veciños, eu póñolle un exemplo para que vostede, se quere, o utilice para apuntalar a súa intervención e así poida ter un punto de apoio ambiental, que non o tivo. O 85% das augas residuais recollidas en Galicia son tratadas, e en Asturias é o 37% destas augas as que son tratadas. ¿Por que hai situacións tan distintas? ¿Que aquí sexa o 85% e os nosos veciños asturianos estean no trinta e tantos significa que aquí non se fan as cousas? Isto é sinxelamente insostible.

O que necesitamos en termos políticos –e con isto remato este debate, señora presidenta–, o que necesita a Cámara neste momento, é denunciar unha gravísima situación en termos políticos que se está dando coa cuestión da depuración. E é por que a Administración de Madrid, á que vostede apoia incondicionalmente –e, insisto, a cambio do que dixen, contra o interese dos galegos–, non quere declarar de interese xeral a continuación das obras da depuradora de Vigo, o que está obrigando a que a Xunta, cos seus propios cartos, tire para adiante co proxecto, porque o que non vai facer a Xunta é deixar de facer as cousas porque haxa un bloqueo da Administración de Madrid. ¿Por que vostede defende esta posición? Pero ocórrelles o mesmo aos de Ribeira con outra depuradora que tampouco se quere declarar. Estalles ocorrendo exactamente o mesmo.

Vostede en trinta minutos de intervención, entre esta e a anterior, vén de defender –e estas son as últimas palabras, señora presidenta– que Madrid bloquee actuacións no Concello de Vigo, que Madrid non ceda gratuitamente dúas parcelas para poder facer o auditorio –deféndeo Lola Villarino e deféndeno os socialistas na casa do Hórreo– e que Madrid non declare de interese xeral e, polo tanto, non consiga cartos de Europa para poder construír de inmediato a segunda fase da depuradora de Vigo, cousa que é imprescindible. Esa é a firma, a sinatura, do seu carné de identidade, señora Villarino.

Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Casares.

Rolda de posicionamento respecto das emendas. *(Pausa.)*

Ten a palabra a señora Villarino Santiago polo Grupo Parlamentario Socialista.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Trigo, vou aceptar a emenda.

Mire, señor Casares, xa vexo que vostede, para sudar a súa camiseta inicia a segunda fase de ataque do que vai facer o Grupo Parlamentario Popular neste Parlamento, que é o pretendido ataque persoal aos deputados. Comigo dá vostede en óso.

En primeiro lugar, voulle dicir unha cousa, eu son tan representante dos cidadáns galegos coma vostede, cunha diferenza: que non lle debo o meu posto de deputada a ninguén e vostede si. *(Murmurios.)* A ninguén, nas listas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Aos galegos, por suposto, pero non nas listas.

En segundo lugar, señor Casares, está vostede mal informado, e eu, desde logo, non vou facer aquí –como dicirlle– ostentación da miña carreira profesional; está vostede mal informado, infórmese ben. O que si non lle nego é que vostede é fillo dunha familia ben e eu son filla dunha familia de traballadores, iso non llo nego. E a elegancia demóstrase precisamente niso, en que vostede saíu aquí intentando atacarme a nivel persoal, e agora insiste, e equivócase, vostede sabe que se equivoca, e vostede sabe que o que di non é certo. Pero, en todo caso, deixando a cuestión persoal, que no seu caso a verdade é que é tan fácil o flanco que non vale a pena nin insistir, imos ir ao que importa.

Mire, en primeiro lugar, seremos nós, os socialistas, os que faremos o auditorio de Vigo e os que faremos a depuradora de Vigo, sen ningunha dúbida. E no caso da depuradora chove sobre mollado: adxudicamos a primeira e adxudicaremos a segunda. Porque o que non din o señor Casares nin o señor conselleiro cando van a Vigo a facer declaracións, o que non di o señor conselleiro, é que *gobernando el Partido Popular en Galicia con mayoría absoluta* solicitaron as obras que consideraron oportunas de interese xeral –xa o dixen antes–, e nesas obras non estaba, obviamente, a depuradora de Vigo. Estaba a mellora do saneamento de Lugo, declarado de interese xeral; a mellora do saneamento de Ourense; a depuradora da Coruña e a depuradora de Ferrol.

Por certo, aquilo que se comprobou no Pleno anterior, que o señor conselleiro descoñecía, de Lugo, foi adxudicado xa á obra de abastecemento de Lugo, de 34 millóns de euros, polo Goberno de España. Iso preocúpalles. Vostedes, como o que é bo para o país consideran que é malo para o Partido Popular, están dispostos a entorpecer todo aquilo que signifique mellora para os cidadáns de Galicia, e equivócanse.

Mire, coa mentira masiva, coa manipulación masiva e coa utilización masiva dos medios de comunicación non foron quen hai un ano de enganar a once millóns de cidadáns; tampouco os van enganar en outubro. Non se poñan nerviosos, a democracia é a alternancia e o respecto polo adversario, non é iso que vén facer aquí o señor Casares: *O estás conmigo o, si lo que digo yo no es, estás en contra de los gallegos o en contra de Galicia*. Iso fano os fascistas, non os demócratas. Si, iso dicíao Franco: "*España y los anti España*" *(Interrupcións.) Si, claro, Manolita, es que sabeis mucho, sabeis demasiado de eso*.

Entón, o que si é verdade *–y no os pongais nerviosos– (Murmurios.)* é que non hai un plan de xestión nin de conservación das rías galegas. ¿Ou haino, señor conselleiro? ¡Non o hai, señor conselleiro! ¿É certo que levan vostedes dezaseis anos gobernando? Si, señor. Mire, os datos que lle din eu das depuradoras que non cumpren son do seu plan, se quere pásollos; eu nunca digo nada gratis. Como di o señor Casares, ao mellor vou pouco a Vigo, pero leo moito *(Murmurios.),* e todo o que digo aquí está sustentado en documentación da Xunta de Galicia, ¡miren vostedes por onde! Todo o que lin aquí ten que ver coa documentación que ten vostede na súa consellería. Claro, teñen vostedes este afán de plans que non se cumpren. Normalmente os plans teñen ao principio unha memoria que explica moitas cousas, e non hai máis que coller eses plans e coller esa memoria.

Eu, como lle dicía, señor Trigo, voulle aceptar a emenda, e espero, señores do Partido Popular, que desde aquí ata outubro moderen a súa linguaxe. *(Murmurios.)* Si, si, que se poñan nunha actitude democrática...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO:... respecten o Estado de dereito, respecten os dereitos dos cidadáns e dos deputados que os representan, e probablemente ese sexa o último gran favor e o último gran servizo que lle poidan facer ao país. Xa non lles queda nada máis.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Villarino.

Procedemos a votar. Ocupen os seus escanos, por favor.

Votaremos a proposición non de lei coa engádega da emenda que foi presentada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 26; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Díaz Díaz, sobre as medidas urxentes que se deben adoptar en Ferrolterra despois da recente agresión á súa economía e tecido empresarial como froito de decisións políticas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición foron presentadas emendas polo Grupo Parlamentario Popular e polo Grupo Parlamentario Socialista.

(O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda.

"Emenda de modificación.

Proponse o seguinte texto:

'O Parlamento insta á Xunta de Galicia a levar a cabo as negociacións necesarias co Goberno central orientadas a impulsar e promover conxuntamente a reindustrialización e diversificación empresarial das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, a través de medidas como as seguintes:

1) Clarificación urxente dos proxectos de carga de traballo previstos para o sector naval na ría de Ferrol. Existencia de cubrición por traballadores novos dos postos deixados polos prexubilados. Solucións específicas e concretas para a Industria Auxiliar comarcal e os seus traballadores. Potenciación da zona de Ferrol como centro estratéxico de referencia na área de reparacións navais.

2) Elaboración dun Plan Estratéxico de Desenvolvemento Empresarial para as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, partindo das potencialidades presentes e a súa estructura empresarial, no que se concrete o liderazgo efectivo da Administración cedntral, co apoio das demais Administracións, contando co debido financiamento, e que teña como obxectivos básicos:

a) A actuación sobre os sectores en crise.

b) Promoción da reindustrialización e diversificación industrial.

c) Pulo ás novas tecnoloxías.

d) Dinamización do mercado interno.

e) Promoción e apoio das exportacións.

f) Cobertura progresiva dos déficits de infraestruturas.

3) Inclusión e participación galega no vindeiro Plan estatal de desenvolvemento das Comarcas Mineiras para o período 2006-2012 en curso de negociación.

4) Creación pola Administración central, coa participación das demais Administracións, dun organismo específico para promover a reindustrialización e diversificación das comarcas, que coordine harmónicamente tódalas actuacións relacionadas con estes aspectos, dotado de persoal coa capacitación profesional requirida para a captación de novos proxectos industriais que fomenten a creación de empresas estables e competitivas, que diversifiquen e integren efectivamente a estructura económico-industrial e de prestación de servizos para as empresas. Adicionalmente, a SEPIDES debe contar cunha Oficina específica na Comarca, xestionando a localización nela de novos proxectos empresariais que compensen a perda experimentada na capacidade de producir e no emprego como consecuencia dos procesos de reestruturación dos sectores básicos da mesma.

5) Medidas específicas que permitan activar o grande potencial económico do sector agro-forestal e mineiro existente no ámbito das tres comarcas.

6) A respecto dos proxectos de infraestructuras productivas previstos se contemplará:

a) A reprogramación e cumprimento escrito e urxente do plano de infraestructuras acordado polos Alcaldes e a CPTOPV e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en Abril de 2001, e por última vez, no Parlamento galego a través da Proposta de Resolución a iniciativa do BNG no último debate sobre política xeral. Concreción dun convenio entre a Xunta de Galiza e o Goberno central para abordar urxentemente as infraestructuras –estradas, ferroviarias de saneamento– a financiar por esta última Administración total ou parcialmente.

b) Aceleración dos trámites para garantir a urxente dotación, tanto por estrada como por ferrocarril, ao Porto Exterior, na liña de viabilización e optimización das súas instalacións, e que faga posibel a súa expansión. Procura de fórmulas que permitan desbloquear a construción da segunda fase.

c) Aceleración na finalización dos trámites administrativos para a construción dos ciclos combinados para ENDESA-As Pontes.

d) Unha política racional de solo industrial partindo das actuais necesidades e das perspectivas reindustrializadoras

e industriais realmente existentes no ámbito comarcal. Garantir as necesidades infraestructurais dos parques empresariais no referente á súa comunicación e dotación de servizos básicos e avanzados para o correcto funcionamento dos mesmos:

i Ampliación de Penapurreira

ii Conexión de Vidreiro coa A-9

iii Actuación da SEPES nos parques de Rio de Pozo e Vilar do Colo

iv Incluir a plataforma loxística Chan de Brión que a Consellería de Política Territorial e o Concello de Ferrol están a promover, esixindo que o Ministerio de Fomento, a través da Autoridade Portuaria, participe dun xeito inequívoco e comprometido con este proxecto.

e) Aceleración dos proxectos de saneamento e depuración das rías, favorecendo paralelamente a recuperación do seu potencial como fonte de recursos económicos e fdomento de emprego na pesca e no marisqueo'.")

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Natividad González Laso, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda.

"Emenda de modificación.

'O apartado 1 da resolución débese de substituír polo seguinte texto:

1) Clarificación e impulso urxente dos proxectos de carga de traballo previstos para o sector naval na ría de Ferrol, co obxecto de manter e incrementar a capacidade de emprego, contemplando actuacións para a industria auxiliar'.

Emenda de modificación.

'No subapartado a) do apartado 8), onde di: '... concreción dun convenio...' ata o final, débese substituír polo seguinte texto: '... Concertar mediante convenio as actuacións a levar a cabo de forma conxunta entre ámbalas as dúas administracións, tanto no que afecta á execución coma ao posible cofinanciamento'.")

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Díaz Díaz para a defensa da proposición.

O señor DÍAZ DÍAZ: Si, señor presidente, moitas grazas.

Señoras e señores deputados, imos debater esta proposición non de lei nun momento temporal que casualmente coincide coa visita a Galiza do ministro Montilla do Goberno central. Pois ben, como é coñecido ata a saciedade neste momento *urbi et orbe*, Ferrolterra viuse sometida ao longo de máis dos últimos vinte anos a unha política consciente e activa asentada en dous piares.

En primeiro lugar, un proceso de destrución sistemática dun dos sectores básicos da súa economía como froito de decisións políticas impulsadas polas administracións central e comunitaria no contexto dunha política industrial irracional e antigalega que contou sempre co apoio, por activa ou por pasiva, da Xunta de Galicia e que a través do efecto multiplicador negativo noutros sectores da economía comarcal provocou unha situación de declive industrial e social sen parangón en ningunha outra zona, nin galega nin do Estado.

En segundo lugar, a proposta teórica en paralelo dunha pseudopolítica reindustrializadora compensatoria que se sabía condenada ao fracaso de antemán dada a perversidade da súa formulación; descanso en exclusiva nas mans do señor libre mercado; inexistencia de intervención pública para orientar o proceso, tanto estatal como autonómica; xeneralización no conxunto do Estado da política de incentivos para a localización empresarial; teitos de subvención moi teóricos, moi elevados, pero que na práctica non houbo un diferencial real. Tamén é coñecido que a política de incentivos non é determinante na localización empresarial, na que xogan moitos outros factores determinantes, e, de feito, a experiencia nestes longos anos –máis de vinte– indícanos que foi máis exitosa a reindustrialización e a diversificación precisamente alí onde o proceso de reestruturación foi menor, e viceversa.

E, finalmente, habería que ter en conta tamén –xa que imos falar de reindustrialización– as características do

empresariado local, que en xeral é pequeno, carece de recursos financeiros suficientes e é moi dependente das actividades básicas desenvolvidas polas grandes empresas presentes, que forman a estrutura, o tecido, do edificio industrial de Ferrolterra, por iso os ataques á estrutura do edificio industrial provocan o que están a provocar.

Así, esta pseudopolítica, non foi máis que –lamentabelmente– un exercicio propagandístico electoral, xunto coa instrumentación –como recoñecen vostedes– de toda a parafernalia de ZUR, ZIP, ZPE, zona especial, e agora ao parecer ZAP, zona de actuación preferente, após da serie de ordes ministeriais do MINER, que dirixía o PP desde o ano 1997 ata agora, e que pretendían lograr, tiñan esa finalidade, a diversificación daquelas zonas do Estado nas que as súas empresas públicas sofren procesos de reestruturación con grande incidencia na perda de emprego, de capacidade produtiva, de capacidade tecnolóxica, de cultura industrial e de tecido empresarial. Non resulta estraño, por tanto, que incluso se producise o peche ou a deterioración empresarial dos proxectos máis importantes, por non mencionar aqueles que nin sequera chegaron a nacer, pero que foron abondosamente publicitados, demostrando a súa simple utilización electoral. Claro, as consecuencias desta política resultan concluíntes e fulminantes en sentido negativo, tanto para a comarca como tamén para o país, e voulles dar tres indicadores.

En primeiro lugar, o declive demográfico, que podemos sintetizar dunha forma moi fácil. Se comparamos o censo do ano 1981, previo ao proceso de reestruturación permanente, co padrón continuo, ano 2004, recentemente publicado polo INE, comprobamos que Galiza perdeu 61.000 habitantes, mentres que o Estado gañou cinco millóns e medio de habitantes, pero a clave está en que, da perda pobocional galega, a de Ferrolterra significou case o 30%, que non parece que precise de maior comentario e non creo eu que fose froito do azar.

En segundo lugar, envellecemento e dependencia. Como poden ver, no censo do ano 2001, en setembro, no que os maiores de 65 anos de Ferrolterra son o 22% da poboación, fronte ao 21% no ámbito galego e o 17% no estatal, e o contrario sucede cos menores de 15 anos, onde estamos sendo moi pouco produtivos en Ferrolterra, de tal maneira que a taxa de dependencia total é superior en Ferrolterra, en relación con Galicia, e marcadamente superior en relación co nivel do Estado; a taxa de dependencia total é máis de tres puntos superior á media estatal. Da mesma maneira, mentres que os inactivos en Ferrolterra son o 59% da poboación, en Galicia son o 55% e no Estado son o 53%.

En terceiro lugar, a falla de expectativas laborais nunha comarca tradicionalmente industrial do país, de maneira que sobre as cifras de poboación –como mide a Unión Europea– de entre 15 e 64 anos recollidas censo do ano 2001, que ofrece datos de setembro ou outubro dese ano, a taxa de actividade en Ferrolterra é case seis puntos inferior á media galega e oito puntos inferior á media estatal. A taxa de emprego ou ocupación en Ferrolterra é 6,5 puntos inferior á galega e 7,7 puntos inferior á estatal. Finalmente, a taxa de paro ao revés, en Ferrolterra é 2,9 puntos superior á galega e 1,3 puntos superior á estatal.

Polo tanto, todo isto que eu lles estou indicando brevemente non é froito da casualidade. Como froito dese proceso de reestruturación permanente, liquidáronse 10.000 postos de traballo unicamente nos centros de Astano e Bazán, aos que lles hai que engadir os da recente reestruturación: 1.400 nas principais e preto de 2.000 nas auxiliares. Iso sen contar os milleiros de postos de traballo perdidos noutros sectores, dado o efecto multiplicador que na actividade e no consumo teñen estas grandes empresas, ao que lle hai que engadir o que está acontecendo co complexo mineiro eléctrico das Pontes, que, como saben, desde o ano 1998 vén experimentando unha continuada redución dos seus cadros de persoal. Todo isto foi o que efectivamente provocou o declive industrial e social drástico e dramático que parece continuar a súa andaina fronte á reiteración das negativas políticas aplicadas tanto polo Goberno central como pola Xunta de Galiza.

Sen embargo, a nós gustaríanos mirar cara adiante, sen que iso signifique un esquecemento do que é a historia política industrial desta comarca e moito menos de quen provocou esta situación de deterioración, polo tanto, do que trata a proposición non de lei é de facer patente a necesidade de que, con base no aprendido nas experiencias anteriores, tan negativas, se instrumente un proxecto, un programa, reindustrializador que supere os erros do pasado, para que as administracións central e autonómica, causantes, como dixen, da deterioración económica, social e empresarial,

xoguen un papel máis decidido e principal na captación de novos proxectos empresariais que permitan efectivizar, así si, a diversificación comarcal. Un proceso de diversificación comarcal que Ferrolterra, en emulación do vello Job, agarda pacientemente, mais que dificilmente se vai concretar na realidade sen a programación, sen a participación, sen o compromiso, das administracións central e autonómica, xunto, naturalmente, co sector privado, facendo o papel de encauzadores desa diversificación, e que estea fundamentada nunha metodoloxía que supere as eivas da fracasada e reiteradamente aplicada que antes xa lles expliquei.

Recórdolles que o CES xa hai moitos anos, nas súas recomendacións, indicaba que había que facer un programa específico para Ferrolterra. Recórdolles que hai un artigo no Estatuto de Galiza, o 30.7, que lle atribúe á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva no desenvolvemento e aplicación no noso país dos programas de actuación en comarcas deprimidas e en crise. Con todo, a pesar de todos estes instrumentos, que son evidentes *urbi et orbi*, nin o Goberno central nin a Xunta de Galicia fixeron absolutamente nada diso. Así temos progresiva diminución dos cadros de persoal de Endesa, o peche de Imenosa, e ademais a recente reestruturación naval, que máis unha vez gravita desproporcionadamente sobre Ferrolterra, que supón a eliminación de facto –e isto é gravísimo– da construción naval civil, conseguindo por fin aquel obxectivo permanentemente buscado desde 1983, no que se anunciaba o peche de Astano, coutando calquera diversificación desta actividade e conducindo ao monocultivo militar, con drásticos efectos negativos sobre toda a importante industria auxiliar presente na comarca; e o que é máis grave, prepara as condicións para a vindeira reestruturación. Os que estean aquí no ano 2009 estarán discutindo outra vez a eterna reestruturación en Ferrol, xa llelo anuncio, no ano 2009. E vai ir contra a militar, porque é o único que realmente hai. Vostedes crearon as condicións para que isto acontecese. Esta é unha máquina infernal que empeza a xirar e que non ten xa maneira de parar dada a inercia que ten, e esas van ser as consecuencias non só para Ferrolterra, que Ferrolterra non pertence a Al Andalus, pertence á Gallaecia, senón tamén para este país.

Nese sentido eu creo que, tendo en conta que estamos acabando cunha industria básica no mundo mundial, cunha cultura industrial cun elevado número de empregos cualificados que tan raquiticamente e tanto custa crear no noso país, seguramente a historia vailles estar moi agradecida aos gobernos centrais e aos gobernos da Xunta de Galiza por todo canto fan en contra deste país. De todas maneiras, queremos apostar e seguimos a apostar polas potencialidades existentes na zona, pola capacidade da súa poboación para superar esta moi difícil situación económica e social e construír un outro futuro de progreso e benestar. Naturalmente, iso será posíbel se as administracións, tanto a central como autonómica, tanto a autonómica como a central, mudan radicalmente a súa actuación, o seu comportamento, a respecto do que foi nestes últimos vinte anos coa economía e a sociedade de Ferrolterra.

Polo tanto, eu creo –e xa non me alongo máis– que na parte dispositiva da proposición de lei, que é máis grande aínda que a exposición de motivos, o que pretende non é fixar normas ríxidas, intocábeis e inmodificábeis, do que se trata é de facer un plano de desenvolvemento da comarca, que ademais pode servir despois de exemplo para outras comarcas de Galiza. Ese plano non se pode realizar facendo unha enquisa, ese plano haberá que consultárllelo aos sectores empresariais, aos sindicatos, haberá que consultar a moita xente, pero ese plano téñeno que elaborar xente que saiba de que vai a situación, e teñen que ser as administracións autonómica e central...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ DÍAZ: ... –remato, señor presidente– as que o fagan realmente. Ese plano conterá unha serie de actuacións, de liñas xenéricas, que logo haberá que desenvolver e concretar, e, precisamente, unha parte importante e substancial das orientacións dese plano son as que comprende a parte dispositiva da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor DÍAZ DÍAZ: Como agardo –remato xa– que isto vai ser aprobado, dada a súa racionalidade, máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Díaz.

Ten a palabra o señor López Outeiral para a defensa da emenda do Grupo Parlamentario Popular.

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: Moitas grazas, señor presidente. Señorías.

Efectivamente, señor Díaz, vostede reparte a *diestro y siniestro*, porque, como non tivo responsabilidades e posiblemente non as vaia ter, nin de Goberno central, estatal, nin de Goberno autonómico, desde a pouca responsabilidade desde o punto de vista de cargo, desde o punto de vista de facer cousas, que se ten desde a oposición, pódese repartir a babor e a estribor. Pero é certo que, cando tiveron responsabilidades de goberno, hai grupos políticos que actuaron, é posible que se equivocaran, pero actuaron e tomaron decisións, e decisións moi importantes e moi interesantes para certas zonas de Galicia. Hai tamén grupos parlamentarios que presentan iniciativas, efectivamente hoxe estamos debatendo unha do Bloque, pero no próximo pleno debateremos tamén unha do Grupo Parlamentario Popular, que seguramente defenderá o señor Diego Calvo, tamén en defensa dos intereses de Ferrolterra; Ferrol e a súa comarca.

Efectivamente, semella, señorías, un feito pouco discutible que a comarca de Ferrol foi discriminada historicamente polos autoproclamados gobernos de progreso que, co Partido Socialista á cabeza, veñen asolando e devastando estas terras de xeito sistemático.

Se ben a discriminación do Goberno socialista de Madrid cara a Galicia responde a esquemas perfectamente definidos de acoso e castigo, a virulencia acadada no particular caso de Ferrolterra estremece nos seus plantexamentos e nas súas consecuencias.

O desmantelamento industrial do sector naval durante os aciagos anos oitenta e noventa reduciu a despoxos o que ata ese momento era un próspero sector estratéxico de Galicia. Os socialistas de entonces aniquilaron o emprego e as esperanzas de futuro de toda a comarca de Ferrol. Mentres no resto de España se facía reconversión, reinvestimento, programación, a Ferrol negábaselle o emprego, a alternativa industrial e a posibilidade dun futuro digno. Hoxe falamos das ZUR e do seu fracaso, só acadaron un 6% dos seus obxectivos iniciais. Recuperado o poder, os socialistas volven á carga tentando rematar a faena. Así as cousas, a estratexia emprendida desde o Goberno central para os estaleiros públicos, que se plasmou no acordo marco asinado pola SEPI e algunhas organizacións sindicais o 16 de decembro de 2004, supón de facto a fragmentación do grupo de construción naval dual de Izar, a redución da súa actividade civil ata un límite do 20%, a paulatina perda de volume de negocio para as empresas da industria auxiliar, a minoración gradual de capacidade innovadora e a imposibilidade de competitividade da construción naval no seu conxunto.

Mentres Cartaxena consegue a construción en exclusiva de submarinos e os estaleiros do norte quedan coa construción civil, o señor Chaves e o señor Bono arrebátanlle a Ferrol as grandes unidades militares en beneficio dos estaleiros andaluces, que nin sequera permiso tiñan para construílas, repartindo deste xeito os despoxos dos nosos estaleiros, que quedan marxinados e relegados á construción naval militar menor, desoíndo as decisións unánimes deste mesmo Parlamento de Galicia e do Goberno galego en defensa dun complexo naval dual, civil e militar, ignorando as reiteradas solicitudes de urxente convocatoria da Mesa da Industria Auxiliar feitas polo Goberno de Galicia, convocatoria contemplada, por certo, e de xeito expreso, no acordo marco de decembro de 2004, e burlándose, en definitiva –iso si, con moito talante–, de todos os galegos e galegas, que contemplamos atónitos como unha vez máis un goberno socialista utiliza os intereses estratéxicos e irrenunciables do noso país como mercadoría de pago en despachos doutras comunidades autónomas.

Señorías, mentres os grandes contratos viaxan a outras autonomías, o Ministerio de Industria vén de adiantar a publicación dunha orde de axudas que contemplan de xeito xenérico actuacións que non van dirixidas ao sector da construción naval. Como queira que este tipo de iniciativas xa teñen amosado a súa ineficacia en repetidas ocasións na historia recente do noso país, o Goberno galego está a poñer en marcha medidas concretas que redunden na consecución de carga de traballo para as industrias de Ferrol.

Neste contexto, o apoio á industria auxiliar do naval considérase absolutamente prioritario, cimentado en programas de I+D+I, e para isto é fundamental a consolidación e potenciación da área de reparacións na ría de Ferrol, que xere unha grande cantidade de horas de traballo para a industria auxiliar e que converta esta comarca nun referente estratéxico para a actividade de reformas navais. Neste senso, a Consellería de Innovación xa ten articulada unha proposta de actuacións a curto e medio prazo na que se recollen as

demandas da industria auxiliar para a configuración dun auténtico centro de reparacións navais na ría de Ferrol.

Nun momento no que o tráfico marítimo está a medrar, este proxecto pretende aproveitar o prestixio de que goza Izar Carenas Ferrol-Fene e a capacidade de traballo especializado da industria naval da zona polos seus medios técnicos e humanos e por unha tradición que a mantén como líder en prazos e fiabilidade. En definitiva, señorías, este é o motivo da emenda de engádega que lle facemos ao punto primeiro da proposición do Bloque Nacionalista Galego.

Señor Díaz, a pesar de que moitos dos aspectos que pon de manifesto na parte resolutiva da súa proposición xa están incluídos en plans, iniciativas, programas ou leis impulsadas desde o Goberno de Galicia, non imos deixar pasar a oportunidade de manifestarnos máis unha vez a favor do desenvolvemento e relanzamento dunha terra castigada polo talante discriminatorio dun goberno socialista que se desentende de Galicia, que se solidariza sempre cos mesmos, que, por suposto, non somos nunca nin as galegas nin os galegos.

Existe un manifesto asinado o 28 de febreiro de 2005 polos concellos de Ferrol, Narón, Ares, Valdoviño, Neda, Fene, Mugardos, As Pontes e o propio Goberno de Galicia, manifesto coñecido como declaración de Ferrol, no que logo de recoñecer os avances producidos no desenvolvemento das infraestruturas viarias da Xunta de Galicia, literalmente máis do 60% dos quilómetros previstos en obra ou licitados, se insta a ambas administracións a que asuman os seus compromisos pendentes no Plan Galicia, así como a que se activen novas políticas encamiñadas á creación de emprego. O Goberno galego comprométese nese documento a rematar as obras de conexión da C-141 coa N-651 e a AP-9 catro anos antes do previsto; tamén se compromete a que a conexión da mellora da estrada Viveiro-Cabreiros estea rematada vinte meses antes do previsto e a acurtar os prazos na tramitación do [...] da costa licitados pola Xunta de Galicia o 25 de febreiro de 2004.

Señorías, alcaldes socialistas, nacionalistas, populares e independentes poñen de manifesto a discriminación á que se está a someter a nosa terra, non entenden que por razóns partidistas ou partidarias non se acometa a segunda fase do porto exterior de Ferrol e as infraestruturas necesarias para facelo viable. Señores do Grupo Socialista, a marxinación á que nos está sometendo o seu "goberno amigo" enche as páxinas dos medios de comunicación todos os días. O Plan Galicia foi un proxecto que encheu de esperanza os cidadáns e cidadás deste país. Un plan ambicioso que pretendía render contas coa débeda histórica que encadea esta terra e que no día de hoxe non é máis que papel mollado polo exceso de talante e a falla de responsabilidade dun goberno que, en vez de asumir os compromisos de Estado, se prega sen contemplacións e sen escrúpulos aos caprichos dos seus socios de goberno a expensas de poñer en perigo diario a vertebración do Estado e os preceptos irrenunciables de igualdade, equidade e corresponsabilidade, auténticos piares de convivencia e tolerancia dun estado moderno como o que pretendía ser o noso.

Señores do Grupo Socialista, Galicia non tolera máis demoras, non tolera máis escusas nin máis ambigüidades. O presidente Zapatero veu con boas verbas á Coruña pero foi con gaseiros a Sestao, submarinos a Cartaxena e buques militares a Puerto Real. E mentres dona Magdalena nos pide tranquilidade co AVE, que escomecemos as obras do porto exterior da Coruña aínda que sexa sen financiamento europeo e que o porto de Ferrol se sirva vía aérea, os seus socios de goberno frotan as mans a custa do que nos pertence a todos os galegos.

Por certo, señora González Laso, ten vostede a oportunidade –xa que tivo unha magnífica intervención a última vez que debateu co conselleiro de Innovación a respecto dunha campaña solapada con cartos públicos de publicidade da Xunta de Galicia– de explicar isto que están facendo os señores de Fomento, isto non é da Xunta de Galicia. Ten vostede tamén a posibilidade de saír aquí e explicalo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ OUTEIRAL: Explíqueo, se é capaz de facelo.

Recapaciten. Pensen máis en Galicia –remato, señor presidente– que nas eleccións, e obriguen ao seu "goberno amigo" a que cumpra cos seus compromisos de Estado coa nosa terra, que é Galicia.

Nada máis e moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López Outeiral.

Para defensa da emenda do Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora González Laso.

A señora GONZÁLEZ LASO: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, efectivamente a iniciativa que presenta hoxe o Bloque Nacionalista Galego referida ás comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal podería sintetizarse na idea de estimular o Goberno galego para que promova, conxuntamente co Goberno central, actuacións nas que a Xunta ten competencias propias. Unha iniciativa, señor Díaz, moi oportuna, que pretende a reindustrialización e a diversificación empresarial destas comarcas. Seguramente, no contexto político no que nos atopamos, esta iniciativa vai propiciar que a vote incluso o Partido Popular, que sustenta o Goberno galego. Desde logo, os socialistas, que presentamos dúas emendas, pretendemos apoiar esta proposta, pero, se mo permiten, antes de entrar no seu contido vou entrar a facer algunhas observacións.

En primeiro lugar, direi, señor Outeiral, tamén para vostedes, e sobre todo para o Goberno, que seguramente moitas comarcas de Galicia se verían identificadas con esta mesma petición que hoxe fai o señor Díaz para a comarca de Ferrolterra. Porque tamén moitas comarcas de Galicia sofren a carencia de políticas industriais, de déficits de infraestruturas produtivas, de perda de poboación e de perda de emprego, de falla de adecuación de políticas formativas, da ausencia de ordenación comercial, da nula planificación turística, do abandono do sector agrogandeiro e, incluso, do deficiente saneamento e depuración. Moitas comarcas de Galicia sofren estas carencias. Cuestións todas elas que resumen, señor Outeiral, señores do Goberno, a deixazón deste Goberno galego, que dilapidou os maiores recursos da historia de Galicia. Por iso o informe do CES do ano 2001 amosa e reitera o incumprimento dos catro plans estratéxicos de Galicia e subliña que en Ferrolterra este plan apenas se executou nun 20%. E o propio estudo da Fundación de Empresarios de Ferrol sinala as deficiencias eléctricas, tecnolóxicas e de saneamento dos parques empresariais de Ferrolterra.

Polo tanto, señorías, Ferrol non é un caso illado, Ferrol é un exemplo máis da inacción da Xunta de Galicia, da ausencia de políticas para a cidadanía e para os sectores económicos. É un exemplo máis dun goberno cómplice e responsable co que hoxe acontece en Ferrolterra, xa que coñecendo, señor Outeiral, señores do Goberno, señor Fraga, as trampas e ocultacións de Aznar foi incapaz de promover a revitalización socioeconómica destas comarcas ante a inminente quebra técnica do seu principal sector económico. En vez diso, este Goberno galego ocultou o peche de Imenosa; silenciou o despido de 1.300 traballadores de Bazán; aceptou estoicamente, durante tres anos, a carencia de carga de traballo; e xustificou as sancións aos comités de empresa por manifestarse pedindo carga de traballo. Un goberno, señor Outeiral, señor Fraga, que tamén no ano 1997 asinou coas administracións centrais, locais e da deputación, todas elas gobernadas polo Partido Popular, un convenio a tres anos para reindustrializar a zona, pero que simplemente se limitou a estampar a súa sinatura e, *si te he visto, no me acuerdo*. Un goberno que aínda hoxe, desde o ano 1997, segue na súa inacción. Inacción que o levou a actuar como carteiro cando percibiu e recolleu as propostas dos propios empresarios de Ferrolterra, remitíndollas ao Goberno central e reclamando, ¡miren vostedes!, a revitalización do sector naval nun sorprendente, sorprendentísimo, exemplo de hipocrisía política.

Esa foi nin máis nin menos a dinámica do Goberno Fraga, complicidade cos enganos de Aznar, que eran correspondidos con primeiras pedras, carpas con moitos debuxos e algunhas travesas salpicadas por Galicia. A cambio entregábanselle medallas de Galicia e multiplicábanse os álbums con marabillosas fotos de cada travesa e de cada carpa. Imaxes, señorías, do baúl dos recordos. Imaxes que contrastan coa desesperación na que se atopa o actual Goberno Fraga polo fío musical que se escoita nos despachos do Goberno e que repite reiteradamente a canción dos Módulos: *Todo tiene su fin. Siento que ya llega la hora.* Si, *todo tiene su fin, siento que ya llega la hora.* Los Módulos. ¿Recordan? ¿Lembran?

Efectivamente, señorías, a cidadanía xa se fartou das mentiras e das manipulacións, señor Outeiral, da vosa hipocrisía política, da vosa falta de responsabilidade, e incluso lle reclamaban ao novo goberno que deixara o naval como estaba, sabendo vostedes que estaba en situación de quebra. E agora vostedes, señor Outeiral, señores do Goberno, señores do PP, son o auténtico obstáculo para que se invista nesta Galicia, e máis en concreto na comarca de Ferrolterra. Vostedes son o obstáculo. Vostedes, non os cidadáns, non o Partido Socialista, non o Goberno Zapatero, ¡vostedes! E dígo-

lle por qué. Porque os cidadáns saben que os socialistas se comprometeron e cumpren co naval. E cumpren porque este goberno reflotou un sector industrial en quebra a pesar de que vostedes pedían que o deixaramos como estaba. Iso era o que vostedes pedían. E este goberno, traballando contra reloxo e concertadamente, non sancionando os traballadores e levando máis de dous anos sen firmar os convenios co naval, elaborou un plan industrial viable. Iso é o que fixo este goberno, prometer e cumprir.

Pero é que ademais respectou a opción dos traballadores, que decidiron entrar nunha empresa militar ou nunha empresa civil. Reactivou a área comercial para acadar carga de traballo, inexistente durante tres anos. Así se conseguiu a reparación dun gaseiro arxelino, por 23 millóns de euros e 50.000 horas de traballo, para Carenas de Ferrolterra, que vai empezar estes días. Así se recuperaron as relacións con Australia en proxectos de transferencia tecnolóxica. Así se firmou un contrato con Ferrovial, de 60 millóns de euros, para fabricar caixóns de formigón, que suporá 65.000 horas de traballo para as instalacións de Fene; un convenio con Venezuela, por valor de 1.300 millóns de euros, que suporá 600 empregos; un contrato de construción de 140 aeroxeneradores, por valor de 150 millóns de euros, para as turbinas, señor Outeiral; e 140 millóns de euros para continuar co programa de construción das fragatas que xa quedou acordado no ano 1990 co Plan Altamar de modernización da Armada Española, impulsado polo Goberno socialista naquel momento e apoiado polo Partido Popular, daquela na oposición. Polo tanto, traballamos e seguimos a traballar, e nos próximos meses van ver vostedes novos contratos.

Pero agora –e isto é o que lles doe– a sociedade ferrolá está disposta a remangarse e a sumarse á favorable actitude do Goberno central para apoiar a súa reactivación económica e o incremento do emprego; a sumarse nun esforzo conxunto para que Ferrolterra se faga co seu propio espazo na Galicia produtiva e no seu ámbito económico, cuestión da que vostedes o afastaron. Por iso os axentes económicos están concertando hoxe mesmo, cun goberno que escoita, un plan para Ferrolterra que aborde a diversificación económica con propostas para os distintos sectores que pretenden e desexan rachar co monocultivo que tan dependentes nos fai. Propostas, señorías, que nacen dos axentes ferroláns nos propios territorios, feitas a un goberno que practica a metodoloxía da concertación e non da bronca, disposto a dialogar en beneficio da xente, que non está en clave de confrontación electoral e que lonxe, señor Outeiral, de crispar a cidadanía traballa para consolidar o seu futuro. Un goberno que ademais está disposto a poñer todos os instrumentos de todos os ministerios para a reactivación económica desta comarca.

Por iso, señor Díaz, a nós parécenos moi ben a súa proposta, porque trata de incidir entre a Administración autonómica e a Administración de España. Nós, como sabe, presentamos dúas emendas, unha dirixida a incrementar efectivamente a capacidade do emprego pero desde unha óptica real, porque entendemos que non sería bo xerar falsas expectativas que, ao mellor, son imposibles de cumprir, porque os postos vacantes non son, como saben todos vostedes, para rexuvenecer o cadro de persoal, lamentablemente. A segunda emenda vai dirixida ao apartado 8.a), por entender, señor Díaz, que os convenios entre as administracións, neste caso entre a Administración autonómica e a Administración central, deben facerse tanto para a execución coma para o financiamento das actuacións. Estas son as nosas emendas.

Como ven, nós non fixemos como o Grupo Popular, que se adicou a suprimir as competencias relacionadas coa actuación do Goberno galego. Insisten, reiteran, son especiais. Non corrixen, nunca corrixen; adiante, sempre adiante, sen corrixir. Iso é o que fan. Esas son as modificacións do Partido Popular.

Pero, en fin, señor presidente, para rematar,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GONZÁLEZ LASO:... avogo para que sexamos capaces de traballar conxuntamente todas as forzas políticas, propiciando a colaboración das administracións cos axentes económicos e sociais para canalizar os esforzos na busca e consecución de solucións e non nas crispacións –señor Outeiral, señores do Partido Popular– dos nosos conveciños. Teño a impresión, para min, señorías,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor. Remate.

A señora GONZÁLEZ LASO:... que iso é o que esperan de nós todos os cidadáns.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Para a rolda de posicionamento respecto das emendas, ten a palabra o señor Díaz.

O señor DÍAZ DÍAZ: Bos días, señor presidente. Moitas grazas.

Teño que volver reler *Ser e tempo* ¿non? Quizais algunha cousa máis simpática, porque eu non vou entrar no dislate que me parece, nos termos en que se fai aquí, o debate político a respecto de problemas xerais. Señor Outeiral, recuperar a iniciativa, recuperar a esperanza, recuperar a comarca: BNG. Disto é do que trata a proposición non de lei esta que vén aquí.

Eu creo que a responsabilidade é unha condición. Non hai pouca nin moita responsabilidade, na miña opinión. Vostede, se me quería chamar irresponsábel, está no seu dereito. Pero, sen embargo, é sabido por todo o mundo que eu son unha persoa radical pero moi responsábel. Radical no bo sentido, tamén. A min gústanme os datos obxectivos, e os datos obxectivos témolos aí. Esta é unha proposición de lei que trata de artellar un esquema que faga exitosa a posibilidade da diversificación e da reindustrialización comarcal. O tema naval está metido aquí de esguello, e xa non digamos o tema das infraestruturas. Non veño aquí falar das infraestruturas de Ferrolterra, pero, en todo caso, se vostede quere entrar por aí, infórmese de que falou o señor conselleiro de Industria co señor ministro de Industria, o señor Montilla, e iso a min sóame a agricultura. Dediquémonos todos ao turismo rural e acabemos coa agricultura. A actividade de reparacións e a de transformacións navais, que aínda é moito máis importante, son actividades importantes pero non deixan de ser actividades complementarias do que é a actividade principal. E eu recórdolle que o presidente da Xunta de Galiza, que hoxe non está aquí, e o propio conselleiro de Industria, afirmaron que era unha solución óptima, desde unha perspectiva galega, nada menos que a vixente reestruturación naval aínda en curso. E estes son datos que están aí, son datos que están aí.

É verdade que o Goberno central tratou mal a Ferrolterra, pero ¿por que a Xunta de Galiza non fixo unha política compensatoria, en función das competencias que ten, que houbera impedido que a situación de declive fora como é actualmente? Non a fixo. ¿Por que? Porque están nesta dinámica do custo de oportunidade dos gobernos amigos. Se goberna o Partido Popular, vostedes están de acordo. Se goberna o PSOE en Madrid, vostedes están en contra. Non teñen unha política propia, non defenden os intereses deste país –eu lamento telo que dicir así–, e, polo tanto, vostedes non moveron un só dedo, non sei se buscando que, canto peor, mellor para vostedes politicamente, pero peor para Ferrolterra. E do I+D+I xa falaremos.

Hoxe paréceme que lin algo nun xornal económico, no que se di que nisto do I+D+I o Estado español é un paraíso fiscal. E, con todo, está o Estado español e Galiza, no I+D+I polo chan. Recórdolle, por exemplo, que vostede e mais eu aprobamos unha proposición non de lei en setembro do ano 2002 que dicía que o Parlamento instaba a Xunta de Galiza a alcanzar un convenio, ou a fórmula que se considerase máis adecuada, entre o Igape e o daquela Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía que permitise aplicar as axudas facilitadas desde o ano 1997 polo ministerio a proxectos industriais na comarca de Ferrolterra. E isto non se levou a cabo, señor Outeiral. Xa se falaba daquela da reindustrialización, porque eu cando falo de Ferrolterra non sempre falo do sector naval, que ademais son unha persoa leiga e non entendo absolutamente nada diso.

Polo tanto, señor presidente, como non me quero alongar máis, e como vin unha actitude moi positiva tanto por parte do PSOE coma por parte do Partido Popular, a pesar de todo o que levan dito aquí, e como é moi longa a exposición de motivos, quería que nos permitira un pouco de tempo para facilitar unha transición que modifique o menos posíbel a iniciativa orixinal.

O señor PRESIDENTE: Moi ben. Se non hai ninguén que se opoña, suspendemos un instante para ver se chegan a un acordo. *(Asentimento.)*

Suspéndese a sesión.

Reiníciase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Reiníciase a sesión.

Ten a palabra o señor Díaz Díaz.

O señor DÍAZ DÍAZ: "Habemus acordum". Polo tanto, fíxose unha transacción que, sobre a base da proposta orixinal do BNG, quedaría como segue.

No punto primeiro engadiríase ao final do parágrafo "potenciación da zona de Ferrol como centro estratéxico de referencia na área de reparacións e transformacións navais".

O punto segundo quedaría do seguinte teor. "Elaboración dun plano de desenvolvemento empresarial para as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal partindo das potencialidades presentes e da súa estrutura empresarial, baixo o liderado efectivo da Administración central e a participación das administracións autonómica e local contando co debido financiamento, e, entre outros recursos, coas axudas do Ministerio de Industria á reindustrialización, coas axudas dirixidas ás comarcas mineiras e calesquera outra específica que se instrumente após do recente proceso de reestruturación naval, nas que a participación galega debe ser proporcionada ao trato recibido, e denen ter como obxectivos básicos actuacións sobre sectores en crise, promoción da reindustrialización e diversificación industrial, pulo ás novas tecnoloxías, dinamización do mercado interno, promoción e apoio ás exportacións e cobertura progresiva dos déficits de infraestruturas".

O punto terceiro queda tal como está.

O punto cuarto quedaría como segue. "Creación pola Administración central, contando coa máxima participación e colaboración das administracións autonómica e local, dun organismo específico para promover a reindustrialización e a diversificación das comarcas que coordine harmonicamente todas as actuacións relacionadas con estes aspectos, dotado de persoal coa capacitación profesional requirida para a captación de novos proxectos industriais que fomenten a creación de empresas estabeis e competitivas que diversifiquen e integren, efectivamente, a estrutura económica, industrial e de prestación de servizos para as empresas. Adicionalmente, a Sepides debe contar cunha oficina específica na comarca, xestionando a localización nela de novos proxectos empresariais que compensen a perda experimentada na capacidade de produción e no emprego como consecuencia dos procesos de reestruturación dos seus sectores básicos.

O punto quinto quedaría como segue. Hai pequenas modificacións e dáme rabia lelo todo; cámbiase ao principio e dise: "Intensificación e axilización dos plans de formación ocupacional acordes cos criterios dos plans de desenvolvemento, con especial atención á promoción de escolas obradoiro e ao apoio e fomento de iniciativas locais de emprego actualmente en marcha, garantindo a posta en valor e o desenvolvemento do amplo e singular patrimonio natural histórico-artístico da comarca".

O punto sexto quedaría máis escueto. "Creación dunha comisión comarcal para a adecuación da actividade comercial, contando coa participación das organizacións existentes no sector".

O punto sétimo queda igual.

O punto oitavo, que é moi longo, tería as seguintes modificacións: Na letra a) cambiaríase "concreción dun convenio" e quedaría como segue: "Concertar mediante un convenio as actuacións a levar a cabo de forma conxunta entre ambas as dúas administracións tanto no que afecta á execución como ao financiamento". A letra e.III) quedaría como segue: "Axilización das obras e os trámites dos parques empresariais incluídos no denominado Plan Galicia localizados na comarca: Ortigueira, Cariño, Cedeira e Leixa". E, finalmente, engadiríase na letra e) un novo subapartado IV co seguinte contido: "Incluír a plataforma loxística Chan de Brión que a Consellería de Política Territorial e o Concello de Ferrol están a promover, esixindo que o Ministerio de Fomento, a través da autoridade portuaria, participe dun xeito inequívoco e comprometido con este proxecto.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Díaz.

Fágalles achega deses acordos aos Servizos Xurídicos da Cámara en canto poida.

Ponse a votación o acordo transaccionado entre os distintos grupos parlamentarios.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.ª María Dolores Rodríguez Seijas e sete deputados máis, sobre a achega polo Goberno central dun crédito necesario para a concertación de toda a educación infantil nos prazos establecidos na normativa vixente

O señor PRESIDENTE: A esta proposición foille presentada unha emenda polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Tereixa Novo Arrojo e ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda.

"Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva da Proposición non de lei pola seguinte:

'O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a:

1.- Demandar do Goberno Central:

a) Acordo sobe unha lei de mínimos en materia de educación que, xunto co financiamento adecuado, dea estabilidade ao sistema educativo e permita ás Comunidades Autónomas exercer, sen permanentes inxerencias estatais e en óptimas condicións, as competencias que lles corresponden, co obxectivo de poder diseñar un sistema educativo acorde ás necesidades de Galiza.

b) Cuantificar e dotar os recursos orzamentarios necesarios para actualizar e efectivizar a débeda histórica que o Estado ten con Galiza en materia de educación, e en concreto en Educación Infantil en toda a súa extensión (0-6) anos.

2.- Optimizar os medios e recursos que a Xunta de Galiza adica á Educación Infantil, facendo unha utilización da rede pública ao cento por cento, garantindo a escolarización e a gratuidade total desta etapa, dotando a todos os centros públicos dos servizos complementares necesarios, e mantendo a utilización da rede privada como complementaria da rede pública'.")

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Rodríguez Seijas para a defensa da proposición.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS: Señor presidente, señorías, quero empezar a miña intervención deixando claro que hoxe en Galicia calquera pai que quera escolarizar os seus fillos sabe que dispón dunha praza gratuíta, pero unha das medidas recollidas na Lei orgánica de calidade, e que segue en vigor porque non foi suspendida polo Goberno socialista, fai que as administracións públicas, todas as administracións públicas, e en concreto a Administración pública educativa da Xunta de Galicia, teña que financiar as aulas de tres, catro e cinco anos dos centros concertados para garantir o dereito á libre elección de centros. Este é o motivo polo que o Grupo Popular trae hoxe a esta Cámara unha iniciativa para tratar precisamente este asunto, un asunto relacionado coa concertación da educación infantil nos prazos establecidos pola normativa vixente.

A educación infantil, señoras e señores deputados, sempre suscita un debate de especial importancia, e, dentro do que é este debate, hoxe a nosa preocupación, a cuestión que nos preocupa, é precisamente a gratuidade do segundo ciclo de educación infantil. Unha cuestión que preocupa, creo eu, ou debera preocupar, non só ao grupo maioritario que sustenta o Goberno senón tamén ás señoras ou señores deputados da oposición, porque, como din os expertos, estamos ante unha etapa fundamental para o desenvolvemento harmónico e integral do ser humano.

Todos os científicos ven na educación infantil a base de todas as etapas do sistema educativo. Todos coinciden en sinalar que o resultado do futuro vai depender en gran medida dos estímulos que o medio lle ofreza ao neno nos primeiros anos de vida. Polo tanto, estamos, señorías, ante a pedra angular do desenvolvemento humano, por iso coido eu que, cando menos, esta etapa merece un esforzo especial por parte de todos. Unha etapa que, como as súas señorías saben, non ten carácter obrigatorio, pero o feito de non ter carácter obrigatorio non debe restarlle máis ou menos importancia, non debe restarlle máis ou menos relevancia, no conxunto do sistema educativo. De feito, ao longo deste tempo pode-

mos ver como etapas ou ciclos que se definían como de carácter obrigatorio se foron modificando, e o que antes era obrigatorio de seis a catorce anos estendeuse ata os dezaseis anos, e é moi posible que, co paso do tempo, a educación obrigatoria se estenda a outras idades e a outros ciclos.

Tamén hai que dicir que as leis educativas dos últimos anos, todas elas, lle outorgaron un papel moi relevante á educación infantil. A LOXSE subliña esta importancia ao estruturala en dous ciclos: primeiro ciclo, de 0 a 3; segundo ciclo, de 3 a 6. Actualmente a LOCE no soamente incide na importancia e reforza esta etapa senón que ademais recolle a posibilidade de ampliar a elección de centros para aquelas familias que, facendo uso dun dereito constitucional, elixiron este tipo de centros para os seus fillos.

Trátase, pois, señoras e señores deputados, de darlle cumprimento a un mandato legal e tamén de fomentar deste xeito a igualdade entre familias. Neste sentido, e xa entro en materia, o Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, recolle que a partir do curso académico 2004-2005 se inicia a gratuidade da educación infantil. Unha gratuidade que deberá estar concluída en todo o nivel educativo ao remate do curso 2006-2007. E dado que as familias o que queren, señoras e señores deputados, é que cando unha lei está en vigor se cumpra, sobre todo cando afecta aos seus fillos, o que fixo o Goberno da Xunta de Galicia neste curso 2004-2005 foi precisamente transformar as unidades subvencionadas en concertos, e fíxoo cun gran esforzo –isto é evidente, ninguén o pode negar–, tan evidente que para efectivizar ou materializar estas medidas firmou un acordo no que se contemplan xa aplicacións presupostarias coas seguintes contías: Ano 2006, 9.950.024 euros, período setembro a decembro; ano 2007, 29.880.726 euros; ano 2008, 33.075.638 euros.

Señoras e señores deputados, o Goberno galego, como todos poden comprobar, está a facer un gran esforzo, e cumpre, pero temos que ser conscientes de que ás veces as dispoñibilidades orzamentarias, ao ter un límite, non permiten atender todas as solicitudes e todas as demandas, de aí o sentido que ten a nosa iniciativa, que di: "Instar o Goberno galego a que lle solicite ao Goberno do Estado a achega dun crédito necesario para poder proceder á concertación de toda a educación infantil nos prazos establecidos pola normativa vixente".

Saben as súas señorías que hoxe a lei que está vixente, aínda que sexa por pouco tempo, é a Lei Orgánica de Calidade, pero e que ademais a futura LOE, o borrador da futura lei que o Partido Socialista vai poñer en marcha, tamén recolle estas medidas e faino nos mesmos termos, exactamente igual. Di o artigo 15 deste borrador: *"Las administraciones públicas garantizarán un incremento progresivo de la oferta de plazas en el primer ciclo para atender las demandas de las familias y coordinarán las políticas de cooperación entre ellas y con otras entidades para asegurar la oferta educativa en este ciclo".*

O segundo punto deste artigo di: *"El segundo ciclo de la educación infantil será gratuíto. Las administraciones educativas garantizarán la existencia de plazas suficientes en los centros públicos y podrán establecer conciertos con centros privados en el contexto de su programación".*

Isto, señorías, é o que di o borrador da futura lei que o Goberno socialista pretende levar adiante. E a señora ministra de Educación, nunha reunión que mantivo o pasado mes de maio, concretamente o día 17, con todos os conselleiros de Educación de todas as comunidades autónomas comprometíase firmemente a financiar a gratuidade nas comunidades neste tramo educativo. Este compromiso, ademais, foi ratificado pola señora ministra en máis dunha ocasión. Por exemplo en xuño, concretamente o día 16, comparecía ante os medios de comunicación e dicía a señora San Segundo: *"Para el Gobierno es una etapa decisiva, ya que ayuda a prevenir desigualdades y contribuye a la construcción de una sociedad mas justa*". A continuación tamén dicía a señora ministra: *"Por este motivo, nos hemos comprometido a impulsar su gratuidad efectiva entre los 3 y los 6 años. El actual gobierno va a ser leal con las comunidades autónomas y va a financiar esta gratuidad".*

Señoras e señores deputados, despois do mandato legal, do que recolle a lei que está en vigor, que é a LOCE, do que dixo a señora ministra e do que recolle a futura lei que o Partido Socialista quere poñer en marcha, é evidente que hoxe eu tiña que ser optimista con esta petición e pensar que vai loxicamente recibir unha resposta positiva por parte do Goberno, para contribuír deste xeito a ese esforzo presupostario, e tamén político, que está a facer o Goberno da Xunta de Galicia nestes momentos.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, señores do Partido Socialista, espero que vostedes se sumen co seu apoio a esta iniciativa. Estou convencida de que vai ser así, porque, en definitiva, vostedes, coma nós, creo que o que queren é a mellor educación para Galicia.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Rodríguez.

Para a defensa da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Novo Arrojo.

A señora NOVO ARROJO: Grazas, señor presidente. Señorías.

Señora Seijas, quero manifestar como principio fundamental, en referencia co tema que nos trae hoxe, que o Bloque Nacionalista Galego non só está pola gratuidade da educación infantil senón que tamén está pola súa obrigatoriedade. Cando menos no tramo ao que estamos a referirnos neste caso, que é o do segundo ciclo, é dicir, no tramo de tres a seis anos. Pero, desde logo, entendemos que a gratuidade non ten por que ser nos centros privados concertados. A gratuidade na rede pública, que é onde ten que ser. Eu non vin que na súa iniciativa se pidan cartos para financiar o transporte escolar para os alumnos e as alumnas de tres anos, que se pidan cartos para os servizos complementarios nos centros públicos, que se pidan cartos para poder adaptar os horarios deses centros ás necesidades educativas. E, coma sempre, cando non se quere realmente coller o touro polos cornos, entón utilízase a demagoxia ou o engano.

Efectivamente a LOCE está en vigor en parte, pero hai un real decreto que aprobou ese calendario de aplicación e hai un posterior real decreto que modifica ese calendario de aplicación. E o real decreto de modificación do calendario de aplicación pospón o que vostede di non ao remate senón ao inicio do 2006-2007. Por tanto, non se pode vir aquí enganar.

Á parte diso, e como di o anteproxecto de lei ao que vostede fixo referencia, as administracións educativas poderán establecer concertos educativos. Non obriga a ninguén a que os teña que facer. Por tanto, vostedes, que os levan facendo desde hai moitos anos, terán cartos para facelos e, se non, non os fagan. Se non teñen cartos para facelos, non os fagan. Nós pedimos que se garantan os recursos públicos no ensino público.

Señora Seijas, levan vostedes quince anos no goberno. Desde o ano 1991-1992, desde o curso 1991-1992, é dicir, hai moitos anos, hai quince anos, levan vostedes subvencionando o ensino infantil nos centros privados concertados, cando ninguén llelo mandaba nin ninguén llelo pedía nin ninguén llelo suxería, máis que a súa vontade de anular o ensino público e potenciar o ensino privado e a súa vontade de desviar fondos e de desviar alumnado ao ensino privado concertado. Tanto, que no ano 1991 eran 45 millóns de euros os que se adicaban ao ensino privado e no ano 2005 son 198 millóns de euros os que se adican ao ensino privado. É dicir, aumentaron vostedes as dotacións orzamentarias ao ensino privado nun 421%. E deses, 46.984.800 euros son para etapas non obrigatorias. ¡Mire vostede os cartos que levan investido no ensino privado sen ter –eu cuestiónome e o BNG cuestiónase incluso o da parte obrigatoria, pero xa sen falar diso– obrigación ningunha de facelo! Polo tanto, cando se fala das cousas, débese contar con todo.

Pero é que é máis. O ensino privado concertado sempre foi contemplado, mesmo na lexislación vixente actual, como complementario do ensino público; non como substituto do ensino público senón como complementario do ensino público. E, ¿sabe unha cousa? Desde que vostedes están no goberno suprimíronse 378 unidades no ensino público, o 12%, e só 34 no concertado, que é un 2%. Se, efectivamente, vostedes fixeran uso dos recursos públicos adecuadamente, mire ben, hoxe hai 263 unidades en centros públicos nas que poderían ser escolarizados con base na ratio oficial, que é de 25 alumnos por aula, alumnos de educación infantil nos centros públicos, que poderían recuperar esas unidades e eses alumnos. Por tanto, non existe ningún tipo de necesidade de escolarización a través da concertación cos centros privados. Non só iso, senón que ademais, efectivamente, cando se fala demagoxicamente desa liberdade de elección de centro que recolle a Constitución española, claro, non se fala de en qué condicións. E eu que estou totalmente en contra do ensino privado concertado, nestas circunstancias ao mellor véxome abocada a escolarizar obrigatoriamente aos meus fillos no ensino privado.

Se vostedes me din, mire, nós dámoslle a liberdade de elección de centro, entón, ten vostede dúas opcións. Unha, elixir un centro privado concertado, que lle vai ser gratuíto, que vai ter oferta de transporte escolar, de comedor escolar, de actividades extraescolares, de coidadoras e coidadores para o transporte, de horario adaptado ás necesidades familiares. Na outra opción ofértolle un centro de ensino público que non ten nin transporte escolar nin coidadores nin coidadoras nin comedor escolar nin actividades extraescolares nin se permite a adaptación do horario ás necesidades familiares. Comprenderá vostede que no seu liberalismo de mercado isto é unha fraude a todos os cidadáns deste país, unha fraude.

Non se pode dicir que hai elección e liberdade de elección de centro cando se están ofertando dúas cousas en total desigualdade de condicións. Equiparen vostedes as condicións de oferta dos centros públicos aos centros privados concertados. A oferta de recursos e de servizos complementarios, non de calidade de ensinanza. Niso probablemente a equiparación tiña que ser ao revés, terían que equiparar vostedes as condicións de cómo se imparte clase nos centros privados coas do ensino público. Pero a equiparación si pode ser nas condicións nas que están eses centros, ese profesorado e ese alumno, e despois mediremos cál é a opción das familias deste país, porque de *tontas* non teñen nada.

Vostedes levan investido en educación infantil, desde o ano 1991, 205.690 millóns de euros. Entón, se todos eses cartos que vostedes levan investido no ensino privado concertado, cando non tiñan ningunha obriga nin ningunha necesidade de facelo, o fixeran no ensino público, ¿vostede sería capaz de dicirme en que condicións estaría neste momento o ensino público? ¿Si? Fágao. É dicir, averigüe vostede en que condicións estaría. Actúen adecuadamente. De aí que eu non lle vou entrar para nada, desde logo, á súa iniciativa, porque me parece fóra de lugar totalmente, e si lle presento unha emenda de substitución, que teñen vostedes todos na documentación, na que facemos un plantexamento racional da educación. Porque o que vostede expón hoxe é algo que baixo o noso punto de vista non ten cabida máis que nese *rifirrafe* e nesa confrontación permanente que vostedes están utilizando como arma electoral co Goberno español. Porque, se non, vostede faría outro plantexamento distinto, faría o plantexamento de reivindicar en principio para este país, para Galiza, e como representante do partido que apoia o Goberno da Xunta de Galiza, un plan de financiamento adecuado, un plan de financiamento no que se recoñeza a débeda histórica que o Goberno central ten con Galiza en materia de educación, porque aceptaron unhas transferencias nunhas condicións que non eran as de equiparar o servizo realmente en igualdade de condicións. E é necesario que vostedes fagan, ademais, un adecuado investimento deses fondos públicos. Nese contexto poderiamos estar de acordo. Pero cando o que se fai é terxiversar a situación actual, demagoxia e engano á opinión pública para sustentar única e exclusivamente unha política de privatización do ensino por parte do Partido Popular, nese caso, desde logo, nin agora nin nunca se van atopar co apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Novo.

Rolda de posicionamento.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Señor presidente. Señorías.

Señora propoñente do Grupo Popular, temo que por parte do Grupo Socialista vai ser que polo menos non vai ter un apoio con demasiado entusiasmo.

Mire, para empezar, aínda que podiamos dicir que se podía compartir parte do seu discurso, sobre todo no que se referiu a toda a cuestión científica ou desenvolvemento psicopedagóxico dos nenos e á conveniencia da etapa de infantil, etc., que non creo que sexa hoxe o tema de debate, sen negarlle a maior coa frase que vostede empezou, polo menos si temos que dicir que é lixeiramente incorrecta ou gravemente incorrecta, depende de como se mire, desde as dúas opcións. Porque vostede afirmou solemnemente que calquera neno ou nena en Galicia ten unha praza en calquera nivel de ensino, e iso non é verdade. Non é que sexa falso para determinados niveis, pero non é verdade. Polo tanto, se non é totalmente verdade, coidado coas afirmacións de carácter universal como a que vostede fixo. Porque, señora Seijas, os nenos e nenas de tres anos que necesiten transporte escolar

para ser matriculados ou entrar no sistema educativo na etapa de infantil non dispoñen deste servizo e ademais tampouco teñen dereito ao comedor escolar, cuestión que nas zonas rurais, como vostede sabe, é algo imprescindible, a non ser que os seus pais, nais ou parentes dispoñan de vehículo para transportalos ou mesmo dunhas costas suficientemente anchas para poder levalos ao lombo. Por tanto, repito, non é unha verdade universal, e é unha cuestión importante para a postura que vai manter, ademais, o Grupo Socialista.

Non obstante comezo a facer tamén un breve repaso, porque vostede si fai mención no texto da iniciativa a que desde o curso 1991-1992 os gobernos do señor Fraga iniciaron unha carreira xulgada por nós e por moitas forzas sindicais e asociacións de pais como aloucada de entrar nunha dinámica de subvención á etapa infantil cando neses momentos, neses anos, xa se viña notando o descenso bestial, brutal, da natalidade e escomezaban a quedar porcentaxes enormes, cando non unidades enteiras, libres na rede de colexios públicos. Por tanto, entendendo a complementariedade do ensino privado concertado como aquel que coaxudou ao sistema a universalizarse, xa non foi entendido pola sociedade –polo menos polos docentes e polos pais dos alumnos, polo menos polas federacións de pais de alumnos de centros públicos– que nos dous primeiros anos, por exemplo, se gastaran 5.000 millóns das antigas pesetas para financiar esta etapa de infantil, cando sistematicamente no centro das grandes cidades se estaban a pechar prazas, agás nalgúns colexios metidos en barrios ou que por certas circunstancias sempre hai algún que destaque porque é desexado na matrícula ou pola mesma densidade de poboación onde estaban inmersos.

Por tanto, señora Seijas, este é un condicionamento importante. Desde o curso 1991-1992 o Goberno galego inicia unha campaña de subvención indiscriminada á educación infantil deixando o sistema público nun estado moi desfavorable respecto da posible competencia que se lle podía facer desde o ensino privado.

Para non repetir xa o que se dixo, recordemos o nulo investimento, por exemplo, naqueles servizos complementarios, sobre todo indispensables xustamente nas etapas dos máis pequenos e pequenas, porque son os que máis dificultades teñen para ser recollidos, ir ao domicilio para xantar, etc. Porque non pretenderá vostede agora dicirnos que a causa da contaminación en Ourense ou en Lugo, por exemplo, foi a masificación dos comedores escolares e a disposición da poboación nas capitales. O que pasa é que probablemente o Goberno galego xa fora sensible á contaminación atmosférica, é dicir, a non instalar cociñas desas industriais, porque así xa empezabamos a aternos ao protocolo de Kioto e reducir a emisión de gases de efecto invernadoiro.

Polo tanto, señora Seijas, o Partido Popular nestes catorce anos desde que se iniciaron os programas de subvención infantil non contribuíu absolutamente en nada a racionalizar o sistema. E o que si levou a cabo, con cen millóns de euros longos –cerca de douscentos millóns de euros– investidos nestes últimos catorce anos, foi subvencionar a infantil, cando había centenares e mesmo miles de vacantes nas propias aulas públicas. Polo tanto, primeira discrepancia seria.

Señora Seijas, cando vostede fai referencia a unha lei orgánica, á LOCE, que determina –e que efectivamente se recolle no actual texto que aínda non ten nin tan sequera forma de proxecto de lei–, que se vai garantir a gratuidade dese tramo non obrigatorio, tampouco menciona que o Goberno galego xa sabía iso no ano 2002 e que nin no ano 2002 nin no ano 2003 nin no ano 2004, ata despois do 14 de marzo, o Goberno galego moveu ficha absolutamente para nada. Non moveu ficha. E nas actas deste Parlamento consta a declaración do señor conselleiro cando antes de producirse o cambio de Goberno se dixo que se ía empezar a negociar no mes de maio de 2004. Claro, nin tan sequera imaxinaban que ían ser varridos do mapa nas eleccións do día 14 de marzo e contaban: "Despois xa negociaremos o financiamento", cando estaba perfectamente determinado por lei.

Señora Seijas, a outra cuestión á que creo que é necesario darlle un pouquiño de repaso ten que ver co esforzo que as comunidades autónomas fan en educación. E no que compete á Comunidade Autónoma galega, se cadra é conveniente dicir que no ano 2002 os orzamentos da Consellería de Educación significaban o 4,8% do PIB galego e para o ano 2005 estamos no 4,1% do PIB. Mire, en termos máis inteligibles, se comparamos o peso relativo do esforzo orzamentario que en educación facía a Xunta de Galicia en 2002, pois era o 22,8% de todos os orzamentos –para que os rapaces, mozos e mozas, que están arriba o entendan– da Xunta de Galicia. No ano 2002 investiuse no sistema educativo galego o 22,8% de todos os euros que se gastaron en Gali-

cia. Ben, para o 2005 –vostede sábeo e son datos da consellería que veñen nos tomos que nos manda o señor Orza alá no mes de outubro– é o 20,8%; traducido a euros, señorías, significaría que, simplemente con estes dous puntos de diferencia, para 2005 estariamos dotados con 495 millóns de euros. Xa non falo en termos de PIB, que pode ser un pouquiño máis complicado, falamos do esforzo que a propia Xunta de Galicia quere facer en educación. Ben, pois fíxense, só esta perda de dous puntos de valor relativo significarían 495 millóns de euros máis postos encima da mesa para gastos no 2005. Pero é que simplemente –e tratando de ser un pouquiño máis xeneroso con vostede– con manter o peso relativo que houbo sobre o ano pasado, sobre o 2004, teriamos 40 millóns de euros máis encima da mesa, xusto o necesario para proceder ao programa da gratuidade do ensino infantil, estender case ao cento por cento o acompañante de transporte escolar e case completar o programa de subvención ou de gratuidade total dos libros de texto na Comunidade de Galicia; comunidade que vai bastante máis atrasada, por certo, que outras moitas do Estado, sobre todo as gobernadas polo Partido Socialista. Polo tanto, señora Seijas, en fin, comprenda vostede que a un se lle fai moi duro amosarlle o entusiasmo que vostede nos reclama para que apoiemos esta iniciativa, bastante duro.

E, por último, señora Seijas, vostede recoñeceu aquí nesta tribuna –e alégrome, ademais, porque foi certo– dous compromisos claros da actual ministra de Educación e Ciencia referidos a declaracións do ano pasado polos que se compromete a realizar un financiamento para todas as comunidades autónomas –non só para Galicia–. Pero, é máis, eu amplíolle este proceso. Unha vez presentado o texto do anteproxecto da LOE vaise iniciar xa formalmente unha rolda de negociacións, dentro do ámbito sectorial da educación, coas dezasete comunidades autónomas para chegar, primeiro, a facer unha estimación do custo de todas as medidas –non só desta, señora Seijas, de todas as medidas– que leva implícita a futura Lei orgánica da educación, mirar a corresponsabilidade que vai haber no gasto e no financiamento das medidas que se contemplan ou que se contemplarán na futura lei, e chegar a unha concertación ou a un consenso coas dezasete comunidades autónomas. E iso, señorías, é un compromiso do actual Goberno do Estado, un compromiso que se vai respectar e que vai saír en forma dunha memoria económica cando este texto entre xa para o seu debate e para o seu trámite parlamentario e que ao final se converta xa na lei orgánica. E vai haber este compromiso efectivo, vaise efectivizar moi pronto, vostedes sábeno e o señor conselleiro de Educación tamén o sabe. Entón o que nós lle pedimos é lealdade absoluta ao señor conselleiro de Educación, que vai ser o responsable de ir negociar a Madrid esta cuestión. Lealdade xa non tanto co Goberno de España, porque aí nós admitimos certas tensións dialécticas e políticas –non pasa nada–, o que si lle pedimos é lealdade co pobo galego, porque a el lle vai corresponder a responsabilidade de negociar, dentro do ámbito intersectorial de todas as comunidades autónomas, as mellores condicións de financiamento de todo este tipo de medidas para a nosa comunidade.

Polo tanto, señora Seijas, non imos apoiar decididamente –como vostede nos pide– esta iniciativa. E, en todo caso, mire, nós tampouco estamos aquí para pagarlle a campaña electoral ao Partido Popular. Se o señor Fraga non ten cartos para facer isto, que nos seus retiros monacais non anuncie este tipo de medidas. Desde logo, nós non lle imos pagar a campaña –repito– ao Partido Popular, e menos ao señor Fraga.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez.

Posicionamento respecto das emendas. *(Pausa.)*

Ten a palabra a señora Rodríguez Seijas polo Grupo Parlamentario Popular.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS: Señor presidente. Señorías.

Señor Rodríguez, dese compromiso que vostede fala xa fixo gala –como eu dixen aquí– a señora ministra. E teño que dicirlle –isto dixérao no mes de maio ou en xuño– que cando elaboraron os presupostos do Goberno do Estado para este ano non figura nin un só euro para a educación infantil concertada. Polo tanto, entenderá vostede que veñamos aquí a insistir sobre o tema.

E mire que malos somos, que abandonado ten este Goberno, o Goberno da Xunta de Galicia, o ensino público, que hoxe precisamente un medio de comunicación, nunha entrevista ao señor reitor da Universidade de Vigo lle pregunta o periodista: *"¿Ha sido difícil ser rector progresista*

en la Galicia de Fraga?". E ¿sabe qué responde? Di: "*Tengo que decir que me he encontrado con una respuesta excepcional por parte de la Xunta y una relación, en esa línea, institucional*". Mire, é verdade que isto non ten que ver co da educación infantil pero, en todo caso, estamos falando do ensino público, neste caso superior.

Tamén teño que dicirlles que os presupostos que se dedicaban ao ensino concertado nos presupostos da Xunta, para o ensino infantil e a educación concertada, son de 20.040.000 euros, señora Novo; e para a pública, no mesmo tramo educativo, 134 millóns de euros.

Señores voceiros da oposición, é triste, é lamentable e decepcionante ver como unha iniciativa destas características, tan positiva para a nosa comunidade educativa, a utilizan vostedes única e exclusivamente para criticar o Goberno da Xunta de Galicia.

Señora Novo, non me sorprende en absoluto o que dixo vostede hoxe aquí, en todo caso, son coherentes co discurso que veñen mantendo nos últimos anos. Si me chama a atención a incoherencia do Partido Socialista, logo lle explicarei por que, señor Rodríguez.

Señores do BNG, calquera que veña aquí de fóra e non saiba de que vai o tema pensará que aquí en Galicia os únicos que defenden o ensino público son vostedes. Os demais somos un cero á esquerda, non facemos nada, e, no pouco que facemos, só traballamos a favor da privada. Señora deputada, iso é totalmente falso, e vostede sábeo. O que pasa é que seguen insistindo no eterno debate de enfrontar o público e o privado. Un debate –coido eu– que a estas alturas en Galicia xa non lle interesa a ninguén, cada vez véxoos máis sós e máis illados no seu discurso. Porque, mire, señora Novo, o único que lles interesa aos galegos, o único que queren, é calidade nos servizos: calidade nos servizos sanitarios, calidade nos servizos sociais e, por suposto, calidade en educación. É dicir, o que queren os galegos é que as cousas funcionen ben e, a poder ser, melloralas, e para isto é para o que debería valer este tipo de iniciativas e este tipo de discursos. Pero, en fin, vostedes son tan negativos, non o queren ver así, é unha pena, ¡que lle imos facer! En todo caso, o que importan son os feitos e as realidades, e neste caso concreto os feitos do Goberno da Xunta de Galicia en materia educativa déixanos a vostedes bastante en evidencia, e, sobre todo, sen credibilidade no seu discurso.

Desde logo, dicir que a Xunta de Galicia soamente favorece o ensino privado fronte ao público, ademais de falso –como digo–, paréceme unha táctica bastante miserable por parte das súas señorías. E ¿por que digo isto? Mire os datos: en Galicia, tres de cada catro alumnos galegos estudan en centros públicos, é a segunda comunidade que menos diñeiro destina ao ensino privado; de cada 10 euros que se destinan á educación nos presupostos da Xunta, 9 van para o ensino público e tan só 1 euro vai para a privada. Por se lle serve de algo, Cataluña gasta o dobre no ensino privado que a Xunta de Galicia. En Cataluña a concertada representa un 42%, mentres que en Galicia, señoría, representa tan só un 30%; é dicir, o 70% do alumnado está matriculado en centros públicos.

Aproveito tamén para dicirlles –por se non o saben– que Galicia figura como a cuarta comunidade coa mellor porcentaxe de centros públicos, oito puntos por riba –incluso– da media estatal. Pero aínda teño máis datos para darlles, neste caso referentes á pública, señores da oposición, para que vexan que este Goberno non marxina a pública, o único que fai é traballar e apostar por ela. Miren, Galicia é a terceira comunidade que máis inviste por alumno, incluso por alumno gasta máis que Cataluña e Madrid; é dicir, estamos, en gasto, por riba de comunidades con rendas máis altas ca nós.

Señores voceiros da oposición, estes datos non os estou inventando eu, son datos que recollen os informes e os estudos. Concretamente, estes son extraídos dun estudo publicado o ano pasado, no 2004, pola Editorial Santillana. Coido, señores do Partido Socialista, que esta non é unha editorial sospeitosa para vostedes. Para nós tampouco, incluso este informe di que Galicia é unha das comunidades autónomas máis avanzadas en canto a rendemento escolar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS: E isto a pesar, señores do Partido Socialista, de que o sistema que vostedes fomentaron nos últimos anos non contribuíu a este resultado. Pero o Goberno da Xunta de Galicia soubo vencer as dificultades da LOXSE...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS:... e situar a nosa comunidade no lugar que lle corresponde: no terceiro lugar co

mellor nivel educativo do país, señores do Partido Socialista.

Señor Rodríguez, xa me parecía a min que era eu demasiado optimista coa iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS:... porque tratándose de vostedes todo é posible, nada está garantido. Vostede pode ver na miña iniciativa...

O señor PRESIDENTE: Señora Rodríguez Seijas, remate.

Dígame o posicionamento respecto da emenda.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS: Remato, señor presidente.

Digo que pode ver un cariz oportunista, pero teño que dicirlle que a conciencia...

O señor PRESIDENTE: Señora Rodríguez Seijas, remate, por favor.

Posiciónese sobre se acepta a emenda ou non a acepta.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS: Vale, remato, señor presidente.

Non aceptamos a emenda porque di a señora Novo que é un plantexamento irracional, e eu digo que máis que irracional e ideolóxico.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ SEIJAS: É evidente que, despois do que dixen, non imos desviar todo o diñeiro para un sitio. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Procedemos a votar a proposición tal e como está publicada no Boletín Oficial.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 14; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.ª Victoria Eugenia López Díaz e D. Fernando Rodríguez Corcoba, sobre a elaboración dun cadro de enfermidades profesionais do persoal do servizo de bombeiros e a anticipación da idade de xubilación para este colectivo

O señor PRESIDENTE: A esta proposición foi presentada unha emenda polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Alberte Xullo Rodríguez Feixóo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Partido Popular.

Emenda de adición.

"Na parte dispositiva debe figurar, como primeiro ponto da mesma, un novo apartado co seguinte texto:

O Parlamento de Galiza insta ao Goberno do Estado a que inicie canto antes o traspaso de competencias necesario para que a Comunidade Autónoma de Galiza poda elabourar un cadro xeral de enfermidades profesionais así como os correspondentes coeficientes redutores para a anticipación da idade de xubilación de determinados colectivos.")

O señor PRESIDENTE: Para a defensa da proposición ten a palabra a señora López Díaz.

A señora LÓPEZ DÍAZ: Señor presidente, señorías, é para min unha satisfacción, no nome do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentar ante este Parlamento unha iniciativa que permite mellorar o sistema de protección social dun colectivo que adica o seu labor en beneficio da comunidade, arriscando moitas veces a súa propia vida; estoume a referir ao colectivo de bombeiros.

O persoal pertencente a este colectivo está exposto de maneira constante ao risco, e en ocasións puntuais a situacións de grave perigo. Os bombeiros, ademais do importante e fundamental labor de extinguir incendios, pasaron a ser un colectivo que atende todo tipo de emerxencias, como a inspección de edificios; o salvamento de persoas aprisionadas por derrubamentos ou explosións, por actos terroristas; persoas que se encontran en situacións desesperadas; participación en accidentes de tráfico nos que as persoas quedan atrapadas; participación noutros accidentes de tipo nuclear, químico, bacteriolóxico; ou participación en misións de seguridade e protección civil en casos de terremotos e inundacións. Temos aínda na memoria recente a participación dos corpos de bombeiros dos distintos países no rescate das vítimas provocadas polo tsunami. Así mesmo, recordamos ese labor tan importante do colectivo nos atentados do 11-S e do 11-M. Os bombeiros acceden a escenarios dos que outras persoas foxen, afrontando un risco persoal maior que calquera outra profesión. A maioría das veces, este persoal arrisca a súa propia vida para a seguridade e para rescatar a vítima.

Na súa actividade expóñense a graves situacións de perigo. Así, nos incendios pódense producir explosións, caídas, aprisionamento, cortes, abrasamento, asfixia, estrés. En calquera incendio, señorías, están expostos a diversas substancias, como monóxido de carbono, dióxido de nitróxeno, cianuro de nitróxeno, dióxido de xofre, etc; e todas estas substancias repercuten gravemente na súa saúde.

Señorías, o artigo 161 da Lei xeral da Seguranza Social precisa os requisitos xerais para acceder á pensión de xubilación ¿Cales son? Ter cumpridos 65 anos de idade e ter cotizados quince anos, e dous deles, dentro dos últimos quince anos, inmediatamente anteriores á data do feito causante. Pero tamén o parágrafo segundo dese mesmo artigo da Lei xeral da Seguranza Social permite rebaixar esta idade por Real decreto, por proposta do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, naqueles grupos ou actividades profesionais excepcionalmente penosas, tóxicas, perigosas ou insalubres, e que acusen elevados índices de mortalidade ou morbilidade. Os servizos prestados polo corpo de bombeiros pódense encadrar neste parágrafo segundo da citada normativa. Por iso, pola perigosidade, toxicidade e penosidade do seu traballo, deben ser incluídos naquelas profesións que se poidan xubilar anticipadamente sen ver minguados os seus dereitos.

Esta mesma perigosidade vén recoñecida implicitamente na Lei de riscos laborais. Este grupo parlamentario, señorías, é coñecedor das directrices emanadas polo Consello de Europa, nas que se insta os países membros para que atrasen a idade de xubilación. Recentemente a Unión Europea insta a España a atrasar a idade de xubilación, e cre que a inmigración non garante as pensións. Isto púxoo de manifesto hai ben poucos días o xefe da Unidade de Seguranza Social da Unión Europea en España. Tamén nos dixo algo importante respecto de que había que ampliar o período para o cálculo das bases reguladoras, ao cal expertos nesta materia se opuxeron rotundamente. Estas directrices, igual que as directrices emanadas do pacto de Toledo, hai que telas en conta para os efectos da xubilación ordinaria, pero nunca para efectos da xubilación especial ou anticipada de sectores sometidos a alto grao de perigosidade e penosidade. Ademais, faise necesario que para que poidan efectuar o seu labor estas persoas estean en plena forma. Vostedes déanse conta de que estas persoas levan un equipo que aproximadamente pesa 28 quilos: o casco, chaquetón, cubrepantalón, o cinturón, as botas, os *guantes*, o equipo exterior, a protección respiratoria. Estímase que o conxunto do equipamento mais o arrastre necesario das mangueiras sobrepasa os 15 quilos de peso, por iso para facer fronte a esta actividade fai falta encontrarse en plena forma, unha persoa que supera os 60 anos entendemos que en moitas ocasións non está en condicións de someterse a esta actividade. Teñan en conta as súas señorías que ás veces soportan unhas temperaturas superiores a 400 graos centígrados, por iso cando unha persoa nestas condicións ten que ir salvar unha vítima, posiblemente non estea capacitada para facelo. Nestes casos, estas persoas o que fan, a maioría das veces, é solicitar unha prestación por incapacidade.

Pois ben, señorías, a favor de que este colectivo teña que xubilarse anticipadamente decantouse a Organización Internacional do Traballo en Ginebra en 1990. No seu informe sobre condicións de emprego e traballo de persoal de extinción de incendios di a Organización Internacional do Traballo que os bombeiros deberían ter dereito á pensión completa a unha idade sensiblemente inferior aos demais empregados. Pois ben, comparando o noso dereito co dereito europeo dalgúns países, vemos que a xubilación anticipada é posible en moitos dos países da Comunidade Europea. Así, en Francia a xubilación deste corpo é aos 60 anos, en Alemaña aos 60 anos, no Reino Unido, por non citar outros, aos 50 anos.

Por iso entendemos que este colectivo ten dereito, sen mingua de dereito ningún, a xubilarse anticipadamente.

Por todo o anteriormente exposto, señorías, este grupo parlamentario interesa o seu apoio á seguinte proposición non de lei: "Que o Parlamento de Galicia inste o Goberno da nación a que inicie, no prazo máis breve posible, as reformas lexislativas necesarias para conseguir: Primeiro, a elaboración dun cadro de enfermidades profesionais para o persoal de bombeiros que desenvolva as súas funcións baixo calquera modalidade de xeito prestacional nas diversas administracións do territorio do Estado español; Segundo, a anticipación da idade de xubilación sen penalización para os integrantes dese colectivo".

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señora López Díaz.

Ten a palabra o señor Rodríguez Feixóo para a defensa da emenda presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

O señor RODRÍGUEZ FEIXÓO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, aproveitarei a rolda para defender a emenda e para comentar algúns aspectos da proposición non de lei que acaba de apresentar ante a Cámara a señora López Díaz en representación do Grupo Parlamentario Popular. Vou facer primeiro uns comentarios respecto do texto da iniciativa que foi publicada no Boletín do Parlamento.

Na exposición de motivos hai algunhas cuestións que teñen que chamar a atención da oposición e particularmente de quen lles fala. Falar de que o servizo de bombeiros se revela nunha sociedade tan dinámica como a nosa como un servizo absolutamente esencial choca –posto isto, digo, en papel do Partido Popular, do Grupo Parlamentario Popular– co desinterese que a Xunta de Galiza ten respecto dos parques comarcais de bombeiros, sobre os que desde a oposición estamos a instar continuamente e que non se resolven. O país desgrazadamente non conta neste momento cos parques de bombeiros necesarios nas distintas comarcas, e isto produce incendios de maior ou menor contía e de maior ou menor perigosidade que non se dan atallado a tempo. Polo tanto, xa sei que é simplemente unha frase posta nunha exposición de motivos, pero non podemos deixar pasar por alto que se poña isto en papel do Partido Popular cando a Xunta de Galiza, apoiada por ese mesmo partido, non cumpre co necesario avituallamento deses parques comarcais.

Posteriormente fala de que a Xunta de Galiza deseñou e puxo en marcha un plano galego contra incendios e salvamento. Seguramente que no papel si que o puxo, pero na práctica non está. Este Plano galego contra incendios e salvamento non está funcionando na práctica. Non sei, repito, se no papel está ou non está posto pola Xunta de Galiza, pero na práctica non.

Por último, esa última frase de que se estenderá á práctica totalidade da poboación galega, xa dixen antes que nada de nada. En todo caso, algúns afortunados si contan cun servizo de bombeiros que poida garantir a súa seguranza, pero a práctica totalidade da poboación galega non. Podo entender que isto sexan unicamente –repito– unhas frases postas nunha exposición de motivos e, en todo caso, a xeito propagandístico, absolutamente inútil nesta Cámara, porque nesta Cámara coñecemos todos cal é a situación; polo tanto, a propaganda nesta Cámara non serve absolutamente de nada.

Menciónase despois que non se conta cos equipos de protección individual, co sistema de equipos de protección individual. Tamén nos chama a atención. Non sei como o grupo que apoia ao Goberno pode recoñecer por escrito que os bombeiros que están atendendo estas grandes necesidades do país non contan cos equipos de protección individual. Sorpréndeme ingratamente, porque, sinceramente, creo que os bombeiros deberían contar con este equipo de protección individual sexa cal sexa a situación do erario público; se non, é imposible que cumpran a súa función sen ter este tipo de protección individual. Se é así, se están actuando sen esta protección individual, é unha temeridade que unicamente se pode achacar á Xunta de Galiza e á consellería correspondente.

Por último, hai dous puntos na parte resolutiva da proposición. O primeiro é a elaboración dun cadro de enfermidades profesionais para o persoal de bombeiros que desenvolva as súas funcións baixo calquera modalidade ou xeito prestacional nas diversas administracións do territorio do

Estado. Respecto deste primeiro punto, nós cremos que non estaría de máis concretar un cadro, un protocolo, sobre o que significan as enfermidades profesionais referidas a este colectivo. Digo que non estaría de máis, xa sei que facelo nunha proposición non de lei resulta complicado e seguramente habería que formalizar unha ponencia *ad hoc* para poder concretar esta elaboración. De todos xeitos, non é o punto máis conflitivo. O segundo punto si me parece máis conflitivo –en canto á redacción, digo–.

O segundo punto fala da anticipación da idade de xubilación sen penalización para os integrantes deste colectivo. Non sei se unicamente se trata de facer outro acto de propaganda. Perdóeme, señora López Díaz, estou seguro de que non, pola súa banda seguro que non, pero dado que o Partido Popular está presentando estas iniciativas en todos os parlamentos das comunidades autónomas, parece unha especie de campaña para gañar votos dentro deste colectivo e, polo tanto, ponse esta frase de carácter xenérico, "anticipación da idade de xubilación sen penalización para os integrantes destes colectivos", cando vostede, que é unha especialista nesta materia, sabe perfectamente que isto non pode ser así. Non se pode simplemente dicir que se poden anticipar as xubilacións sen penalizacións cando non concretamos anos de servizos, non sabemos se os bombeiros da Administración van ter a mesma rebaixa que os bombeiros que entran nos edificios incendiados, etc. É dicir, paréceme –repito por anticipado a petición de escusas– un pouco demagóxico este segundo punto. Eu creo que non se pode plantexar así, non se pode dicir que todos os bombeiros se poden xubilar anticipadamente sen penalización. Como vostede sabe, repito, porque vostede é unha especialista na materia, hai que falar de coeficientes redutores, de anos de prestación, etc. Se isto non se fai así, podemos provocar un incendio, e perdoe o símil, que seguramente non vén ao caso; o incendio de que todos os colectivos digan: ¡Ah, pois eu tamén! Isto non pode ser. Eu creo que aí hai unha serie de cuestións que vostede coñece perfectamente e que quizais outros membros do seu grupo, ou dos grupos que o están presentando nos distintos parlamentos do Estado, non coñecen tan ben coma vostede. Pero vostede si o coñece, e estaría ben que, á parte de transmitirnos o que nos leu inicialmente como apertura do debate, na segunda intervención nos dera algunha pauta que nos fixera ver que a proposición non de lei vai en serio e non é simplemente unha cuestión demagóxica.

Pois ben, indo ao fondo do asunto, nós cremos que efectivamente a proposición non de lei é oportuna no seu conxunto. É dicir, ten o substrato dunha necesidade que debe solucionarse. Isto, como é coñecido, porque é lexislación vixente, réxese, en canto ao conxunto das profesións, polo Real decreto 1995, do ano 1978, que foi matizado posteriormente por unha cuestión moi puntual –referida unicamente á Comunidade Valenciana, ás fábricas do téxtil e a aqueles problemas que houbo ao inicio dos anos noventa– no ano 1993. É unha lexislación que, efectivamente, leva case trinta anos parada e que, polo tanto, hai que actualizar. E hai que actualizala tamén tendo en conta, evidentemente, o colectivo de bombeiros.

Este sistema de coeficientes redutores e de contemplación de determinadas cuestións que alimentan o concepto da enfermidade profesional referida a determinados colectivos e tamén aos bombeiros está actualmente en vigor para outros colectivos, como son os mineiros, con distintas baremacións e distintas contemplacións de situación a respecto das distintas fases da minería ou dos distintos aspectos da minería; está tamén para os mariñeiros e para algún persoal de voo en liñas aéreas; e está, por suposto, para as forzas de seguranza. E deixei as forzas de seguranza para o final precisamente porque eu creo que son as máis equiparábeis ao colectivo dos bombeiros.

Todos os decretos que van formulando as distintas cuestións concretas que afectan a cada un destes colectivos van matizando o que dixen antes, o que anticipei antes, é dicir, anos de prestación de servizo, lugar de prestación de servizo, idades nas que se poden xubilar, coeficientes redutores, etc. Todo isto, naturalmente –repito–, non se pode concretar nunha proposición non de lei. Eu atrévome a dicir que é posíbel que houbera que formar unha ponencia concreta para resolver neste Parlamento o que queremos facer con este colectivo de bombeiros.

Reservo este último minuto para defender a emenda. O texto da proposición a nós parécenos que é axeitado no substrato, no fondo do asunto, ao que é a realidade. Efectivamente, os bombeiros teñen todos os padecementos que mencionou a señora López Díaz e, polo tanto, eu creo que son acredores a que se teña en conta o seu traballo, coas distintas matizacións que acabo de facer, para chegar a contemplar un cadro de enfermidades profesionais e un cadro de coeficientes de redución para efectos de xubilación.

A nosa emenda é unha emenda de adición, e é unha emenda que unicamente pretende facerlle ver a esta Cámara a necesidade de que as enfermidades profesionais de determinados colectivos e os coeficientes redutores para a súa xubilación se vexan máis próximos a aqueles que padecen esas enfermidades profesionais e que son acredores a esas idades de xubilación anticipadas.

Nós sabemos mellor que ninguén o que é o traballo dunha mariscadora, o que é o traballo dun pescador, dun mariñeiro que pesca na baixura ou o que é o traballo das minas que son propias do noso país e non doutros, e así sucesivamente podería citar moitos máis empregos, moitas máis profesións. E, polo tanto, cremos que esta é unha competencia que debe reclamarse que veña para a nosa Comunidade Autónoma, e que sexa a Xunta de Galiza e que sexa o Parlamento de Galiza os que determinen cales son as enfermidades profesionais desas profesións que son máis próximas a nós e cales son os coeficientes redutores que deben anticipar a xubilación deses colectivos que son tamén máis próximos a nós.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señor Rodríguez Feixóo.

Ten a palabra o señor López Vidal, polo Grupo Parlamentario Socialista, para fixar a posición.

O señor LÓPEZ VIDAL: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señora López Díaz, nós tamén estamos satisfeitos co colectivo de bombeiros, pero o que non entendemos é que vostede forme parte dun grupo que sustenta en teoría un goberno e que precise do apoio parlamentario para poder facer esa instancia.

A nós tamén nos sorprende e temos que dicir algo sobre as formas, porque nos parecen importantes en política. E tamén quero facer un pouco de historia, como faciamos onte e seguiremos facendo habitualmente, porque non podemos esquecer. Vostedes levaban oito anos –afortunadamente xa non é o caso– gobernando este país, oito anos de silencio, de negación absoluta de dereitos, de falta de negociación e concertación con este colectivo en concreto, con estes traballadores, pero, afortunadamente, os cidadáns decidiron cambiar e chegou a época da esperanza. Porque agora si que vai ser posible, xa llo anuncio, vai ser posible isto que vostede pide no relatorio que sustenta a súa proposición non de lei, agora si que vai ser posible. Estanse dando os primeiros pasos, antes foi imposible, sempre se negaron a falar nin coa plataforma nin con ninguén que representara a este colectivo, e sorpréndenos este cambio de actitude por parte de vostedes, do Partido Popular, que implica, desde que cambiou o Goberno, a preocupación por un colectivo importante e que presta un servizo público fundamental á colectividade. Pero vostedes son así de rigorosos e de coherentes, nisto pasa como en moitas outras cousas. O único que lle quero dicir, señora López Díaz, é que chegan un pouco tarde.

E voume referir un pouco tamén ás formas, porque sabe que este colectivo en Galicia tivo contactos cos distintos grupos parlamentarios; co seu, co dos socialistas e co do Bloque Nacionalista Galego. E como eu tiven a oportunidade de estar presente nesas conversas, tiña entendido que o que se trataba de acordar ou de conseguir era presentar esta PNL pactada entre os tres grupos políticos que teñen representación nesta Cámara e non o que acaba de acontecer, que vostedes, de xeito unilateral e sectario, coma sempre, veñan aquí coa proposición non de lei. Pero, ¡que lle imos facer!, élle un sinal de identidade que, como diría o señor Pita, levan aquí incrustado.

¿Cal é o plantexamento do colectivo de bombeiros e que nós podemos subscribir perfectamente? A adopción de medidas regulamentarias necesarias para recoñecerlles o dereito á xubilación anticipada aos profesionais deste corpo e a elaboración e aprobación dun cadro de enfermidades profesionais propio e singular deste colectivo. Reivindicacións lóxicas e xustas e nas que nós estamos de acordo, como agora, de contado, vou manifestar.

Porque ¿de que estamos a falar? Da situación dun colectivo, estamos a falar de preto de 15.000 persoas que prestan o seu servizo por todo o país –por certo, un servizo público esencial para a colectividade e que redunda directamente na calidade de vida das persoas–, e iso é o que a nós nos ocupa e preocupa.

Temos que recordar, eu creo que é necesario recordar nesta Cámara, a evolución dos servizos de seguridade e de protección civil neste país. Hai novas tarefas que converten a este colectivo de profesionais en profesionais integrais dos servizos de emerxencia. Os bombeiros non só interveñen na extinción de incendios, nos derrubamentos, nas explosións, na inspección e consolidación de edificios, nos accidentes de tráfico, no salvamento, todo tipo de catástrofes e calamidades, colaboran en misións de seguridade cidadá e de protección civil, etc.; interveñen tamén no salvamento e na captura de animais, en catástrofes químicas, naturais e biolóxicas; e na totalidade dos procedementos operativos e protocolos de actuación en situación de grave risco colectivo, calamidade pública ou catástrofe extraordinaria, estes protocolos sitúan os bombeiros na zona máis quente ou perigosa, sempre están en primeira liña de praia.

Os escenarios de actuación a ninguén se nos escapa que entrañan perigos tanto de orixe eléctrica, mecánica, térmica, química, nuclear, biolóxica, cos conseguintes riscos que isto supón.

No que atinxe a un apartado especial, que pode ser a toxicidade, é necesario destacar o risco de intoxicacións por monóxido de carbono, dióxido de nitróxeno, cianuro de hidróxeno, dióxido de xofre, cloruro de hidróxeno e outros compostos químicos claramente nocivos.

E no que se refire á penosidade, traballan en lugares con atmosferas tóxicas e enrarecidas, soportando altas temperaturas, cun equipamento pesado en condicións que provocan moitas veces estrés térmico e agotamento. Aínda que, no do equipamento pesado, vostede recoñece que neste país aínda queda moito por conseguir e camiñar.

Hai que recordar tamén que actúan en sinistros que causan un grave impacto emocional e psicolóxico e que provocan posteriores estados de ansiedade e de estrés traumático. Resulta evidente a dificultade de realizar estas funcións a partir, claro está, dunha determinade idade. A axilidade, a potencia, a resistencia e a seguridade producen niveis de risco altos, e todo iso vencellado á necesaria eficacia que require un servizo público que –repito– é vital para todos e tamén para os cidadáns.

Parece razoable, pois, que se lle impida –eu creo que no mundo sanitario parecería razoable– a un cirurxián afectado pola enfermidade de Párkinson que puidese operar. Fago a traslación e a comparación: parece razoable, logo, que non continúen desempeñando o seu labor persoas que desenvolven unha profesión que require unhas condicións físicas elevadas, ao longo de toda a súa vida profesional, e que estas condicións, a partir de certa idade, son difíciles de cumprir cun mínimo de garantía para a sociedade e tamén para os propios traballadores. Os bombeiros están constantemente expostos a situacións de risco que puntualmente implican un perigo real e que á larga inciden dun xeito negativo na súa saúde. Hoxe en día, o colectivo non dispón da posibilidade de proceder a unha anticipación da súa idade de xubilación e se ven diminuídas ou afectadas as súas condicións físicas non lles queda outra vía legal que solicitar a declaración dunha incapacidade laboral. Iso, loxicamente, implica que a maioría dos bombeiros, logo dun servizo honroso durantre os moitos anos que se dedicaron a estas tarefas, teñen que deixar, dalgún xeito, o seu posto de traballo pola porta traseira.

Nós, señora López Díaz, aspiramos a que esta reivindicación xusta do colectivo dos bombeiros se faga en beneficio do corpo de bombeiros, pero tamén vai redundar en beneficio de todos os cidadáns. Pero claro, gustaríanos tamén que vostedes nos contaran *que hai de lo suyo*. Xa algo dixo antes o compañeiro que me precedeu no uso da palabra. *¿Y que hay de lo suyo?* ¿Que pinta a súa consellería nesta cuestión e, en concreto, con este colectivo? Privatización dun servizo público esencial para a comunidade, conflitos laborais permanentes entre os traballadores e as empresas que xestionan este servizo público. Póñolle un caso: Valdeorras. E nese plan galego contraincendios, ao que vostede fai mención, aínda queda moito camiño por percorrer e moito territorio sen cubrir. É dicir, hai moitos cidadáns deste país que non teñen a oportunidade de gozar dun servizo público vital para as súas vidas e para o seu patrimonio.

Ao que aspiramos os socialistas galegos é a constituír un corpo de bombeiros público e universal e, ao mesmo tempo, integral, cousa que vostedes non levan feito e non pensan facer.

E remato, señora López Díaz, dicíndolle que nos gustaría que respectara as formas, que a proposición non de lei fora acordada polos tres grupos parlamentarios. Así nós non

teriamos ningún problema para poder apoiala afirmativamente, e lamentamos moito non poder facelo. E tamén lle recordo uns feitos innegables. Hai un inicio de negociacións por parte desta plataforma que representa a maioría deste colectivo, en concreto co Secretario de Estado de Seguridade Social. Creouse un equipo de traballo que está facendo ese catálogo de enfermidades do que antes falaba o señor Feixóo e, polo tanto, eu creo que hai esperanza para no futuro acadar un acordo satisfactorio para o colectivo dos bombeiros, e non só para o colectivo de bombeiros, senón, o que é máis importante, para todos os cidadáns.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López Vidal.

Rolda de posicionamento a respecto das emendas.

Ten a palabra a señora López Díaz.

A señora LÓPEZ DÍAZ: Si, señor presidente.

Señor Rodríguez Feixóo, primeiro téñolle que dicir que a Xunta de Galicia, en colaboración coas deputacións, como ben vostede sabe, vai crear os parques de bombeiros en todas as cabeceiras de comarca. Este é un plan que se vai facer e que se está levando a cabo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, señor Rego, déixeme acabar.

Señor Rodríguez Feixóo, vostede dicíame na súa intervención e no texto da súa iniciativa que recoñecía a mesma Xunta que non levaba eses equipos. Eses equipos refírense aos equipos da Lei de prevención de riscos laborais. Como están excluídos desa lei, precisamente non levan eses equipos, pero levan outros aos que xa fixen mención.

Respecto do cadro ao que vostede se refire, señor Rodríguez, ten razón, efectivamente, que sería lóxico –se tiveramos esa competencia– elaboralo aquí e tamén impoñer ese coeficiente, ben en función dos anos adicados a esa profesión de bombeiro ou ben en función dunha idade determinada. Iso poderiámolo facer aquí. Pero non somos competentes; entón, non o podemos facer. Temos que instar o Goberno da nación para que, en colaboración co sector, elabore ese cadro de enfermidades profesionais e aplique tamén eses coeficientes redutores aplicables a este caso.

Tamén me di vostede na súa emenda que o que quere é transferir iso. Vostede aplica o principio xeral do dereito, de que "podo máis, podo menos." Evidentemente, pero vou rexeitar a súa emenda non porque non estea feita con rigor, como case sempre fai vostede nesta Cámara, senón porque vostede vai máis alá da nosa iniciativa.

A respecto do señor Vidal, téñolle que dicir que me alegro moito de que vostede apoie esta proposición. Tamén me di vostede que nos acordamos de facer esta iniciativa desde que cambiou o Goberno. Non é verdade, señor Vidal. Mire vostede, en Castilla-León, o Grupo Parlamentario Popular, o 24 de decembro de 2003, foi o primeiro grupo parlamentario que presentou esta iniciativa. Co cal, non é verdade o que vostede me manifesta.

Respecto desa reunión que di vostede para facer esta proposición en conxunto cos tres grupos, non tería ningún problema a deputada que lle fala en facer esta iniciativa cos tres grupos, pero, que eu saiba, tampouco ningún dos grupos parlamentarios se dirixiu ao Grupo Parlamentario Popular para facer esa iniciativa conxunta. Eu non estiven en ningúnha reunión; se non, non tería ningún problema en facela en conxunto. É máis, eu aquí xa fixen en conxunto outra proposición non de lei, precisamente cos tres grupos parlamentarios. É dicir, que non habería ningún tipo de problema.

Por tanto, nada máis. Dou por rematada a miña intervención.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora López Díaz.

Pasamos a votar, se ocupan os seus escanos, por favor.

Votaremos a proposición non de lei, tal e como vén publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, cómo non, se non ten inconveniente a autora da iniciativa, votaremos por puntos.

Procedemos a votar o punto número 1 da proposición non de lei.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 66.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto por unanimidade.

Pasamos a votar o punto 2.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 52; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto.

Interpelación do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do incumprimento da resolución aprobada no debate do estado da Autonomía do ano 2002 referente á presentación dun plan estratéxico de desenvolvemento rural, as medidas adoptadas polo Goberno galego nestes últimos quince anos ao respecto e as recollidas no plan anunciado

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sineiro García.

O señor SINEIRO GARCÍA: Si, señor presidente.

Señorías.

Benvido, señor conselleiro, da súa viaxe ao exterior, a Arxentina. Temos unha agricultura moi potente e iso fixo que vostede, no curto espazo no que é conselleiro, xa visitara os produtos que nós exportamos ao exterior e as empresas que temos de satélite no exterior. Benvido.

A interpelación que nós lle presentamos está relacionada co anuncio que fixo a súa consellería nas últimas semanas dun plan ata o 2020; é dicir, de agora en quince anos. E nós presentamos esta interpelación non para mirar qué é o que se vai facer de agora en quince anos, senón o que se fixo nos pasados dezaseis anos e cal é a situación do noso medio rural.

As propostas de futuro tamén nos interesan. E con esas propostas de futuro, cada un dos grupos parlamentarios, dos partidos políticos desta Cámara, acudiremos ás próximas eleccións. E será tarefa fundamental do novo goberno que saia elixido nas urnas convocar os demais grupos parlamentarios, para, precisamente, sentar as estratexias cara ao futuro. Pero o señor conselleiro convirá comigo en que ao final dunha lexislatura e ao remate dunha longa etapa de goberno o que sería fundamental sería que, poñéndose nunha postura realista, vostede nos tratara de presentar cal é a situación que temos de desenvolvemento no noso medio rural, as políticas que se puxeron en execución, aquelas que deron resultado e aquelas outras que convén modificar. É dicir, que vostede nos tivese unha avaliación do presente para preparar mellor o futuro. Iso non foi así, non é así no documento que vostedes teñen colgado en internet e que tamén nos enviaron, nin é así mesmo porque nin sequera están as propostas. E, ademais, o problema gordo é que se incumpriu unha resolución do debate do estado da Autonomía do primeiro ano desta lexislatura, no que, a instancias do noso grupo, o Goberno se comprometera a presentar nun prazo máximo de seis meses un plan estratéxico de desenvolvemento rural, co obxectivo de promover a mellora de ingresos e condicións de vida da poboación rural. E estou falando de algo que se aprobou no primeiro ano desta lexislatura. Incumpriuse e non sei por que.

Porque, mire, hai unha estratexia galega para o medio rural, un documento pagado con fondos da Consellería de Economía, con data do 21 de setembro do 2000, no que xa estaban contidos a maior parte dos puntos desa estratexia. Mellor dito, este era un avance moito máis amplo que o que vostedes acaban de colgar en internet; e léolle a data: 21 de setembro do 2000. O señor conselleiro de Economía, o señor Orza, déranolo aos portavoces dos grupos políticos precisamente para que empezaramos a avaliar, a finais da lexislatura pasada, a situación do medio rural e comezar, esta pasada lexislatura que estamos perdendo, no traballo serio sobre o medio rural. Este era o documento. E tamén lle presento documentos que xa perderon a cor. Eran verdes, e verdes intensos. Perderon a cor, están descolorados. Estes son partes de estudos comarcais que vén publicando a Xunta de Galicia desde o ano 1992 e case todos son iguais, teñen un

estudo de solos e de clima, e despois o que é específico para cada comarca, a avaliación de recursos, etc. Son 15 follas que practicamente non varían unha respecto da outra.

Desde o comezo, os gobernos Fraga dixeron que se ían dedicar con especial fincapé ao medio rural. Eu aínda me acordo do debate de investidura do señor Fraga, cando dicía que ía poñer unha serie de teleclubs de centros parroquiais, arredor duns 600 por Galicia adiante. Esas son ideas estrafalarias que mellor foi que non as puxera en práctica. Pero quérolle falar dalgunhas das ideas estrafalarias das que se falou nesta Cámara hai case dezaseis anos e que non se cumpriron. E o peor é que foi un compromiso de goberno establecer unha Secretaría Xeral de Desenvolvemento Comarcal próxima ao presidente da Xunta de Galicia, na Consellería da Presidencia, durante a maior parte da etapa do Goberno Fraga, que creara comarcas-piloto no ano 1992. E dicíase que se impulsaban plans de desenvolvemento comarcal. ¿Onde están, señor conselleiro? E, despois, cando se establece a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural como un instrumento específico de coordinación das accións do Goberno, e que estaba na Consellería de Economía a finais da lexislatura pasada, ¿onde están as súas accións durante estes anos e onde está incluso esta coordinación interna dentro da Consellería de Política Agroalimentaria entre unha Dirección de Desenvolvemento Comarcal e esa Agader?

Eses son os problemas que a nós nos interesan, señor conselleiro. Interésannos eses problemas porque, desgrazadamente, durante estes últimos dezaseis anos a renda da agricultura baixou. Estamos ante unha crise da agricultura, e non llo digo eu, dillo ata o propio documento colgado en internet da súa consellería. Acepta que hai unha crise na agricultura. Hai unha forte perda de poboación, e vostede dirame: "Parte desa perda de poboación é o resultado do éxodo rural de décadas anteriores". E estamos de acordo. Pero hai outra parte importante e significativa que é a que se refire a mozos do rural que emigran porque non hai expectativas de traballo para o futuro. E se quere podemos achegar algúns datos.

E o problema, señor conselleiro, é que estamos a falar dun rural que ten unha renda baixa. E cando falamos do rural, deberamos, en primeiro lugar, poñernos de acordo sobre o que é o rural. E que a Xunta de Galicia non diga, como gran anuncio espectacular, que hai plans Agader, Leader ou Proder en toda Galicia, senón que, como xa marcaba esta estratexia contratada pola Consellería de Economía, xa se falaba de que interesaba unha acción específica e concentrada naquelas porcións do territorio, nunha parte importante do noso territorio, que tiñan as maiores debilidades. Esa é a mesma filosofía de cohesión territorial dos propios fondos europeos, nos que se tratan de concentrar as accións sobre as zonas que teñen maiores problemas.

Temos Agader que, en principio, eran para coordinar o Goberno, e eu teño aquí ata un ditame do Consello de Relacións Laborais a unha orde da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, e tanto a parte empresarial como a dos sindicatos opóñense a algo evidente: a que en teoría sacan unha axuda para promover a dinamización do emprego feminino e xuvenil no rural e empezan por non saber definir o rural. Din: "De menos de 20.000 habitantes". De menos de 20.000 habitantes hai moitos concellos; hainos dos máis pegados ás cidades, que están medrando, e son sobre todo urbanos. E hai ao mellor ata algún concello de máis de 20.000 habitantes que ten unhas zonas rurais claramente establecidas. Por certo, non deixa de ser curioso que neste ditame do Consello de Relacións Laborais se vaia ao mesmo resultado que nós poñemos, que é que, sobre todo, onde hai que poñer unha énfase é na metade dos nosos concellos nos que, estando só o 20% da poboación, son as 2/3 partes do territorio, e perderon na década dos noventa arredor do 18% da súa poboación e case un 22% dos seus ocupados. Despois hai unhas zonas intermedias e logo hai outras zonas que, fundamentalmente, o que teñen é unha problemática de zonas rurais en contacto directo coas zonas urbanas.

Esta é a situación, estes son os problemas, e non fan falta retoques pequenos, senón retoques importantes. No propio documento da súa consellería hai importantes deficiencias en infraestruturas, e fundamentalmente en equipamentos no rural en cantidade e calidade. ¿Por que, señor conselleiro? ¿Que se avanzou nestes dezaseis anos para que o propio diagnóstico da súa consellería –que non é un goberno recén chegado, que é un goberno que traballou dezaseis anos e que nos dixo que as accións no medio rural eran prioritarias, e que se poñían distintos instrumentos, e fixéronse distintas promesas– sexa que ao remate desta etapa do Goberno Fraga se nos diga que os problemas veñen sendo moi similares aos que tiñan hai máis de quince anos? Faltan estándares de

infraestruturas e equipamentos no rural, que poden supor un risco de desequilibrio entre territorios; hai un descoñecemento dos niveis reais de carencias e deficiencias para cada concello individualizado; hai competencia e disfuncionalidade entre usos e actividades –enerxético-turísticas, turismo, actividades agroforestais, uso residencial e turismo co uso gandeiro–; hai a inexistencia dunha política de tenencia de terra e de xestión do territorio axustado ao medio rural galego. ¿Que quere que lle diga? A pesar da idea xeneralizada da abundancia e da diversidade dos recursos do rural, estes non están inventariados, tipificados, coñecidos, valorados, localizados, aínda que vostedes acaban onte de inaugurar a nova folla dos [...]. Hai falta de concertación e coordinación horizontal e vertical entre as administracións con competencias territoriais –póñollo así de lado para que vexa que leo sobre estes documentos–, hai falta de mecanismos, de órganos, de procedementos regulados de coordinación entre responsables técnicos das administracións para a coordinación, xestión e resolución dos conflitos, e mesmo, cando fan unha visión do turismo, din: "turismo rural e non rural". Isto é curioso. "Risco de implantacións turísticas no rural como réplicas do urbano" –cando foi un dos programas estrela–, "risco de saturacións no turismo rural en determinadas zonas e non aproveitamentos doutras, impactos sobre urbanizacións arredor das cidades, agravamento da brecha tecnolóxica". Esta é a diagnose que fan vostedes. A nós interésanos afondar nesta diagnose, sobre todo tratando de determinar aquelas políticas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SINEIRO GARCÍA:... –remato, señor presidente–que tiveron éxito e que deberan ser continuadas para o futuro, pero tamén nos interesa que nos dea a avaliación daquelas políticas que tiveron problemas, porque –e remato xa, señor presidente– vostede convirá comigo en que con arredor de 60 millóns de euros simplemente no orzamento do Agader nos últimos catro anos isto merece unha reflexión seria e unha dación de contas ante o Parlamento.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Sineiro.

Resposta por parte da Xunta.

Ten a palabra o señor conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL (Santiso Miramontes): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, compráceme extraordinariamente atoparme ante vostedes hoxe no pleno do Parlamento de Galicia para, como conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, dar conta dos traballos que este Goberno está a desenvolver nun dos asuntos de maior relevancia para a vertebración territorial, ambiental, social e económica de Galicia: o rural galego, as nosas comunidades e os nosos territorios rurais. Este Goberno ten claro que non haberá converxencia real de Galicia coa Unión Europea se a riqueza e o emprego se concentran nas zonas urbanas e se abandona á súa sorte o resto do territorio, como está a suceder noutras comunidades autónomas. Quen elixa ese modelo ten que ser consciente de que a única meta que podería chegar a alcanzar é a da converxencia nominal e que o prezo que tería que pagar sería o da desvertebración social, territorial e medioambiental do país.

A poboación está a pedirlles aos políticos –sen distinción de cor– que acompañemos o esforzo que eles mesmos están a despregar polo rural, e non podemos defraudalos. Estamos a plantexar un gran pacto social polo desenvolvemento de Galicia a través do desenvolvemento do seu rural, un pacto social baseado na cohesión económica e social. Contamos cun mandato claro do Parlamento de Galicia, dos cidadáns do noso rural e do conxunto da actual sociedade galega. Efectivamente, existe consenso entre os grupos políticos presentes nesta Cámara sobre a necesidade de facer do desenvolvemento rural unha das claves da Galicia do século XXI. O Pleno do Parlamento de Galicia instou a Xunta de Galicia a presentar un plan estratéxico de desenvolvemento rural. Evidentemente, un plan deste calado, profundidade e amplitude non se elabora de hoxe para mañá. Así, seguindo o mandato do Parlamento de Galicia e de acordo co establecido previamente na estratexia galega para o medio rural, elaborouse un avance do Plan galego de desenvolvemento rural. Este avance foi obxecto de debate no Consello Asesor da Agader para posteriormente remitirse aos departamentos da Xunta de Galicia con responsabilidades na materia. Celebramos máis de trinta xuntanzas con representantes de direccións xerais de once consellerías e participaron nesas xuntanzas máis de cincuenta persoas. Unha vez incorporadas as achegas dos departamentos da Xunta, a primeira parte do

plan foi sometida á exposición pública e remitíronse máis de mil cartas aos concellos, organizacións sindicais, universidades, asociacións de veciños, organizacións profesionais, consellos reguladores, entidades cooperativas, grupos de cooperación local, fundacións comarcais, etc., solicitando a súa participación, achegas, ideas e comentarios. Máis de seis mil persoas visitaron a páxina *web* para consultar o documento, remitíronse máis de catrocentos CD e copias en papel, e recibíronse máis de 125 achegas con ideas e con propostas concretas.

O Plan galego de desenvolvemento rural, a Galicia do 2020, que dá resposta ao mandato desta Cámara, ou así o pretende, e unha demanda social de primeira magnitude e indubidable transcendencia, pretende ser o marco estratéxico e operativo de referencia da actuación pública galega para o medio rural nos vindeiros quince anos. Desde o primeiro avance do plan ata a súa versión final o documento está a ser mellorado substancialmente grazas ás achegas da cidadanía, das administracións locais, das empresas, dos sindicatos, de organizacións non gobernamentais de todo signo, de colexios profesionais, de cámaras, etc.; en definitiva, dos protagonistas reais da Galicia do 2020, da xente que está a facer posible un novo rural galego desde o traballo cotián. As accións do Goberno contribuíron a que o sector agrogandeiro experimentara a transformación en liña coa realidade agropecuaria dos países do noso contorno comunitario: perda de efectivos en explotacións sen viabilidade económica nin ambiental; aumento do tamaño das explotacións; crecemento pronunciado da produtividade por traballador, por explotación e por tempo de traballo; mellora da transformación e comercialización das producións; aumento da calidade e prestixio para o froito do traballo do sector; fomento do cooperativismo; etc. Así mesmo, a silvicultura e a súa viabilidade como xeradora de rendas en Galicia segue crecendo como segue crecendo a formación e a estruturación do sector ao longo de toda a cadea, do valor das producións forestais e do monte.

En definitiva, son cambios que transformaron para ben as condicións de traballo no sector agrogandeiro, facéndoo máis atractivo e que as explotacións galegas con futuro gañasen tamén en viabilidade económica e medioambiental. Polo tanto, o sector é máis atractivo desde o punto de vista laboral, desde o punto de vista da rendibilidade económica e desde unha análise da súa viabilidade a medio e a longo prazo.

O desenvolvemento rural non pode concibirse sen o desenvolvemento agropecuario, sen dúbida, pero o medio rural é arestora e será mañá moito máis que o sector primario. A diversificación produtiva non tivo lugar soamente no seo do sector primario, senón no seo do *entramado* empresarial rural. O crecemento do sector secundario e terciario tamén foi fomentado polo Goberno da Comunidade Autónoma e constitúe un bo exemplo do potencial do noso rural. O aspecto das 90.000 empresas, nestes dous sectores no medio rural no día de hoxe, dá unha idea do cambio colosal de perspectivas experimentado na última década polos traballadores e polos empresarios do noso rural. Entre 1999 e 2002 creáronse preto de 7.000 novas empresas; número que medrou ano tras ano en todos estes subsectores, o que supón que o 55% das empresas galegas estean sitas no rural.

O proceso de integración da variable rural nas políticas do Goberno está tamén a avanzar. As políticas da muller, emprego feminino e xove, novas tecnoloxías ou comercio recollen esta variable de xeito explícito. Outras políticas teñen unha compoñente rural fóra de dúbida, como a política forestal, a política de conservación da natureza, de pechado e acondicionamento de vertedoiros, de saneamento e abastecemento de augas, etc. As intervencións públicas ao longo destes anos permitiron unha vertebración do territorio galego e a interconexión das súas cidades intermedias grazas á construción de estradas, autovías, autopistas, ao establecemento e mellora das redes de distribución enerxética, e melloras na infraestrutura ferroviaria e portuaria ou ao apoio ás empresas industriais, comerciais e de servizos, á construción, reforma e equipamento de múltiples centros educativos e de formación, á mellora dos sistemas de transporte rural, ao desenvolvemento dos servizos públicos de carácter local, á mellora das infraestruturas e equipamentos sociais e sanitarios, á conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico, á recuperación de vivendas no medio rural ou a notables melloras nas infraestruturas turísticas e culturais. Así mesmo, promoveuse a provisión e a adecuación de espazos produtivos e de servizos ás empresas, así como o aumento significativo da calidade de vida nesas zonas grazas á mellora no abastecemento e a depuración de augas residuais ou das infraestruturas existentes da utilización da auga. Así mesmo, a potenciación de actividades artesanais e a creación de empresas de servizos ou vencelladas ao sector do ocio, ou a creación dun sector servizos adaptado á súa densidade demográfica, a valoración de produtos tradicionais e novos

ou a conservación e a mellora do medio son liñas de actuación prioritarias para as intervencións públicas do noso rural. Sobre a base do feito nestes quince anos e co novo pulo dado ao desenvolvemento rural cumpría iniciar un proceso de replantexamento rigoroso do futuro e da localización do rural galego no século XXI. Existen, así mesmo, novas ideas que temos que testar, novas demandas da sociedade ao rural, novas perspectivas para estes territorios. O plan –repito–, elaborado desde a participación cidadá, vén a ofrecer alternativas, a buscar a igualdade de oportunidades, a reforzar a idea da cohesión territorial, económica e social, a impulsar a converxencia de Galicia coa Unión Europea. O plan vén a pór a perspectiva rural no máis alto da axenda política do Goberno da Xunta. Coido que vai ser difícil que ningunha comunidade autónoma presente un documento no que se buscara de xeito máis tenaz o consenso e o diálogo coa sociedade como no caso do Plan galego de desenvolvemento rural.

¿Que medidas se recollen no plan? O plan xira en torno a catro eixes fundamentais: a dinamización do tecido produtivo, a mellora da calidade de vida, a mobilización da iniciativa rural e a coordinación das actuacións para o desenvolvemento rural. Temos que impulsar dun xeito definitivo o dimensionamento do tecido produtivo, aproveitando de xeito sostible o gran potencial do noso rural, producindo para os mercados dun mundo globalizado e pechando ciclos de produción, e temos que facelo favorecendo a diversificación económica que o noso rural vivirá nestes quince anos. Temos que seguir avanzando cara á racionalidade na articulación dos asentamentos sobre o territorio, reforzando o sistema de cidades e vilas intermedias e consolidando o sistema policéntrico de poboamento. O Plan recolle 57 medidas que inclúen máis de 300 actuacións concretas.

Con independencia de que o reforzo da relación urbe-rural sexa a clave para o futuro do medio rural, a aplicación territorializada pretende unha dobre discriminación positiva: por unha banda, a favor do rural fronte ao urbano; por outra banda, a favor do rural menos favorecido fronte ao rural máis favorecido. As medidas aplicaranse con maior intensidade de apoios nas zonas rurais máis desfavorecidas; aquelas que requiren unha acción prioritaria e sempre tendo en conta as características das zonas nas que vaian ser aplicadas. Estas medidas van mais aló das actuacións clásicas plantexadas desde a Unión Europea no tocante ao desenvolvemento das zonas rurais. A execución das accións previstas no plan supoñerá unha importante inserción de novos fondos autonómicos non previstos ata o de agora, aos que se sumarán os fondos que na actualidade, nos vindeiros anos, se van destinar ao desenvolvemento rural na nosa comunidade autónoma, no marco da programación de fondos comunitarios. Estas medidas comprenden obxectivos, accións específicas, órganos executivos e outra serie de datos que faciliten a súa comprensión. Algunhas son de aplicación inmediata e outras requirirán cambios normativos, análises en profundidade e estudos previos.

Este é un plan feito á medida das necesidades e obxectivos do rural, con rigor e moito traballo, e hai que de situalo onde lle corresponde: nun dos rurais máis desenvolvidos da Europa do século XXI, evidentemente coa axuda e colaboración de todos.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos que queiran participar no debate? (*Pausa*.)

Ten a palabra o señor López Pérez polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

O señor LÓPEZ PÉREZ: Señor presidente, señorías.

Señor conselleiro, ¡Ave María purísima! Non se preocupen, é unha síndrome que me dixo a miña psicóloga particular que xa me pasará cando o Espírito Santo obre debidamente.

Señor conselleiro, onte á mañá pensaba eu se sería máis útil gardar dous minutos de silencio a ver se algún espírito inspiraba os responsables políticos, económicos e sociais deste país para resolver os graves problemas do despoboamento rural, da falta de actividade e da natalidade no noso medio rural. Mirado así, con toda frialdade, e, en termos relixiosos outra vez: *Amadísimos hermanos,* non hai por onde collelo. Este tema non hai por onde collelo. Señor conselleiro, vén vostede aquí cun plan, pero é que en 1990 xa hai un plan de desenvolvemento rural, e no ano 2002, nunha interpelación do BNG ao seu antecesor, dinnos que os sucesivos plans que conforman os plans Proder, Leader, Leader Plus e,

finalmente, Agader, nos deron un rural marabilloso, con todos os problemas solucionados. E agora vén vostede e di que outro plan para o 2020. Vostede recórdame a un veciño meu de alí, de Lugo, da Ferbedoira, ao que, estando un día, despois de poñer ladrillos todo o día, dacabalo da súa moto ao ralentí, coa súa dona –que viña con el e ía á tenda–, lle chegaron dous rapaces destes dos Estados Unidos, mormóns ou algo así, e despois de escoitalos, de alí a un cacho, razooulles así, tratando de falar no seu idioma, non no inglés: *"Vamos a ver, yo sé que hay un Dios, y ahora ustedes, ¿otro Dios? ¡Imposible!"*

Señor conselleiro, nós sabemos que hai un plan, ténsenos dito por activa e por pasiva, o Plan de desenvolvemento rural. Vaise deixar de apoiar a agricultura e substituíla polo terceiro piar, que é o desenvolvemento rural, o turismo rural, todas esas industrias que vostede nomeou, as que di que apareceron –non as que desapareceron–. Unha explotación moitas veces é moito máis que unha casiña que fixo alí Juan Pérez, ¿entende? Ben, se hai todo ese plan, se nos dixeron que había todo ese plan, ¿por que volve vostede agora con outro plan? ¿Ve vostede que está descualificando totalmente a acción do Goberno, que está vostede poñendo en evidencia todos estes anos do señor Fraga? Eu, desde logo, non sei como se lle ocorreu isto. Como dirían no oeste: Eu que ti non o faría, forasteiro. Porque virá Fraga e dirá: ¡Home, moi bonito, agora chegas ti aquí, e eu, que tiña feito o meu plan...! Vostede limpoulle o plan ao señor Fraga. Isto non pode ser, señor conselleiro.

Mire vostede, fala vostede tamén agora de pacto social e de plans. A xente está farta no medio rural –e por iso vostedes presentan un plan– de plans e de pactos, quere solucións aos problemas que lle estou dicindo. Fíxese no que dicía anteriormente outro conselleiro: "Dada a grande eficacia que mostran estas iniciativas podemos dicir con satisfacción que estes programas son cada vez máis obxectivo de control da súa evolución por parte da Comisión da Unión Europea, que empeza a reflexionar sobre a posibilidade de que parte das súas liñas de axuda e recursos poidan xestionarse por entidades moi semellantes ao actual modelo de grupos de acción local". Pero teña vostede en conta que, desde o ano 1990 ao 2000, e mais o outro plan do 2000 ao 2006, suman a *friolera* de 84.344 millóns das antigas pesetas –con algo máis–. Contadas por pesetas de hai uns anos, son os fondos equivalentes a tres exercicios da Consellería de Política Agroalimentaria. E agora hai que facer outro plan porque os 84.000 ou 85.000 millóns de pesetas foron incapaces de solucionar os problemas de desenvolvemento rural, independentemente de todos os outros fondos que utilizou a consellería. Un gran fracaso, señor conselleiro.

Pero podemos seguir e ver cales son os resultados dese plan. Unha contestación de hai dous días –pódolle ensinar cando queira esta obra–: Concello de Baleira; os castros da Pena dos Mouros, de Agolada, [...]; unha famosa restauración arqueolóxica –hai a foto dunhas uces, podo mostrarlla, que a teño aí–, con Fondos Feoga, 16.713.503 pesetas, máis o que puxo o concello, co que sumamos máis de 20 millóns de pesetas, e hai unhas uces. ¿Onde van? Podo seguir e podo pasearlle por moitos concellos de Galicia polo mesmo tema. Xa pasariamos a maiores. Estoulle falando de datos contrastados, e a presidenta de Agader, señor presidente, aínda non nos mandou as facturas, nin vostedes tampouco; porque non poden facelo, porque posiblemente se abriría un proceso de escándalo co malgasto dos fondos e a desaparición de fondos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e dos ditos plans.

Outro caso. Área recreativa –tamén teño a foto, consultado a empresas– no nacemento do río Neira –que non nace alí–, a área recreativa da Fontaneira. Esa obra vén custando hoxe, presupostada por unha empresa calquera –son catro mesas de pedra, unha fonte e unhas arboriñas–, millón e medio das antigas pesetas. Foron máis de 22 millóns de pesetas –están aquí–: materiais de aluguer e maquinaria, cinco millóns e pico; mobiliario de área recreativa, seis millóns e pico; man de obra –as mesas virían labradas–, cerca de seis millóns; así ata 22 millóns. Teño a foto e tamén lla podo ensinar.

Isto é o que explica, entre outras cousas, todo iso. Pero é que, ao lado, hai poboacións nas que está coidando a xente, do seu peto, de que non caian os hórreos, de que non caian as casas e de que non se desfaga o patrimonio, ¿comprende?

Pasemos a analizar –se somos capaces en pouco tempo– o que din os expertos sobre as causas do despoboamento rural e sobre as causas profundas dos problemas de natalidade. E estou falando da xente que máis coñecemento ten e que máis estudado ten hoxe isto en Galicia. As diferenzas en fecundidade, expresada en fillos por muller, dá unha idea de

que o declive demográfico non é só achacable á emigración. Así, as provincias orientais xa presentan uns índices sintéticos de fecundidade notablemente menores a mediados dos setenta, especialmente notable é o caso de Ourense. E como este indicador de fecundidade non está afectado pola estrutura por idades de poboación, a diferenza non só é explicable polo comportamento demográfico, hai que facer referencia a posíbeis variábeis extrademográficas que inciden na decisión de ter fillos, e especialmente nas expectativas de futuro. Podería ser tamén debido a un mercado matrimonial difícil causado pola emigración, pero as taxas de nupcialidade non presentan gran variación; aínda máis, a fecundidade descende notablemente cando se pecha o ciclo migratorio e mantense cando hai emigración. Iso conduce a formular a hipótese dunha baixa fecundidade por falta de expectativas que fan máis difícil a decisión de ter fillos. Efectivamente, cando hai emigración quedan aquí os familiares cos fillos e os pais mandan cartos. É un problema, entre outras cousas, de falta de aproveitamento dos nosos recursos, de dinámica económica, de dinámica dos sectores produtivos. Estamos os do Bloque fartos de explicárllelo, e non lle imos durar sempre.

Seguimos, máis adiante, analizando estes problemas. Nos últimos anos, foron postas a proba diferentes experiencias para tratar de solucionar o despoboamento do mundo rural, e parece que ningunha funcionou. A multiplicación dos parques empresariais, a potenciación do turismo rural, a apertura de pistas, estradas e autoestradas, ou diferentes programas de iniciativa de ámbito europeo, estatal ou galego, quixeron servir de estímulo para a dinamización económica de amplos territorios de Galiza. Isto, xunto coas tímidas políticas demográficas, debería ser suficiente para reactivar tamén un crecemento poboacional paralelo ao económico. Nada diso parece ter acontecido e, ano tras ano, continúa a se evidenciar o avellentamento e a perda de efectivos humanos, particularmente os máis novos e as mulleres.

Entre o mundo rural e o urbano as situacións de partida son tan distintas que é preciso fixar a homoxeneización que acostuma a caracterizar todo tipo de intervención política. Como foi reiteradamente sinalado, o ámbito rural e o urbano teñen problemáticas moi particulares e non é posible tratar de aplicar solucións iguais a realidades que moitas veces son opostas. Do mesmo xeito que as medidas estritamente demográficas non semellan as máis axeitadas; polo menos, se non van acompañadas doutras de carácter económico e social. Non é aquilo do señor Fraga de dicirlle á xente que o que ten que facer é ter fillos. –Agora di que hai que facer manifestacións, algaradas. ¡Cantas veces dixo aquí o señor Pita: "!As algaradas, as tractoradas!". Pero, nada, sigan cara a adiante, dámonos conta de que fan ben en facer iso. Señor conselleiro, se quere un tractor, da gama que queira, fágome eu con el, e fagan as algaradas que queiran, non hai ningún problema.– Así, o noso índice sintético de fecundidade fica apenas en Galiza –no rural moito máis– no 0,9% fronte ao 1,2% de España, o 1,89% de Francia e o 1,54% de Portugal.

Hai moitos factores que se teñen indicado para explicar a existencia dunhas taxas de fecundidade tan extremadamente baixas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ PÉREZ:... –remato xa–, como a dificultade do acceso á vivenda, un mercado laboral demasiado cativo e precario, os excesivos gastos que xera unha crianza ou os problemas para conciliar a vida familiar e laboral. Son algúns dos que se citan con máis frecuencia. Sobre eles habería que propor reflexións máis profundas e solucións auténticas. Podemos, por exemplo, preguntar como é posible que non haxa mecanismos de control do prezo da vivenda cando estamos a falar dun ben de primeira necesidade que non deixou de medrar na oferta e nos prezos nos últimos anos. O proceso de despoboamento evidencia que o rural galego está a pasar dunha masculinización a unha feminización. Se no século XX os movementos migratorios, particularmente o americano, baleirou de homes as nosas parroquias, hoxe a emigración é feminina, e é máis acusada.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ PÉREZ: E remato xa cunha frase pequeniña, señor presidente, nada máis.

Din neste estudo que fan na universidade: ¿Por que emigra hoxe máis a muller? A resposta non parece moi difícil. En primeiro lugar, porque as oportunidades laborais no rural son moi escasas para elas e ás veces practicamente nulas. O feito de que o número de mulleres universitarias sexa superior ao de homes e que unha proporción importante delas proveña do rural reflicte en certa medida ese desexo de buscar oportunidades fóra dun ámbito no que o rol tradicional

da muller segue estando moi presente e que fóra de aí apenas hai nada que facer. Ou solucionamos, señor conselleiro, o problema dos sectores produtivos e o problema das familias e o problema da muller ou non hai solución para o problema rural. E non hai máis prazos, o plan xa existía.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López.

Rolda de réplica do autor da interpelación, señor Sineiro García.

O señor SINEIRO GARCÍA: Si, señor presidente.

Señor conselleiro, máis que haber un debate, vostede veu ler aquí unhas cuartillas que non responden ao debate tal e como está formulado na interpelación. O debate era sobre as razóns para o incumprimento –apenas nos falou delas pero digamos que ata pode estar contestada a primeira pregunta–. Pero o problema é cáles son as causas das perdas habidas nos últimos quince anos en materia de renda, en materia de poboación, en materia de ocupados, qué medidas estableceu a Xunta para impulsar o desenvolvemento rural nestes quince anos e cáles son os seus resultados, e cáles son as medidas contidas nese plan que vostedes presentan cara ao futuro. É dicir, vostede é un representante dun goberno, do final da etapa dos gobernos de Fraga, e vostede debía de render contas ante o Parlamento sobre esta situación. Non o fixo. E vostede convirá comigo en que, respecto dunha resolución que se aproba no primeiro ano da lexislatura, vostede non pode falar de cumprimento cando están dando a despedida e nos presentan un posible plan de propostas, que unicamente é de diagnóstico, señor conselleiro, que está en internet, nin sequera ten propostas.

E eu quérolle falar dos problemas de poboación. E nese aspecto teño certas discrepancias co portavoz do Bloque no sentido de que, no fondo, o problema de poboación é unha perda das últimas décadas do éxodo rural e unha baixa da taxa de fecundidade. Esa poboación perde, pero é que o grave –e o que polo menos había que remediar a curto prazo– é que se nos están indo os mozos, estánsenos indo as persoas que podían ter futuro no rural e non o teñen. E eu quérolle citar datos –por ser rigorosos– precisamente do Instituto Galego de Estatística. No período dos dez anos que van de 1992 ao 2002 –os últimos publicados– as perdas de poboación na comarca de Arzúa foron de 650 persoas, de xente que pertencía á comarca de Arzúa e que xa non está; de 1.580 na de Bergantiños, unha comarca que está entre o rural e o urbano; e de 250 na de Melide. Estas son as perdas brutas. Amortecéronse porque houbo fluxo de persoas, galegos, que traballaban en Cataluña ou en Madrid, e que viñeron pasar os seus últimos anos de vida na comarca, ou tamén de retornados da Arxentina que viñeron aquí. Pero o que temos é unha perda tremenda de poboación nestas comarcas, e o peor é que unha cuarta parte desta perda son mozos de menos de 35 anos. A fecundidade non a imos arranxar en catro ou cinco anos. Esa é unha medida máis a medio prazo. Pero o que temos é que atraer xente, inmigrantes en idade de traballar, doutras zonas. E o que temos que facer é frear a perda dos nosos mozos.

A nosa situación –e aquí aproveito unha resposta dada á miña compañeira Laura Seara– é tan grave que unha terceira parte dos núcleos rurais de Galicia corren o risco de perderse nos próximos anos. Hai 240 aldeas abandonadas, hai 8.500 que teñen menos de 10 habitantes. E segundo a resposta dada pola propia Xunta de Galicia o 23% están en risco. Esta é a situación á que ten que responder vostede como membro dun goberno que tivo as responsabilidades executivas nos últimos dezaseis anos. Hai que pedir opinións a todos, moi ben; pero terá que pedir esas opinións o novo goberno que saia das urnas para facer un pacto cara ao futuro desde o comezo da lexislatura, que ese foi o incumprimento que vostedes fixeron nesta lexislatura.

E cando falamos de empresas, señor conselleiro, eu rétoo publicamente a que me demostre con datos do IGE onde está esa creación de 6.000 empresas. Eu quero ser rigoroso, e estes son datos baixados do IGE nos últimos anos, os anos que vostede citou: de 1999 a 2002 só se crearon 1.794 empresas no medio rural, e vostede di 6.000. Está a enganar á Cámara. Eu non sei se o enganaron os seus colaboradores, pero eu dígolle que está a enganar á Cámara e a falsear os datos, e iso é grave, señor conselleiro. En Galicia, neses anos, creáronse 9.926 empresas, 8.450 en zonas urbanas e semiurbanas, e só 1.794 nas zonas rurais; e, delas, 1.523 con menos de dous traballadores. Señor conselleiro, aquí hai que falar con rigor, e non se poden falsear os datos. Se vostede non entra a ese debate –e voulle facer unha pregunta en Pleno para que me conteste, señor conselleiro– non falaría de falsear, senón que falaría de enganar. Agardo que só sexa

falsear, que vostede recibira uns datos equivocados, e non o outro.

E cando falamos de renda, vostede di: É un proceso de modernización da agricultura. Proceso de modernización é o que hai noutras comunidades autónomas, nas que durante os últimos dez anos aumentou a renda nun 26%; en Galicia diminuíu un 20%. En Galicia non só perdemos un 60% dos ocupados, senón que a renda por ocupado é do 35% da media europea e o 45% da de España.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SINEIRO GARCÍA: ¿A iso lle chama vostede modernización? Iso é reconversión. Hai escasamente 20.000 explotacións que teñen viabilidade económica con base na súa actividade agraria –remato, señor presidente–. Nas comarcas rurais de Galicia, desgrazadamente, a renda é unha banqueta, e é unha banqueta fráxil: o 35% da agricultura sobre o 32% de salarios e un 34% de pensións. Ese é o fráxil equilibrio que temos nas zonas rurais dezaseis anos despois deste Goberno de proclamas incumpridas. E vostede dinos que miremos cara ao 2020. Nós temos que mirar para a situación actual, mirar para o pasado e tratar de enfocar un mellor futuro con base, precisamente, nos erros, e tamén nas cousas positivas do pasado, que tamén as hai pero teremos que avalialas. E a responsabilidade do Goberno é fundamentalmente vir aquí a dar conta do seu Goberno.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SINEIRO GARCÍA: Porque quen non quere dar conta do goberno –remato, señor presidente–, malas políticas son as dese goberno.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Sineiro.

Ten a palabra o señor conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural para a rolda de réplica.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL (Santiso Miramontes): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sineiro, eu escoito moi atentamente as súas explicacións, a visión que ten da agricultura en Galicia dos últimos anos. Parece que ten unha teima de intentar analizar, no día de hoxe, os últimos dezaseis anos. A min paréceme –con todos os respectos para a Cámara– que os doce primeiros anos xa foron avaliados, dáme a impresión de que xa foron avaliados. Se me falara dos últimos tres ou catro anos, pois poderiamos estar falando de algo que é a realidade de hoxe, porque non respectar a decisión maioritaria do pobo en Galicia creo que non é ser coherente.

En segundo lugar, quero dicirlle que realmente fai descualificacións. A min paréceme moi ben, vostede ten unha visión, é lóxico, está na oposición. Tamén ten, efectivamente, a visión electoral de que dentro duns meses hai unhas eleccións; evidentemente o pobo galego dará o resultado que estime oportuno. Pódese cambiar o Goberno, evidentemente, e pode que non se cambie o Goberno, pero iso vai ser resultado dunhas eleccións. Eu, como comprenderá, teño outra visión de facer a política; pero dende que estou aquí o único que procurei é facer esa diagnose coas cousas boas e mais coas cousas malas. E, a partir de aí, facer un plantexamento dun plan de desenvolvemento e ofrecerlles aos grupos da oposición e mais a todos os axentes socioeconómicos que quixeran plantexar as súas suxestións, as súas contribucións, que así o fixeran. Evidentemente, neste tempo estivo colgado de internet o avance –porque o plan en si aínda non está, porque, aínda que está redactado, non se deu a coñecer, será coñecedor del, se o quere ver, evidentemente–. Pero, en canto ao avance, non vin que nin o PSOE nin o Bloque fixeran ningunha achega, ningunha suxestión, ningunha alegación, nada de nada, en absoluto; o que me resultou, en principio, estraño, dado que lle recordo que, nunha comisión na que se presentou o presuposto deste ano e cando se falaba do Plan de desenvolvemento rural, vostede volveu dicir que, efectivamente, era electoralista, que ía haber unhas eleccións dentro de pouco tempo. Eu creo –así o penso– que os momentos todos son bos, e, de calquera forma, despois de facer esa análise, e se vostedes o cren oportuno, acheguen as ideas que consideren axeitadas. Porque, se non o van facer agora, a min dáme a impresión de que non van ter moito máis tempo, salvo que pretendan gobernar, cousa que está por ver aínda. Porque ás veces hai que esperar o tempo e ás veces tamén se engana un nas súas apreciacións, que pode ser que non. Aventurar un resultado hoxe en día como vostedes fan –que vai cambiar o Goberno, que se van estar gobernando...–, pois paréceme moi ben, pero haberá que esperar ao momento das urnas para que así o digan.

Realmente a min dáme a impresión de que ten unha visión equivocada do que é a Galicia do rural –con todos os meus respectos e con todos os seus coñecementos–. Home, eu vivín nela e coñézoa realmente, igual é que a piso a pé, sei o que é vivir no campo, souben sempre o que era vivir no campo, porque saín del e, polo tanto, sei cal é a realidade del. Outra cousa é que me poida equivocar nos plantexamentos de aquí cara ao futuro. Pero, ben, tamén estou aberto á posibilidade do que vostedes acheguen, evidentemente. Pero, claro, dicindo que todo é negro, coma se isto fora o acabouse o mundo, non creo que vaiamos achegar nada positivo de cara ao futuro, calculo eu. A non ser que pensen que isto se vai solucionar por obra e graza de Deus, eu penso que non. Haberá que poñer ideas e poñer plans enriba da mesa. E que conste que este vai ter achegas económicas maiores das que en principio estaban previstas polos plans da Unión Europea.

Quero dicirlle, señor Sineiro, que este plan xa está redactado, está tendo os últimos contactos cos departamentos e, ademais, estase negociando o tema das achegas económicas. E despois de estar no Consello Asesor –do Agader– será aprobado polo Consello da Xunta e despois será traído aquí ao Parlamento, e poderao ver e poderá discutilo –á parte de expoñelo outra vez ao público para que a xente o coñeza e tamén dean todas aquelas ideas que consideren oportunas–.

Nada máis. Ao representante do BNG realmente quero dicirlle que foi simpática a súa intervención e que me fixo moita graza. De calquera forma, como comprenderá, non podo ter a mesma visión que ten vostede sobre o rural galego. Creo que as probas están aí, e non me vou estender máis no asunto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Á seguinte interpelación pasaremos ás catro e media da tarde.

Ata entón suspéndese a sesión.

Interpelación, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a utilización con fins partidarios dos medios de comunicación públicos polo Goberno galego e nomeadamente polo señor conselleiro de Cultura e Comunicación Social

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Lage Tuñas para formular a interpelación.

O señor LAGE TUÑAS: Boa tarde, señor presidente.

Señorías.

Boto en falta a presenza do interpelado, señor conselleiro de Cultura e Comunicación Social, don Jesús Pérez Varela. Xa sabemos que o Goberno decide quen responde, dígoo para que aforren tempo nas explicacións. Debe ser que non se atopa en disposición de vir explicar o que fai ou o que deixa de facer.

Como non pode ser doutro xeito, o Grupo Parlamentario Socialista, unha vez máis, temos que poñer no frontispicio, na axenda política do país, a constante manipulación e utilización dos medios públicos galegos con fins claramente partidarios. Desde o noso punto de vista existe unha continua utilización dos medios de comunicación públicos por parte do Goberno e nomeadamente por parte do señor conselleiro de Cultura e Comunicación Social, o señor Pérez Varela, que, polo que se ve, debe ter que esconderse e por iso non comparece.

O único obxectivo que no día de hoxe se pon en evidencia que ten o Goberno galego é utilizar os telexornais como verdadeiros *nodos* informativos, recordando as mellores épocas do señor Pérez Varela no *Imparcial*. Si, aquilo de "Levanto mi copa en honor de los militares que han sido puestos en libertad por la Operación Galaxia"; aquela época, a do mesmo señor que é o responsable directo da utilización dos informativos da radio e da televisión públicas co obxecto de favorecer os intereses dunha opción partidaria, a do Partido Popular. E véxome na obriga de denunciar, unha vez máis, a constante manipulación e utilización desa televisión, que debería ser a televisión de todos, e que está sendo utilizada como unha televisión de partido e non como unha televisión pública. Non é unha televisión pública aquela na que desaparece unha parte da sociedade e os que aparecen son Fraga, María San Gil, Barreiro, PP da Coruña, Feijoo, máis Feijoo, máis Barreiro, máis Yuste, máis Currás. Dígoo porque isto foi o 16 de marzo, e o 30 de marzo foi máis Ana

Pastor, máis Currás, máis Fraga, máis Barreiro, máis Feijoo. Polo tanto, non estamos a falar dunha televisión pública que respecte os principios de pluralidade, imparcialidade, veracidade e obxectividade, estamos a falar dunha televisión que, en vez de ser a TVG, é a TV do PPdeG, que é moi diferente, son dúas cousas diferentes.

Pero o colmo, señor Pita, é que chegamos ao punto de que –por algo non estará hoxe aquí– o pasado luns se deron ordes directas por parte da Consellería de Cultura e Comunicación Social, por parte da consellería que dirixe o señor Pérez Varela, que llas transmite directamente ao señor Alberto Fernández, para reunir o persoal da redacción de informativos da Televisión de Galicia e arengalo dicíndolle que a partir de agora toca destacar os incumprimentos do Goberno central e todas aquelas cuestións negativas que considera o Partido Popular; puro e duro, iso é o que lle di. Pero, non conformándose con iso, permítense ameazar laboralmente aos xornalistas, os profesionais dos medios de comunicación públicos, dicíndolles que, como vaiamos por este camiño, Galicia está a perder moitas axudas en beneficio doutras comunidades, que isto é tremendo, e que miren ben o que fan, porque pode repercutir na perda de postos de traballo dentro da propia Televisión de Galicia. Estas foron ordes directas dadas o luns pola mañá, o luns desta semana, o luns 11, a membros da redacción da Televisión de Galicia.

Podemos comprobar que isto é unha constante. No día a día os espazos informativos da televisión e da radio públicas son utilizados como unha arma política cunha clara instrumentalización partidaria, chegando a prácticas propias doutro tipo de réximes políticos. Diriamos máis, a actual estrutura dos informativos da TVG e da Radio Galega, no que se refire aos contidos, obvia unha parte moi importante da sociedade galega, a pluralidade existente nela, os diferentes espazos creativos, o mundo da arte, da cultura, o mundo económico e o sindical. E para mostra, un exemplo de hoxe mesmo. Hoxe mesmo, un editor destacado do principal xornal de Galicia viña dicir que era o momento de cruzar a rúa para opoñerse aos intentos de amordazar os que queren contar a verdade. Para explicar isto, unha denuncia moi concreta, referíase ás presións exercidas polas autoridades galegas en casos coma o do *Prestige*. Non o dicía o Partido Socialista, este grupo parlamentario ou unha asociación sindical, dicíao o principal editor de Galicia, o editor do medio galego máis lido; non o digo eu, dío el.

Entón, se di: "Asistimos a un secuestro de la prensa para ocultar la verdad y alterar el mercado", non sei, ao mellor é que están falando de Ceuta ou Melilla, de Estrasburgo talvez. E supoño que si sei por que non está aquí o señor Pérez Varela, porque tería que contarnos cómo todos os días asistimos a un recital no que os vicepresidentes do Goberno se alternan na rolda da palabra, pero non neste hemiciclo senón nos medios públicos, e cómo se fai unha sombra sobre as propostas e contidos que propoñen outras organizacións políticas, outras organizacións sociais e outras organizacións empresariais.

Entendemos que existe unha absoluta incompatibilidade entre a xestión actual dos medios públicos galegos e o previsto no contido da Lei de creación da Compañía, que no seu artigo 16 recolle como principios o respecto ao pluralismo político, social, cultural, relixioso e lingüístico. Unha televisión que é un Nodo –insisto, un Nodo– ao máis puro estilo daquel *Imparcial* no que estaba o señor Pérez Varela, non pode ser a televisión pública de todos, é a televisión pública que vostedes están utilizando constantemente para os seus fins, única e exclusivamente. E algún día alguén terá que explicar non só os beneficios políticos senón outros, porque a Televisión de Galicia e a Compañía da Radio-Televisión de Galicia, hoxe en día, xa non é só unha fonte de manipulación, é unha fonte de corruptelas que coñece todo o mundo. Porque, se non, alguén ten que explicar como nunha comisión do Consello de Administración acordan as tres forzas políticas alí representadas a retirada dun programa, e como o director xeral, a preguntas deste deputado, di que con el non vai, pero que el non pode facer nada. Estoulles a falar de *Encontros*. ¿Quen é o que quita beneficios dun programa como *Encontros*? Expliquen a auténtica cacharrada que é o programa *Encontros*, explíquenmo. Claro, dálles a risa, pero ¿quen é o beneficiario? ¿É unha televisión ao servizo dos intereses partidarios do Partido Popular e das súas redes ou unha televisión pública de todos? ¿Hai un respecto aos profesionais ou hai unha auténtica censura e manipulación como a producida o 13 de marzo, cando se insire unha nota da Xunta de Galicia e se di concretamente que fixeron non sei cantas leis, miles de decretos, e non sei cantos acordos... Por certo, ademais o único que fixo o Goberno central, segundo di a nota desa consellería e do propio Goberno galego, é unha vía de alta capacidade entre Vigo e O Porriño. Por certo, imos poñer imaxes do señor Touriño, ou as imaxes das curvas do Porriño, e metémolas na información. Claro, xa

sabemos todos que se o Grupo Socialista envía unha nota de prensa de cando o señor Fraga estaba cazando a propósito do *Prestige*, sairía o señor Fraga nunha cacería con Franco, ¿verdade, señor Pita? Seguro que si.

Cando o señor Zapatero e o señor Rajoy teñen unha sesión de control, como a que se produce aquí nesta Cámara, ¡oh casualidade!, resulta que primeiro fala o presidente do Goberno e despois fala o xefe da oposición. É unha información completamente aséptica, non hai manipulación de ningún tipo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGE TUÑAS: Señores do Partido Popular, hai unha serie de preguntas que formulamos e queremos resposta. Queremos saber, pero é evidente que o que tiña que vir contestar non veu, e por algo é. Porque podería dicirlle, e dígollo a vostede, señor Pita:...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, remate.

O señor LAGE TUÑAS:... adiviña adiviñanza, ¿quen é o beneficiado dos contratos da Televisión de Galicia para cambiar continuamente a imaxe corporativa? ¿Pódennolo contar? Non sei se o pode contar vostede, señor Pita...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LAGE TUÑAS:... seguro que o señor Pérez Varela si.

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS: ¿Cre compatible o Goberno galego o exercicio da publicidade e a propaganda que practica o Goberno a través dos medios públicos ....

O señor PRESIDENTE: Señor Lage, moitas grazas, rematoulle o tempo.

O señor LAGE TUÑAS:... co dereito que teñen os cidadáns a recibir a información veraz, plural e imparcial?

O señor PRESIDENTE: Señor Lage, non está vostede no uso da palabra. Señor Lage, remate, se non, teño que chamalo á orde. Moitas grazas. (*O señor Lage Tuñas pronuncia palabras que non se perciben.*)

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, para dar resposta por parte da Xunta.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señor presidente, eu xa non sei se dar algún dato, pero estivo ben, porque intervén pouco e é bo que se desafogue. Ademais, coa voz de Farinelli está moi ben. Sígaa utilizando, que é o que lle vai a vostede. Desde logo, voulle dicir unha cousa: un mínimo de respecto á Cámara e un mínimo de respecto á Mesa, a ver se vai aprendendo; porque aínda que sexa novo, xa vai tendo unhas poucas táboas para ter o respecto institucional que hai que ter nesta casa. Pero dito iso, señor presidente, imos ao fondo da cuestión.

Chama antes de que te chamen. Eu xa sei que de pequenos xa nolo ensinaron absolutamente a todos, porque é a táctica. E desde logo, no socialismo, sempre; chama antes de que te chamen. Porque mire, que vostede, repito, ao mellor non se decata, ao mellor é que non ve a televisión, ao mellor só ve a Televisión Galega, supoño, porque a outra... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Nós, como temos cerdeiras aquí, non temos por que ir velas na Televisión Española. Nós comémolas, vostedes ven as cereixas. E respecto aos Wyoming, xa sabe o que lles pasou aos seus amigos. ¡Así lles responden os cidadáns! Pero, claro, ¿que lle imos facer?

Dicíalle "chama antes de que te chamen" porque, señorías, eu supoño que todo o mundo, incluíndo o señor Lage... Como dixo non sei que do señor Pérez Varela, e referíase, supoño, ao conselleiro de Cultura, quero dicirlle que quen comparece, loxicamente, é o Goberno, e quen compareceu aquí un momentiño antes foi un membro da oposición, e nós, desde logo, non dicimos que interveña o señor Laxe. Sae o señor Laxe porque llo di o seu grupo, e aquí un dos dereitos do Goberno é que compareza o Goberno, a ver se lles queda claro. Son pertinaces, algúns teñen que repasar, porque, se non, suspenden. Moitos suspensos debeu levar vostede. *(Interrupcións.)* O suspenso político, aquí, sempre; quérollo recordar, porque ao mellor non se decatou. Aquí, desde o ano 1981, sempre. E o pouquiño tempo xa sabe por qué

porta foi, non pola das urnas, pola outra, que é a que está por debaixo. Pero, dito iso... *(Interrupcións.)* Dígoo para que lle sirva de referente. Estes días nos medios, supoño que lle pasarán todos, porque, ao mellor, como lles lavan o..., nin se decatan. Perigo de que a TVEG –¿sabe quen son os da TVEG?– se chame *Teletouriño*. Os propios traballadores da Televisión Española en Galicia lle están chamando ao centro territorial galego *Teletouriño*. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.) (Risos.)* Como Santo Tomás. Mándollo a Oleiros, señor. Despois pásollo para que *disfrute*.

O sectarismo informativo que veñen mostrando acadou onte unha cota inimaxinable. Ante o asombro dunha parte do cadro de persoal, abriron o informativo do mediodía cun ataque de Touriño a Fraga que non tiña ningún senso nin viña a conto. Non souberon nin presentalo nin xustificalo, e o máis aberrante é que se pretendía criticar unha noticia de Fraga que a TVEG nin cubrira nin dera. Din os ben informados que un alto dirixente do PSOE chamou –oia, recórdame algo ao que dixo hai un pouco– a directivos do centro para esixir –¡ollo, eh!– esa liña desinformativa. Esta filtración confirma –falaba tamén vostede dalgunha filtración– para algúns o asalto do PSOE ao centro territorial. Ao mesmo tempo que as que fixo e o que dixo. Estou falando do tema sobre o que fan a acusación e non me estou saíndo para nada. *(Interrupcións.)*

Señores e señoras deputados, *el rejón*, non en todo o alto, porque non teñen sitio para que llelo poñan, iso é para os touros de categoría. Pero, dentro diso, loxicamente, o que as dá, tómaas. Triste papel o seu, que é unha persoa que está permanentemente impedindo que aquí se fale porque vostede é incapaz de toleralo dentro da súa intolerancia, ¡que lle vai facer! É o papelón que lle toca a vostede. A ver se empeza a ser deputado, señor Rego, que aquí non estamos na rúa nin cargando por aí adiante, estamos traballando no Parlamento. Deixe falar a quen está falando. *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)*

Con respecto ao que dixo dun editor independente, home, non manipule. Supoño que tamén lle darían o papel enteiro. A quen lle atizou duro hoxe, como vostede sabe, foi aos que están facendo determinadas manobras no conxunto do Estado respecto dos medios de comunicación, especialmente os audiovisuais. E sabe que incluso algúns, medianamente proclives a vostedes, están moi enfadados polo que vostedes están facendo.

Pero, dito isto, eu quero recordarlles, señorías, que cada vez que nos aproximamos a un proceso electoral –temos aquí catro, cinco, seis ou sete, ciclicamente, 1985, 1989, 1993...– sempre é a mesma leria, que se se manipula, que se se fai ou non se fai. Mire, por unha banda eu quero dicirlle que os principios xerais da programación da Radio-Televisión Galega están aí. Hai un consello que está permanentemente funcionando e vostedes teñen alí unha representación. Estanse cumprindo, loxicamente, todos os parámetros do que é a programación desa radio...

¿Que están acostumados a que desde o ano 1982 invadiron todos os medios e querían ter invadidos tamén os de aquí? Pois non puideron, ¡que lle imos facer!, só nun pequeno período de tempo. ¿Que someteron a unha purga a miles de persoas que tiveron que abandonar medios de comunicación? Pois moi ben, ¡alá vostedes!, pero non acuse do que vostedes vergoñentamente fixeron, fan e están denunciando en Madrid e aquí. Tráiolle a vostede un escrito, tráiolle a vostede un papel, como o que están facendo neste momento os traballadores da RTVG española... *(Interrupcións.) (Risos.)* Da TVEG, é igual, desa, desa, que lles están facendo aí.

O marco legal, e vostedes sábeno, que regula os medios de comunicación, porque hai un estatuto da Radio Televisión Española que é do ano 1980, do que son subsidiarias todas as leis de creación de todas as televisións, ten unha normativa que se está cumprindo. Eu non lle digo que non poida haber erros, pero que se veña aquí con algo que vostedes... Repito, collemos agora o papeliño que teño aí fóra, do que vostedes dixeron, e dixeron exactamente o mesmo, e hai oito, e hai doce... ¡Por favor, varíe un pouco o discurso! E non veña vostede aquí acusar permanentemente de algo que lle quero recordar que é a práctica desde os tempos daquel famoso –non é con ironía– Calviño, desde aquel famoso Calviño, desde aqueles tempos. *(Interrupcións.)* Aquilo foi *tela marinera,* ¿entende?, e nós nunca tratamos de copiar o sistema.

Pero voulle dicir máis. Mire, o señor Solbes, que supoño que sabe quen é, membro do seu Goberno, e do noso, que é de todos os españois, xa sabe o que fixo hoxe co famoso comité de sabios. Se non o sabe, lea o papel, e se quere léollo na segunda volta, por se non se informou do que fixo co comité de sabios. O señor Solbes hoxe, cando ían facer aí unhas cousas bárbaras, colleron o papel e botárono onde

teñen que ir os papeis que non valen despois de velos. Uns arquívanse, e outros xa sabe o que se fai con eles, ráchanse e á papeleira, que é para onde foron. Así que vostede, por favor, non veña facer aquí acusacións etéreas, traia vostede datos concretos, que están aí publicados, aquí vén periodicamente o director da Radio-Televisión Galega a dar o seu informe...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):... e vostedes, como todos, coma nós, vémolo, lémolo, témolo gardado. Contradiga os datos reais e non a *soflama* política que vostede vén lanzar aquí manipulando, sen dar un só dato, iso si, lanzando acusacións e dirixindo *gracejos* cara a unha persoa que neste momento é o conselleiro de Cultura dos galegos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señor presidente, repito como escomecei: chame antes de que lle chamen. Pero debería darlles vergoña vir aquí falar da manipulación dun medio de comunicación despois do que choveu no conxunto de España nun período moi reducido...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):... non democrático de todo...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):... e o que fixeron nos medios de comunicación.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos que queiran participar no debate? *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Gutiérrez Fernández.

O señor GUTIÉRREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, non é a primeira vez que se plantexan este tipo de cuestións en Pleno. Pola nosa parte, por parte do noso grupo, o que son características –ou deberan ser– definidoras dos medios públicos, ou sexa: pluralismo, servizo público e mecanismos de control, foi formulado aquí a través de múltiples formas parlamentarias, incluídas proposicións de lei que tiñan a pretensión de reformar o marco legal estatal sobre o que están construídos os medios propios galegos.

O único que conseguimos foi, digamos, unha certa comprensión gobernamental, pero de palabra, acerca da conveniencia de elaborar un modelo propio dos medios de comunicación galegos antes de que se aborde a modificación, por parte do Goberno central, dos medios públicos con carácter xeral.

Pluralismo. É unha característica que debe definir os medios públicos. Realmente debe definir a todos os medios. Creo que temos citado en innumerables ocasións que no Tratado constitutivo da Unión hai unha referencia ao pluralismo nun dos anexos, e como o citamos en tantas ocasións non vou perder o tempo en reiterar citas repetidamente citadas.

Servizo público. Está claro que formar unha opinión pública libre non se pode someter á lei da oferta e da demanda. As compañías privadas, igual que as cadeas comerciais, están sometidas ao que é a oferta e a demanda, pero os medios públicos teñen que buscar a formación dunha opinión pública libre e plural, por iso son medios públicos, por iso é un servizo público, por iso recibe fondos públicos, se non, non habería lugar. De modo que servizo público é tamén, efectivamente, emitir en lingua galega, é moi importante. E por iso unha televisión xeralista, como é a Televisión de Galicia, quizais está ben que o sexa no sentido de que, como está obrigada a captar audiencia, porque é xeralista, de paso que capta audiencia, tamén a capta a favor da causa do galego, que é a razón fundamental pola que se puxo a funcionar. A razón fundamental fóra do servizo público estrito, porque a iso tamén está obrigada a Televisión Española.

E, finalmente, mecanismos de control. O que non pode ser, e é o único caso en toda a Unión Europea, son uns

medios públicos que dependan directamente do Goberno. E non vale de escusa a cuestión dos consellos de administración, que o único que fan é reflectir as maiorías parlamentarias. E reflectilas quere dicir que en todo tipo de cuestións se seguen as mesmas directrices.

Xa lles teño citado moitas veces o que dicía Pasteur: O problema non é o bacilo, o problema é o terreo. E o terreo do noso país e o terreo do Estado é un terreo *abonado* para este tipo de cuestións, por iso é necesario reformar a lei. Non é o mesmo caso da Gran Bretaña, na que non hai tantas leis, pero a sensibilidade dun país que nunca tivo ditaduras impide que a BBC poida facer manipulacións burdas. E non fai falta máis, e iso que os "gobernadores" son nomeados polo Goberno, o que se chaman gobernadores da BBC, traducido así, por libre, que son dous.

E non é o caso, por exemplo, de Alemaña, onde se tomaron precaucións en función dos antecedentes que había, da mesma maneira que se tomaron coa Constitución. De modo que, se a Constitución alemana serviu de modelo –é o que se di– para a Constitución española, debéranse tomar o mesmo tipo de precaucións que se tomaron en Alemaña respecto das televisións e das radios públicas. ¿Por que? Porque procedían, despois da guerra, do réxime que procedían, do mesmo réxime do que se procedía aquí. ¿Cal é a orixe da Televisión Española? ¿Quen inaugurou a Televisión Española o día da festividade importantísima dos Santos Ángeles Custodios –por certo, patrón da policía–? O señor Arias Salgado, que en gloria estea. Seguro que está, que era moi devoto. E, se non, pregúntenllelo aos veciños de Viveiro, é unha saída.

Está ben, eu non o digo en ningún ton pexorativo, eu tamén me teño por tal, pero non estamos falando diso. Estamos falando das medidas precautorias, e o que se fixo foi herdar aquela televisión e seguir con algunha modificación, con lixeiras modificacións. Hai dúas leis estatais, que son a Lei da terceira canle e a Lei do Estatuto da Radio-Televisión, e a de Galicia está copiada desas, é a mesma practicamente, e non introduce ningún mecanismo de control. Tanto a Televisión Española, hoxe en día, como a Televisión de Galicia dependen directamente do Goberno. Entón, remítome ao de antes, o problema é o terreo. É necesario modificar a lei para evitar, aínda que se dera o suposto de gobernos de talante ultrademocrático, imitadores de sendas que seguen na Unión Europea para evitar a tentación, porque aquí aínda estamos na época en que a tentación vai ser moi abundante.

Síntoo moito, vai para uns e para outros. Nós, desde logo, non temos esa responsabilidade, pero, insisto, nós trouxemos aquí proposicións de lei para debater e non foron tidas en conta. A nova situación, hoxe, do Goberno do Estado, significa o anuncio de que iso se vai revisar. Con todo, tamén insistimos en discutir un modelo propio de Galicia para ter unha posición galega e discutila alí co Goberno central. Tampouco se deron pasos nese sentido, e, desgrazadamente, polo que significa o inmediato da televisión, que é a televisión dixital terrestre, a pesar das ofertas que se fixeron aquí, a pesar dunha que se me fixo a min por parte do conselleiro, a modificación que se fixo do borrador, segundo o envío do propio conselleiro, é insignificante respecto da lingua galega; e respecto das outras cuestións, están tal cal estaban, e vai ser unha fonte máis de conflitos.

De modo que xa ven que eu non cualifico nin fago comparanzas co Nodo, porque xa me fartei de facelas desde hai moito tempo e non me vou reiterar, pero, en calquera caso, mentres non se modifique o fundamental, isto vai seguir sucedendo, con calquera goberno ou en calquera eventualidade. É necesario modificar o estatuto legal das televisións, tanto o da Televisión Española como o da Televisión de Galicia, que é o que estamos debatendo agora, que é o que a nós nos interesa. E pensar no futuro significaría a elaboración dun modelo propio e, ao mellor, con participación non só do Parlamento senón de máis institucións do país, cun carácter un pouco máis aberto.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Gutiérrez.

Rolda de réplica do autor da interpelación.

Ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señor presidente.

Señor Pita, vostedes o 13 de abril do 2005, que é hoxe, seguen facendo o mesmo que facían no ano 1990. "Galicia, cen días con Fraga", dirixido polo señor conselleiro Pérez Varela, ausente –¡por algo será, insisto–, que era o xefe da

publicidade e da propaganda na que falaban disto. Vostede fálame do ano 1981, eu no ano 1981 era este señor que ve aquí *(Risos.);* como pode comprender, pode falarme do ano 1981 todo o que queira. *(Risos.)*

Eu vexo que vostedes non evolucionan, o que pasa é que levan gobernando desde o ano 1990. E no ano 1990 esta publicación de publicidade e propaganda que dirixía o señor Pérez Varela, xefe do Gabinete de Publicidade e Propaganda do señor Fraga, dicía: "Non podemos funcionar sen unha ética fundamental de responsabilidades políticas e de servizo público en xeral". Debía referirse ao programa *Encontros*, do que eu lle falaba. "Non se poden utilizar os poderes públicos en beneficio propio nin dos amigos". Supoño que poden explicar todas esas contratacións que fan e a rede de corruptelas que é hoxe a CRTVG. Eu púxenlle aquí exemplos, cóntenos cómo adxudican os contratos. "Non se poden utilizar os medios públicos de comunicación social para manipular e confundir a opinión pública".

Isto dicíano no ano 1990. Como pode comprender, señor Pita, eu daquela, que era este, non me fixaba moito no que dicían. Daquela incluso era rubio e tiña pelo, aínda que vostede agora me ve sen el e é certo que non teño moito. Sen embargo, teño que dicirlle, señor Pita e señores do Goberno galego, que, exemplos, hai os que lle puxen e máis; manipulacións nos datos do paro –cortáronlle unha noticia a Luis Quintas, redactor de Economía da Televisión de Galicia–; manipulacións todos os días cando se fala da Comisión do *Prestige*. Aparecen loanzas ao Partido Popular e, se non as hai, non aparecen. Cando foi o das vacas tolas, se quere cóntolle como o señor Campos, don Francisco, foi buscar persoal e directamente unha cinta na que aparecía o que despois puidemos ver todos a través doutros medios, esa imaxe que deu a volta ao mundo e que probou a eficacia dos seus gobernos.

¿Do *Prestige* quere que lle conte algo máis? ¿Son palabras manipuladas? ¿Vostede atrévese a dicir que o editor de referencia que eu citaba non falou das presións do *Prestige*? ¿Quen era o que o presionaba? ¿Presionabámolo nós? Pode ser. ¿E da guerra? ¿Falamos da guerra? Señor Pita, de cada cen minutos na Televisión de Galicia, setenta adícanse ao Goberno ou ao PPdG. Se a vostedes lles parece que o pluralismo informativo, esa imparcialidade, ese dar a coñecer as diferentes opinións que hai na sociedade galega, está neses informativos nos que vostedes ocupan sete de cada dez minutos –póñalle como queira, setenta de cada cen, pode utilizar os parámetros que queira–...

Sen ir máis lonxe, señor Pita, e non quería entrar en elementos que son de carácter desagradable por respecto a persoas de certa idade e do cargo que ocupan, o pasado luns, ou sexa, o 11, o mesmo día que dicían que lle daba orde directamente o señor Alberto Fernández, que forma parte de toda esa trama –Alberto Fernández, Julio Rodríguez, Luis Pérez, todo ese tecido que teñen–, que daban ordes para que redobraran esforzos na manipulación, na mentira e na censura, ese mesmo día, vostedes, a través da Televisión do PPdG, que non da TVG, omitían certo acontecemento que pasou no que estivo unha persoa que ocupa esa bancada. Coma sempre, omitimos, e non faga que llo explique porque debían de sabelo. É o Nodo. E vostede, señor Pita, ten que defender o indefendible, e eu enténdoo, enténdoo. Porque, á parte, non só practican o acoso laboral aos profesionais senón que aplican a chantaxe sobre os medios privados de comunicación de Galicia. E aplícana. ¿Quere que lle diga como se reparten as series de televisión? Pero se eu non teño medo a contarllo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, porque vostede parece que o ten.

Eu xa vin que non quere responder ao que nós temos plantexado. ¿Como xustifica o Goberno a exclusión dos espazos informativos dos medios públicos a pluralidade existente nos diferentes sectores sociais e económicos de Galicia? ¿Contestou? Non. Porque vostede, señor Pita, cando sae aquí non sae a contestar o que lle preguntamos, vostede sae a dicir que teñen a maioría do pobo galego...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGE TUÑAS:... e que vostedes son moi bos. Pero mire, señor Pita, a única sentenza que creo que recorda calquera dun señor que xa repetín, que se chamba Urdaci, unha sentenza por falar dun tal C.C.O.O. e dunha manipulación constante nun medio de comunicación público, foi cun goberno do Partido Popular. E vostedes, igual que caeu o Goberno o 14 de marzo, caerán en outubro, pode seguir dicindo o que queira. Nós cremos nun servizo público...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGE TUÑAS:... cremos nuns medios de comunicación que non sexan controlados polo Goberno. Iso é o que cre o Grupo Parlamentario Socialista e o que cre o Partido Socialista de Galicia, e nesa tarefa estamos comprometidos a que este país non teña uns medios gobernamentais, a que non haxa unha televisión e unha radio de partido.

Por certo, levantaremos as alfombras...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGE TUÑAS:... porque teñen moito que esconder, unha rede de corruptelas que están amparando desde o Goberno galego, por certo, o señor Pérez Varela e amigos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor Lage. Vostede é contumaz, non remata nunca.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Rolda de réplica.

Ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): De verdade, señor Lage, como falou de corruptelas e de todo iso, simplemente vou tomar a broma a súa intervención, porque non a podo tomar en serio, pero con respecto, non como vostede.

Voulle dicir unha cousa, vostede falou agora de corruptelas, e cando un di iso sen ningún fundamento e sen ningunha base legal, e sabendo que hai un Consello de Radio-Televisión no que teñen representación, vostede está mentíndolle a esta Cámara. E iso, e iso, e iso... (*Pronúnciansе palabras que non se perciben.*) Señor Lage, a pesar de que o *jaleen* algúns, vostede estalle faltando ao respecto a esta Cámara dicindo iso, porque vostede non argumenta nin ofrece nada que poida... E repítollo e sábeo: ten o lugar adecuado onde se pode reclamar o que vostede di. Pero como vostede, que é un kamikaze que envían aquí os do Partido Socialista, di esas *tonterías* e non se contén. Eu rógolle que cando saia aquí, que é un foro de todos os galegos, pense o que vai dicir. E ademais voulle dicir algo máis. Está moi ben que vostede ensine... Eu non falaba de vostede, ¿ou é que o Partido Socialista naceu no ano 1981? Quero recordarlle que cando nós acadamos a primeira victoria en España, a antiga Alianza Popular, foi no ano 1981, porque gañamos sempre en Galicia. ¡Que lle imos facer! Se quere, batémonos aquí, ou facemos o haraquiri, aquí ou en praza pública. *(Risos.)* Estoulle dicindo que gañamos sempre. *(Risos.)* Algún de prazas públicas sabe bastante, porque sempre anda por elas. Xa saben, cada un vale para o que vale. Pero ese é outro rol que cando queira falamos del, non aquí.

Quero dicirlle que, eu estou de acordo en que ensinara a foto de 1981, e non quero sospeitar que quedara aí ancorado, porque cando era iso, que vostede non entendera... Pero que no 2005 teña a mesma mentalidade que a que tiña na foto, ¡por favor, vaia corrixindo un pouco, porque xa é hora!

Ao ano seguinte de 1981, cando nós gañamos por primeira vez en Galicia –cando vostede tiña un ano máis ca nesa foto e algúns menos dos que ten agora–, gañou o Partido Socialista en España. ¿Cal é o problema que se lle plantexa? ¿Que tampouco se acorda? Pero hai libros. Porque, mire unha cousa, precisamente a historia, e incluso os que impartimos historia, é precisamente para cando un non ten os anos poder escoitala, lela e aprendela, que é moi importante. Pero, cando un colle só a historia parcial, política, dun partido, cando vostede vén aquí lanzar acusacións sen ningún xeito, e resulta... Eu íalle dicir o que era para que o lea, porque lle fai moita falta, refírome á regulación legal do control da Radio-Televisión Galega, porque hai unha norma establecida, hai uns espazos de tempo, hai unhas porcentaxes, e hai cinco representantes dos grupos da oposición, que son os que están controlando que se cumpran todos os tempos. O que non facemos nós... ¿Sabe o que non facemos? O que fixo o outro día esa señora ministra, que se chama dona Magdalena, que tantas grazas nos vén facer aquí en cada viaxe. Pois mire, non hai tanto tempo que parou unha gravación na TVEG porque lle preguntaban polo Plan Galicia. Parouna. Armou o *lío.* Ese é o sistema; mal feito, moi mal feito.

Por outra banda, vostede está falando de persoas, e eu quero recordarlle un escándalo que está aquí correndo por toda Galicia, pero vostede, como só mira para un lado, non se decata. Mire, falemos dos nomeamentos que fixeron vostedes nos medios públicos da Televisión Española aquí en Galicia e da Radio Nacional de España. Pois resulta que –ao

mellor non se enterou, non llo dixeron, deberíanllo de dicir– o xefe de prensa, que era do Partido Socialista, aquí é un novo xefe de programas e informativos da Televisión galega. ¿Non llo dixeron? ¿É que vostede non se decata de nada? ¡Pero é que a vostede o mandan aquí e non se decata! Xa vai sendo hora de que se decaten. ¿Non ve como se alporiza? ¡Ah!, é mentira! ¡Pero como teñen tanta cara, hai que ter un pouco menos!

Daquela, seguindo o que lles estaba dicindo, que xa vexo que lles molesta... *(Murmurios.)* O antigo xefe de prensa do PSOE, dígollo outra vez para que lles quede ben gravado aquí –remato, señor presidente–. É unha vergoña que saia aquí a facer ese papel despois do que lles chove na casa. Retellen, que lles vén moi ben.

Pero mire, simplemente para rematar, señor presidente, quero dicirlle que o asalto que o Partido Socialista –repito, asalta, houbo outros asaltos doutro tipo noutros sitios– fixo ao centro territorial da Televisión Española aquí en Galicia, coa consigna de "mínimas noticias de Fraga e do BNG" –por certo, quero agradecerlle señor Gutiérrez, que vostede tivera unha intervención coherente...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):... –remato, señor presidente– "que cubran todas as do PSOE en calquera punto de Galicia". Iso é a liberdade nos medios de comunicación que practican vostedes. ¡Manipuladores! (*Protestas*.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Interpelación de D. Alfredo Suárez Canal, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os datos referentes ás contratacións de persoal realizadas polos organismos autónomos, fundacións, entes de dereito público e sociedades mercantís dependentes da Xunta de Galicia, os nomeamentos dos tribunais de selección e as medidas adoptadas para corrixir as anomalías detectadas polo Consello de Contas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, señoras e señores deputados, imos intentar cambiar de tercio e que por unha vez o señor Pita saia do guión, aínda que eu creo que é imposible. Despois de tanto tempo, eu creo que sexa a interpelación sobre a televisión, sexa a interpelación sobre as sociedades públicas, sexa a interpelación sobre o medio ambiente, o señor Pita sae aquí e di o mesmo, habitualmente.

Eu, para intentar cambiar o guión, tamén vou intentar empezar polo que debería ser procedementalmente correcto. Señor Pita, a interpelación ten catro preguntas, eu voullas formular. Pido que me conteste a estas preguntas. Despois interpélenos á oposición e faga o que queira, pero, primeiro, conteste as preguntas. Iso é aprobar o exame de conselleiro ante unha interpelación; aprobar o exame é contestar o que se pregunta. Despois xa sabe que os malos estudantes meten moita palla nos exames a ver se lles dan mellor nota, pero hai que contestar as preguntas.

Primeira pregunta. Desde o ano 1999, este inclusive, ¿cantas persoas foron contratadas para distintos postos polos entes que dependen da Xunta? Estamos a falar, como vostede sabe, do sector institucional non administrativo da Comunidade Autónoma, é dicir, de organismos autónomos, de fundacións de entes de dereito público e de sociedades mercantís; polo tanto, pedimos número.

En segundo lugar, ¿en cantos deses postos o nomeamento do tribunal ou comisión de selección tivo unha designación maioritaria de carácter aleatorio entre as persoas con capacidade para formar parte del? É dicir, ¿en cantas houbo un tribunal que non tivera designación dixital?, para que se entenda.

Terceiro. ¿En cantas das anomalías detectadas nos sucesivos informes do Consello de Contas –e, en concreto, na memoria do 2003, que recolle o informe relativo ao exercicio 2001 e que foi remitido a esta Cámara o 14 de xullo do 2004–, que fan referencia, entre outras, a: contratacións sen publicidade nin respecto aos principios de mérito e capacidade, excesiva valoración da entrevista persoal, non indicación de probas concretas de selección, incumprimento de normas sobre incompatibilidades, etc., foron adoptadas decisións para ser corrixidas? Pedimos que, se foron adoptadas decisións para ser corrixidas, nos diga por qué órgano e en

qué documento se transmitiron esas ordes que correspondían ás decisións do Consello de Contas, sen ambigüidades; ou hai documentos ou non os hai.

E, por fin, a conclusión da interpelación remata cunha pregunta de contido máis xenérico, que é: ¿non considera que o escaso control que se pode levar sobre os procedementos de selección de persoal destes organismos debería motivar e asegurar mecanismos claros, públicos e obxectivos que garantisen sen dúbida ningunha os principios de mérito, capacidade e igualdade de oportunidades?

Ese é o contido concreto das preguntas, que fai referencia a un dos datos máis significativos da xestión do Goberno Fraga no seu conxunto, que é a proliferación de entes, de empresas públicas e de fundacións en moitos casos para xestionar e regular o que son claramente servizos públicos.

E, señor Pita, para que non volva repetir cousas que ten dito moitas veces, non nos conte o que fan noutras comunidades autónomas nin no Estado, cóntenos o que fan vostedes. E tamén lle digo outro dato: nós, por principio, non estamos en contra de que existan organismos de carácter institucional para determinadas finalidades; de feito, temos proposto algún nesta tribuna –algún que vostedes teñen rechazado–. O que si dicimos é que cada un deses organismos ten que ter unha finalidade concreta, unha xustificación precisa, e non ser un instrumento, primeiro, para desviar servizos públicos e a xestión destes a territorios de difícil control, e, segundo, de establecer mecanismos de contratación de persoal –que é neste caso ao que nós nos referimos– de dubidoso axuste respecto do que se procede a levar a cabo na propia Administración pública. E non o dicimos nós, señor Pita, dío o Consello de Contas, fíxense vostedes, un órgano que está nomeado por este Parlamento, e que no seu informe do 2003, sobre o funcionamento das sociedades públicas en termos efectivamente de forma institucional, correcta, lle di ao Goberno da Xunta que a instrumentalización que fixo desa figura, de arriba a abaixo, na súa creación, nos procedementos de contratación, nos contratos de persoal de alta dirección, nos procedementos de selección de persoal, na transparencia que ten nos procedementos de utilización de recursos públicos, hai que mellorala. Polo tanto, señor Pita, este órgano, que foi nomeado por unanimidade por esta Cámara, decide por unanimidade que o procedemento, tal e como utiliza o sector institucional o Partido Popular e a Xunta, é un procedemento que ten enormes lagoas, que ten enormes buratos que escapan do control; e, sobre todo, no aspecto da contratación pública, non soporta a máis mínima análise para que esa contratación seguise os procedementos de mérito, capacidade e publicidade.

Un deses organismos acábase de someter tamén a discusión na interpelación anterior: o organismo da Compañía da Radio-Televisión. ¿Sabe o que lle di o Consello de Contas respecto dese organismo? –e ten moito que ver con ese control do que se falaba aquí–. Que vostedes nese organismo utilizan dúas figuras de forma absolutamente abusiva e improcedente: primeira figura, contratos de alta dirección en postos que non deberían de ter esa cualificación. ¿Por que? Porque son os mecanismos que garanten que xente que debería ter un comportamento basicamente profesional teña un comportamento basicamente político. ¿Saben cantos contratos de alta dirección hai na compañía, señoras e señores deputados? Vinte e catro. Son necesarios 24 contratos de alta dirección, e fíxense que estamos falando de persoas que teñen ao mellor ao seu cargo o servizo de deportes ou determinado tipo de servizos, e, efectivamente, non se queren subtraer do control político.

E iso non o dicimos nós, señor Pita, iso dío Consello de Contas. Pero di máis. ¿Saben vostedes cantos contratos temporais hai nese organismo? Ocorre en todos, porque a crítica da contratación temporal neste tipo de organismos é moi rotunda por parte do Consello de Contas, pero é que nese organismo, ¿saben vostedes cantos contratos temporais hai? Un de cada cinco traballadores. ¡Fíxense vostedes! Ese é o indicador máis claro de que a denuncia que se formulou na interpelación anterior ten base real. Vostedes queren ter a unha parte importante dos traballadores non vinculados por un mecanismo que lle dea certa estabilidade no emprego, senón pola espada de Damocles de que "se non aras por aqu, fóra". E iso ¿con que se compaxina? Con que 24 directivos son contratos de alta dirección e que están tamén vinculados a un nomeamento político.

Señor Pita, disto é do que quero que nos responda vostede. Aquí neste informe hai recomendacións que vostedes non cumpriron, e diso tamén queremos que nos explique o porqué.

En definitiva –e remato, señor presidente–, eu escoitei á mañá –alucinado, téñollo que dicir– un debate que non tiña nada que ver con iso e que apareceu en varias ocasións nesta tribuna recorrentemente, que é o tamaño das vivendas. E algún deputado lamentábase de que os seus fillos querían vivendas que non tiveran 30 metros cadrados, e sinalaba para este lado da Cámara. Dicía: É que os nosos fillos teñen que ter outro tipo de vivendas. Non sei se este sector tamén será para que os fillos deste lado da Cámara teñan máis fácil acceso a determinados postos de traballo, pero, se non é así, hai que responder ás recomendacións do Consello de Contas e hai que cambiar os mecanismos de funcionamento na maior parte destes organismos en relación coa contratación de persoal. As denuncias por parte dos sindicatos, as denuncias por parte do Consello de Contas, non deixan lugar a dúbidas de que, despois de dezaseis anos –non digo que sempre, pero en moitas ocasións–, o sector institucional que creou o Goberno Fraga tivo unha finalidade claramente de instrumentalización partidaria, e diso é do que queremos falar nesta interpelación.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Resposta por parte da Xunta.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia, Relacións Institucións e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señor presidente, señorías, o señor Fraga é o presidente da Xunta de Galicia desde o ano 1989 – catro, imos cara á quinta–. O que non di o señor Suárez Canal, que precisamente tanto falou do Consello de Contas, é quen creou o Consello de Contas, co seu Goberno, levado a esta Cámara, un órgano de control externo precisamente de todo o que é a Administración xeral dentro da nosa comunidade, non só a Xunta de Galicia, senón os concellos, etc., incluído desde o ano 1999, que vostede tampouco o di, dentro desa manipulación. Loxicamente, eu entendo que vostede poida facer crítica, pero o que non se pode é manipular e recortar o que son os informes, porque se dá a circunstancia –e vostede omíteo intencionadamente para basear ou reforzar os seus postulados, que son postulados, e, claro, aquí non estamos facendo postulacións, estamos facendo outras cuestións–, por exemplo, de desde 1999, precisamente, tamén o Consello de Contas controla a todos estes órganos por unha decisión dunha normativa que está neste momento en vigor. Omíteo, porque, se non, o Consello de Contas non faría eses informes, que, quero recordarlle que se fan porque foi unha decisión da maioría dos membros... *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Claro, claro. Perdón, non de Fraga Iribarne, da maioría do Grupo Parlamentario Popular, e da decisión de quen ten a maioría nesta Cámara, respectando o dereito democrático, que vostede non respecta en moitas ocasións. Nós si, vostede non, en moitas ocasións, e agora non é o momento de falar disto, podemos facelo cando queira.

Pero quero recordar que os entes públicos, sociedades mercantís e fundacións se crearon seguindo o procedemento establecido na normativa vixente, mediante lei do Parlamento de Galicia –xa o acabo de dicir–, no caso dos entes, en virtude do decreto de sociedades, por considerar, como sabe o señor Suárez Canal, que son os instrumentos idóneos para a xestión dos recursos dos que dispón a Comunidade Autónoma para o exercicio de competencias que ten atribuídas.

Precisamente o informe do Consello de Contas, señor Suárez Canal, referido ao período 2000-2001, pon de manifesto a existencia dun total de 79 entes públicos, sociedades mercantís e fundacións; número de entidades que non varía significativamente no período, sendo semellante ao doutras comunidades históricas cun nivel de competencias coincidente co de Galicia. E este número, en todo caso, non pode entenderse como unha proliferación incontrolada, xa que o propio informe –xa que vostede fai tanta referencia ao informe do Consello de Contas– evidencia que o número destes entes é claramente inferior ao doutras comunidades autónomas; claramente inferior.

Se ben nalgúns dos entes aos que fai referencia o informe do Consello de Contas prestan servizos funcionarios e funcionarias da Administración da Xunta, ben é certo –e vostede sábeo–, que con carácter xeral o seu persoal está suxeito á lexislación laboral, sábeo perfectamente. Aquí dá a sensación, cando falan, de que se está incumprindo a normativa, a lei e os procedementos, e iso é falso, totalmente falso, porque na Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas participadas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal élle de aplicación supletoria a normativa xeral en materia de función pública. En cambio, esa lei que acabo de citar si que

contempla como principios de estrita observancia os que rexen o acceso á función pública, é dicir: publicidade, concorrencia, igualdade, mérito e capacidade. Así pois, todo proceso de selección de persoal, tanto do cadro de persoal, como temporal destes entes, pasa necesariamente polos pasos que vou dicir neste preciso instante:

Os cadros de persoal dos entes son aprobados polo órgano superior da dirección. O nomeamento faise por unha comisión de selección encargada do proceso, independentemente do órgano de dirección. A publicidade e a convocatoria das bases para a selección e posterior contratación faise: a) Para o persoal do cadro de persoal: publicación do anuncio da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*; publicación do anuncio nun xornal de difusión xeral. A publicación realizarase cunha antelación mínima dun mes antes do inicio das probas. Para o persoal temporal, que tanto lle preocupa a vostede e que dixo que nalgún ente había vinte e non sei cantos cargos... ¡Oia! está vostede falando, como dixo antes, dunha empresa que ten preto de 700 traballadores. Mire, é a media dos cargos que teñen incluso as empresas máis optimizadas en rendibilidade en calquera empresa privada. Seguramente que vostede nunca analizou o persoal que teñen e como está cualificado ou como é o status que ten cada un dentro das empresas, se non non dicía o que está dicindo. Pero en canto ao persoal temporal, que é o que parece que máis lle preocupaba a vostede, como nos preocupa a nós, por iso quero recordar –permítame este inciso– que é a Administración autonómica galega a que, en conxunto, incluíndo os entes paralelos, máis reduciu a precariedade no emprego nos últimos catro anos, a nosa Administración. Consecuentemente, comprenderá que non nos imos avergoñar de facelo. Pero, como dicía, en canto ao persoal temporal, quero dicirlle para a súa tranquilidade, e, ademais, como di o propio informe do Consello de Contas, que se fai –repito, persoal temporal–: unha convocatoria efectuada mediante anuncio público, primeiro requisito. Segundo, persoas incluídas nas listas que elabora o Instituto Nacional de Emprego ou noutros servizos de colocación legalmente autorizados. No noso caso temos transferido o Servizo Galego de Colocación. Tamén poderán acollerse a un sistema de listas confeccionadas, logo dun anuncio público –que se fai en moi poucas comunidades e que fai que nos sintamos profundamente orgullosos, e dígoo aquí moi clariño e moi alto, e non teño medo, como parece que tiña antes o que me interpelou–, de conformidade co baremo aprobado pola entidade respectiva, e, por outro, logo da preceptiva autorización conxunta das consellerías da Presidencia e de Economía e Facenda. O estudo da convocatoria efectuarano os respectivos órganos da Administración autonómica, referíndose, por unha banda, por parte da Consellería da Presidencia, ao control da súa legalidade –repito ao control da súa legalidade– e á adecuación do que determina a lei, como dixen antes, 10/1996, do 5 de novembro e demais normativa. E, por outra, por parte da Consellería de Economía, ao control de carácter orzamentario.

Ademais, para que lles quede claro, voulles dicir algo. Señor Suárez Canal, vostede ten desconfianza; eu digo aquí, non sei noutros aspectos, nin me meto niso, pero ten unha desconfianza permanente, e, ademais, hai que facer unha lectura, non entre liñas, senón completa, do que é o informe do Consello de Contas. A omisión do trámite que eu acabo de ler, para darlle resposta cumprida ao que vostede afirmaba, ou a omisión de calquera dos aspectos do relatorio que fixen deste trámite, produciría a nulidade de pleno dereito da convocatoria. Fíxese o que lle estou dicindo: produciría a nulidade da convocatoria. Co cal –vostede sábeo–, cunha capacidade de crítica, diría eu, e, permítame, de manipulación, vostede modifica o que é o informe, que, indiscutiblemente, como todos os informes dos consellos, como o do Tribunal de Contas ou como o dos consellos das comunidades que o teñen –que sabe que as hai que non teñen nada diso; aínda van moitos anos por atrás, ou van dunha maneira que non ten nada que ver co control, que si estableceu o Goberno, a Xunta de Galicia, a través, precisamente, de traer un proxecto a esta Cámara–... Quero dicirlle que queda moi claro que non se conculca para nada ningún dereito e que por iso non hai ningunha nulidade, porque, se non, vostedes, nós ou calquera cidadán dos millóns que integran neste momento o pobo galego, ou de fóra, podería presentar a reclamación correspondente e crearía a nulidade. Consecuentemente, non é como vostede está a dicir.

Eu quero dicirlles, e que lles quede moi claro, que nós, desde logo, pensamos que o estamos facendo, se non perfecto, si bastante ben. Sentímonos orgullosos. E vostede dicía: Non veña con outros. Si, eu teño que establecer sempre as comparacións. ¡Home!, non vou comparar, por exemplo, pois non sei, con Chechenia ou con Afganistán, pero si vou comparar con Cataluña, co País Vasco, con Andalucía e co resto das comunidades, loxicamente...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Remato, señor presidente, dicindo que a Administración da Xunta de Galicia, nun claro intento de control orzamentario, de contratación e de actividades levadas a cabo por estes entes, establece non só un, senón un triplo mecanismo de control destas institucións. E, como non teño tempo agora, señor presidente, dentro dun momento voulle dicir cal é ese triplo control; non un, como establece a maioría, senón un triplo mecanismo de control para que o señor Suárez Canal e calquera cidadán...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): ... teñan a seguridade de que as cousas se fan como Deus manda.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos que desexen intervir no debate? (*Pausa*.)

Ten a palabra o señor López Vidal polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor LÓPEZ VIDAL: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Estou con vostede, señor conselleiro, eu tampouco acabo de entender como o señor Suárez Canal se atreve, dada a súa longa traxectoria e experiencia parlamentaria e dado o rigor que o caracteriza, a vir aquí e a formularlle catro sinxelas preguntas nunha interpelación –e, por certo, esqueceuse vostede, pero foi un erro eventual, de contestarllas– nin entendo como se atreve a virlles cuestionar a vostedes esa rede clientelar, os *chiringos* paralelos da súa Administración, ¡Que ousadía! ¡Pero que ousadía! Incluso non entendo como se atreve vostede a esgrimir un informe dun órgano, dun *chiringo* máis, que tivemos que crear, porque nos obrigaron as circunstancias, por un favor graciable que lle fixo o Partido Popular a este país. Creamos o Consello de Contas de Galicia como máximo órgano de control e fiscalización, pero dá o mesmo, como non lle facemos nin caso ao que nos di, dános igual, que diga o que queira, predican todos os anos en deserto, dá o mesmo.

Dicía o señor Suárez Canal que este informe que se presentou no ano 2004 denuncia graves deficiencias do sector. Di especificamente que hai unha carencia de normativa –á que vostede alude, e descualifica por completo esa lei de 1995– específica que regula o réxime xurídico destas entidades, unha inexistencia dun rexistro xeral centralizado das entidades que conforman este sector institucional –pero, ¿para que queremos rexistro, se así, sen rexistrar, están mellor?–: 10 organismos autónomos, 8 entes públicos, 19 sociedades mercantís, 10 fundacións sanitarias, 30 fundacións comarcais e 12 fundacións de catalogación diversa. Xa non sabemos nin como lle debemos de chamar. Iso, don Jaime Pita, dío na páxina 10 que vostede non leu do informe do Consello de Contas; é dicir, sumamos –que vostede é mestre e moito presume diso, e iso que eu son de letras–, e dános 89 cubículos espallados pola Administración paralela, non 79, non me veña coas rebaixas, que xa pasou xaneiro e febreiro. Son 89.

Di o Consello de Contas que nestes 89 hai unha proliferación incontrolada deles, temos unha capacidade creativa asombrosa, unha duplicación de estruturas administrativas e unha falla de dimensionamento destas, e ousa tamén dicir –non sei como ousa dicilo– que hai vulneración flagrante do principio de economía do gasto, iso que vostedes predicaron, o sacrosanto déficit cero. E no marco de actuación do persoal, que debe estar sometido a eses principios que vostede dixo aquí moi ben de memoria –e que os sabe moi ben: publicidade, imparcialidade, mérito e capacidade, que deben estar ao servizo dos intereses xerais–, hai vulneración destes piares.

Nesta anualidade que se atreveu a analizar o Consello de Contas, un número medio de traballadores estaba daquela en 2.795 –¡vaia brigada!, representando –como non podía ser doutro xeito– o máximo órgano –este máximo órgano de coherencia, de pluralismo informativo, de liberdade, que é a Televisión de Galicia– un 17% do sector, con 491 empregados; e empregados daquela maneira tamén, para que estean mellor controlados, que xa antes fixo referencia a iso o meu compañeiro, e tamén incidiu niso o señor Suárez Canal.

¿Como se fai a selección do persoal de carácter indefinido? ¿Onde están esas bases que vostede di? ¿Onde se publican? Non, non, non se decatan; eu non, os de alí, os de aí abaixo, os do Consello, váianllelo contar a eles. Destaca excesivamente a valoración da experiencia nos procesos realizados mediante concurso-oposición. Como non pode ser doutro xeito, a experiencia é moi importante: primeiro contratamos de xeito temporal os amigos ou os fillos dos familiares dos prominentes –non a todos, don Jaime, non a todos, que non todos serven nin están capacitados para realizar estas tarefas–, e despois, mediante concurso-oposición, no que se valora dun xeito sobrenatural a experiencia, quedan permanentemente ao servizo da Administración paralela. Se iso non chega, porque, ben, ao mellor tamén nos sae por aí algún que é un pouco curtiño –¡que lle imos facer!, hai de todo na viña do señor–, pois á valoración da entrevista dámoslle un 20%. Isto é moi obxectivo. Por iso que os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria son constantemente utilizados e usados.

Xa non quero entrar no sistema retributivo, que tamén entra o Consello de Contas. Non existe límite ningún, hai bos salarios –hai que ter contenta a nosa xente, e ademais cando se trata dunha casta de privilexiados–. E en canto á contratación temporal, a 31 de decembro dese ano analizado ou fiscalizado –2001–, o 28% do persoal era temporal, superando o 50% en máis de dez entidades destas que antes acabo de nomear. Pero isto non se chama precariedade laboral, isto chámase fomento do emprego. E o máis grave –que para vostede non reviste gravidade ningunha– é que os procesos selectivos feitos da forma e maneira que aquí foi explicitada consolidan como persoal laboral fixo aos traballadores que viñan desenvolvendo as mesmas tarefas como persoal temporal, porque os contratos temporais son un período de proba para as posteriores contratacións de carácter fixo nas entidades públicas: primeiro probámolos *y, si nos vamos, los dejamos con un puestito para toda la vida, que les viene muy bien*.

¿As conclusións do informe? Para nada demoledoras, totalmente satisfactorias para vostedes. Evidencian –craso error– a práctica do enchufismo. Equivócanse. Din que a Xunta –veñen dicir entre liñas, claro, loxicamente, non van empregar estes termos que nós empregamos– está convertida nun *cortijo*, nunha eira particular e de uso exclusivo de determinados dirixentes do Partido Popular; nunha casta determinada, nunha elite de persoas prominentes e privilexiadas que teñen e que poden ousar optar a un posto destas características. Pero, claro, teñen un bo exemplo, o presidente da Xunta, e pronto haberá noticias sobre iso tamén. Pero estas falcatruadas, pequenas falcatruadas, non minan para nada o emprego público en Galicia. A nosa xuventude, que está espallada polas academias, que espere a que outros sigan consolidando e papando o emprego público neste sector.

Outro dos aspectos que sinalaba o señor Suárez Canal na súa interpelación facía referencia aos tribunais de selección. Por certo, agora aproveito que está aquí o señor conselleiro de Economía para darlle só unha cifra, aínda que a min non me gustan as cifras, porque son de letras. No ano 2001 os orzamentos dos entes públicos e das sociedades mercantís eran dun total de 695.143, e isto pasou no ano 2005 –as últimas cifras que temos– a 1.135.473; é dicir, que se incrementou o orzamento nun 63,34%. Para que se vexa ben: estabamos aquí e seguimos subindo ata acolá. É o orzamento da Administración paralela.

En canto aos tribunais de selección –para ir rematando–, é fundamental na selección do persoal a súa configuración, e diso vostede, en concreto, e a *camarilla* –se me permite este termo cariñoso– que o rodea na súa consellería saben moito. Para contar cunha administración pública obxectiva, eficaz e eficiente pois hai que contar previamente cuns tribunais de selección proclives, feitos á carta, para que nos axuden a construír este edificio que tanto nos axuda nas nosas políticas. No noso país vimos padecendo esta desgraza –porque é unha desgraza contar con este sistema de selección–, e non queremos copiar, porque, e se fagan as comparacións fáganas ben. Lea, don Jaime –léao cando poida, e, se non, tamén llo paso–, o Real decreto 121/2005, do 4 de febreiro, do Goberno ZP...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ VIDAL:... –remato, señor presidente–: *"Disposición adicional tercera. No podrán formar parte de comisiones de selección o de tribunales de pruebas selectivas para el ingreso en cuerpos o escalas de funcionarios o en categorías de personal laboral quienes tengan la consideración de alto cargo, de acuerdo con lo establecido en la Ley 12/1995, de 11 de mayo."*

Iso é o que fai vostede: o seu secretario xeral e o seu director xeral de Inspección de Servizos son os que permanentemente están nos tribunais de selección. E tamén a señora directora xeral do Voluntariado, para...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LÓPEZ VIDAL: Rematei, señor presidente. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor López Vidal.

Rolda de réplica para o autor da interpelación, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor Pita, suspenso. *(Risos.)*

Vostede, efectivamente, creo que, como conselleiro, se houbera un deses tribunais dos que nós dicimos, nomeado ao chou, suspendería. Eu fixenlle catro preguntas, linllas aquí, ¿verdade? ¿Vostedes escoitaron a contestación a algunha? A ningunha. ¿Número de persoas contratadas, aínda que sexa para dicir setecentos tal, tal? ¿Tribunais? ¿Documentos para dicir que se aplican as directrices que dá o Consello de Contas? Pode dicirnos que ningunha, pero non contestou. Fixo o que eu dixen que ía facer: contarnos que noutras comunidades tal, vir aquí falar de principios xenéricos e dicir que actúan conforme á legalidade. O problema é que o que está suxeito aquí non é a legalidade, o que está suxeito nesta interpelación é a utilización que fai a Xunta de dedicar unha parte importante de recursos públicos a un sector institucional que se acolle fundamentalmente ao funcionamento baixo o dereito privado para poder despois utilizar eses requisitos de forma absolutamente partidaria. Esa é a cuestión.

¿Que iso se pode facer con legalidade? Eu non estou discutindo iso. Eu estou discutindo se politicamente é correcto que os recursos públicos de todos os cidadáns se estean utilizando conforme a criterios que vulneran o que son os principios elementais da utilización dos recursos públicos. E dío o Consello de Contas, non o di este deputado. Si, si, dío o Consello de Contas, señor Pita. Vostede contestou como eses estudantes aos que lles fan unha pregunta de historia e, como saben a lista dos reis godos, soltan a lista dos reis godos sexa a pregunta que sexa. ¡Contésteme as preguntas! Esa é a súa obriga, señor Pita. Despois, insístolle, nós temos anchas costas para aguantar o que faga falta se vostede nos quere insultar, atacar ou interpelar. Eu non estou insultando a ninguén. Digo que vostede ten que contestar as preguntas.

Segunda cuestión. Recorrentemente nos sae ademais coa mesma trécola. O Consello de Contas non o creou o señor Fraga, señor Pita, está vostede equivocado. O Consello de Contas créao o artigo número 53.2 do Estatuto, que di: "Crearase un Consello de Contas". E a lei foi deste Parlamento, antes de que existira o señor Fraga como parlamentario. Outra cousa é que o nomeamento nun determinado momento se faga cando se ten maioría absoluta. *(Murmurios.)* ¡Xa está ben...! Señor presidente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa está ben de patrimonializar as decisións do Parlamento. Iso está no Estatuto, señor Pita.

Fala vostede de desconfianza. Fíxese: Informe do Consello de Contas, primeiro criterio filosófico sobre o sector institucional non administrativo. Di: "A flexibilización do réxime xurídico" –que é do que estamos falando– "de actuación na xestión de persoal constitúe un dos principais alicientes para a proliferación destas entidades". É dicir, a política flexible de persoal que non se pode facer na Administración é o que move a isto, e dío o Consello de Contas. Por iso nós queremos que vostede responda desa política de persoal, e sáenos cun *tinglado* de principio, mérito e capacidade. Pero é que o Consello de Contas lle di claramente en seis ou sete recomendacións que todo iso –en moitos casos, non en todos– vostedes o pasan polo forro. Si, si, ¡fíxese! –se me deixa o presidente léollo–: "Recoméndase que a selección de persoal laboral de carácter indefinido se articule nun procedemento selectivo" –polo tanto, non se está facendo en todos os casos; non llo podo ler todo pero fai unha análise para chegar a esta recomendación– "a través dunha convocatoria pública na que se insiran unhas bases que, como mínimo, reflictan o número de características das prazas ofertadas, os requisitos dos aspirantes, o prazo para presentar as solicitudes, o sistema de selección coa fixación de baremos, os méritos para valorar e as puntuacións que se van outorgar, a composición dos órganos de selección, a previsión da elaboración dunha lista de admitidos e excluídos e a relación deses seleccionados coas correspondentes puntuacións, así como as regras de impugnación".

Cando o Consello de Contas fai todas estas alusións é porque nalgúns casos se detectou que se incumprían algun-

has delas. Polo tanto, vostedes están incumprindo o que sería normal no funcionamento cando se utilizan recursos públicos: o tema dos contratos de altos directivos. "Os postos de directivos que non cumpran estes requisitos deben proverse a través dun proceso selectivo que garanta os principios de publicidade, mérito e capacidade". Iso é o que vostedes non queren facer na Televisión...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SUÁREZ CANAL: E máis adiante, na páxina 138, dille que na Televisión abusan desa figura, señor Pita.

Polo tanto, ¿de que estamos a falar? Estamos a falar do que di este deputado: estamos a falar dun órgano no que a maioría de todos os seus membros foi designada por este Parlamento, pero, efectivamente, con base nun quórum que determina unha determinada composición, que lles di a vostedes que están utilizando o sector non institucional con criterio absolutamente partidista...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SUÁREZ CANAL:... cun criterio de instrumentalización dos recursos públicos.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LÓPEZ VIDAL: E diso vostede non quere falar. Pero as preguntas da interpelación van sobre iso. Xa vexo que non ten interese, efectivamente, en contestar as preguntas. ¡Pinchamos onde doe, señor Pita! Por iso hai que desviar a atención cara a outro lado. ¡Pinchamos onde doe!

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Eu dígolle, dunha vez por todas, que algunha vez teña vostede desde esta tribuna un comportamento coherente coa iniciativa que se está a substanciar. Ten catro preguntas: conteste as preguntas e non nos volva outra vez coa lista dos reis godos, que é o que fai vostede habitualmente desde aquí.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para a rolda de réplica.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señor presidente.

Señorías.

Señor Suárez Canal, a versión sempre totalmente nesgada que fai vostede dos informes fai que lle faga... Si, si, pero o que vostede dixo é parcialmente o que di o informe. Claro, vostede colle o que quere, e sabe que se se entresaca parte do que din as conclusións dese informe, automaticamente iso se chama –vouno dicir outra vez– ma-ni-pu-la-ción manifesta. É o que vostede fai: manipulación. *(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non estou con ningunha lista dos reis godos. E vostede estivo coa lista manipulada da manipulación permanente de facer lecturas entrecortadas do que é un texto xeral.

Pero mire, eu voulle dicir o que di o Consello de Contas, que vostede non le. Por exemplo, despois de todos os efectivos de control, e, como lle dixen antes, de que a omisión dos trámites obrigatorios produciuse a nulidade de pleno dereito de calquera convocatoria, de calquera control do persoal ao servizo destes entes que –xa llo dixen e voullo repetir, omitiuno vostede tamén– desde o ano 1999, de obrigado cumprimento, todo control... Desde o ano 1999, por acordo noso tamén, desde o ano 1999. Si, si, desde o ano 1999. Voulle dicir algo que vostede non dixo, que tamén di o informe. En xeral di o propio informe, na súa páxina 49, para que o busque –dígollo porque vostede só atopa o negro; é para que atope tamén o gris e o branco–: "*Se advierte*" –está en castelán– *"una evolución positiva en el cumplimento de los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad, na selección"* –estou traducindo eu– "de persoal conforme ao establecido... *(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)* –díxome que quería que lle respondese, se me deixa; non, está en galego, está en galego– "na Lei 10/1996, do 5 de novembro," que lle dicía eu antes.

Ben, dito iso, voulle responder... *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* Non, non, sigo lendo... (*Pronúnciansе palabras que non se perciben.*) Señor presidente, eu quero res-

ponderlle a quen me interpelou, non aos bárbaros que están sempre impedindo que eu me poida expresar. Oia, señor presidente, se quere e se me dá tempo, lemos todo o informe. Eu continúo, señor presidente, pero téñenme que deixar e vostede darme o amparo correspondente, se fai o favor.

Señor Suárez Canal, en canto ás anomalías –refírome ao principal das súas preguntas– detectadas nos sucesivos informes do Consello de Contas sobre contratacións sen publicidade nin respecto aos principios de mérito e capacidade, sobre a excesiva valoración da entrevista persoal, que vostede indicaba, sobre a non indicación de probas concretas de selección, sobre o incumprimento de normas sobre incompatibilidades, etc., ¿foron adoptadas decisións para ser corrixidas? Por aí pregunta vostede. Eu respóndolle –dado que di que non lle respondo. As convocatorias para a selección de persoal fixéronse seguindo as pautas marcadas polo artigo 4 da lei correspondente, mediante anuncios públicos de convocatoria, e nun diario de difusión xeral, sendo efectuada a selección polas mencionadas comisións, respectando os principios que non vou repetir. E vou dicir agora en cales, e digo o que di o informe, que, ao mellor, non vale –digo que non vale o que di o informe para vostede–:

Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia. O Consello de Contas, no seu informe do 22 do 9 de 2004, detectou as seguintes anomalías: contratacións sen publicidade e non respecto aos principios de mérito e capacidade: un caso, que non se publicou no *Diario Oficial de Galicia*, aínda que si noutros medios. A Sociedade Anónima de Xestión CESGA adoptou medidas para corrixilo –iso é o que di o informe–. Excesiva valoración da entrevista persoal que di vostede: non se detectou ningún caso, dito polo Consello de Contas. Non indicación de probas concretas de selección: non se detectou ningún caso. Incumprimento de normas sobre incompatibilidades: non se detectou ningún caso.

Fundación Rof Codina. Contratación sen publicidade nin respecto aos principios de mérito e capacidade: ningún caso. Excesiva valoración da entrevista persoal: ningún caso. Non indicación de probas concretas de selección: nunca; en todos os casos se lles fixo entrega aos interesados das bases da convocatoria das prazas, e o tribunal informou sobre as probas selectivas e o seu baremo con anterioridade á celebración destas. Incumprimento de normas sobre incompatibilidade: ningún caso. Coa aplicación da Lei 10/1996 e do sistema integrado de información e control da xestión económica da sociedade e fundacións públicas, o control da actividade económica das contratacións de persoal nas entidades dependentes da Xunta de Galicia está garantido con anterioridade á celebración dos contratos.

Na Fundación Semana Verde de Galicia, en todas as contratacións se atenderon os principios de mérito, capacidade, etc. En materia de incompatibilidades, tal e como recolle o artigo 8º da citada Lei 10/1996, este persoal está sometido ao réxime de incompatibilidades establecido para o persoal ao servizo da Xunta de Galicia.

Cuarta pregunta ...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): ... –remato, señor presidente, se me dá un momento– ¿Non considera que o escaso control que se pode levar a cabo sobre os procedementos, etc.? O establecemento de mecanismos claros, públicos e obxectivos que garantan os principios de mérito, capacidade e igualdade de oportunidades non soamente están perfectamente garantidos e regulados na citada lei senón que, ademais, o Parlamento de Galicia acaba de aprobar o 29 de decembro do ano 2004 un proxecto de lei que regula as fundacións de interese galego.

Todo iso eu sei que non lle vale absolutamente para nada, pero penso que o que temos que facer, señorías, é implantar o sistema que está propoñendo o Goberno central socialista, o famoso psicotécnico, porque é co que se pode amañar absolutamente todo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):... e incluso, se quere, preteritamente, señor presidente, señorías, o que tiña o señor Roldán cando lle deron o título universitario.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. *(Protestas.)*

(*Pide a palabra o señor Suárez Canal.*)

Señor Suárez Canal, ¿para que quere o uso da palabra?

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, vostede comprobaría que, das preguntas que nós lle formulamos ao señor Pita, contestounos, ao final, de 79, sociedades ou organismos autónomos que hai, a 3. Non sei se escolleu os tres que funcionan relativamente ben, porque dalgún deles habería que falar, pero, efectivamente, estabamos a falar de 79 organismos autónomos. Non sei se merecería a pena que puidesemos ler este informe, se os deputados tivesen a paciencia, porque, entón, escoitariamos aí os datos dos outros 76.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal, pero os deputados xa coñecen todos ese informe.

Estando de acordo os grupos parlamentarios e os autores da pregunta, pasamos a formular a pregunta de don José Manuel Lage.

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas e dous deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns da Consellería de Medio Ambiente para demorar a remisión do informe solicitado polo Goberno do Estado para axilizar os trámites relacionados coa chegada do AVE ao eixo atlántico

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Lage Tuñas para formular a pregunta.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro de Medio Ambiente, en datas pasadas fíxose público o estado dun tramo relacionado coa posta en funcionamento do AVE no eixo atlántico, concretamente se dicía que estaba paralizado pola carencia dun informe da consellería que vostede preside. Estamos a falar dun tramo que discorre entre as localidades de Vilagarcía de Arousa e Padrón e que está pendente da redacción do proxecto á espera de que o Goberno galego, e concretamente a Consellería de Medio Ambiente, lle remita ao Ministerio de Fomento un informe sobre as posibles repercusións medioambientais. Pasaron xa máis de doce meses desde que o Ministerio de Fomento solicitou do Goberno popular o dito informe, cando o prazo para contestar sería de tres meses.

Entendemos que o delicado da actuación sobre o río Ulla levou ao ministerio a consultar á Administración autonómica antes de someter a dita actuación á preceptiva declaración de impacto ambiental. Concretamente o Estado pediulle á Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia un informe sobre a afección do tramo mencionado no lugar de interese comunitario denominado sistema fluvial Ulla-Deza, e é indispensable este informe para poder formular a correspondente declaración de impacto ambiental. Isto ocorría hai máis de doce meses, e, segundo informacións que se fixeron públicas na primeira semana de marzo, o departamento que dirixe vostede como vicepresidente segundo do Goberno que é e conselleiro de Medio Ambiente aínda non respondeu ao requirimento do Goberno de España.

Polo exposto aquí, formulámoslle a seguinte cuestión: ¿cales son as razóns que levaron á Consellería de Medio Ambiente a non remitir ao Goberno do Estado o informe que lle foi solicitado hai máis de doce meses para poder axilizar os trámites relacionados coa chegada do AVE ao eixo atlántico? Tendo en conta que vostedes se moven na publicidade e no engano masivo, tratando de dicir que o Goberno do Estado non se compromete con Galicia, cando realmente son vostedes os que non fixeron nada durante oito anos no Goberno do Estado e dezaseis que levan á fronte do Goberno galego, non estaría de máis que nos explicase por que durante todo este tempo o Goberno do Estado, o Ministerio de Fomento, non obtivo resposta da consellería que vostede dirixe.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Lage.

Ten a palabra o señor conselleiro de Medio Ambiente para dar resposta por parte da Xunta.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE (Barreiro Fernández): Señor presidente, señorías.

Permítame que faga unha cuestión previa antes de responder ao que vostede pregunta.

A Consellería de Medio Ambiente contestou no ano 2002, que foi cando foi requirida, e foi unha contestación da

Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como así poderá vostede comprobar no Ministerio de Fomento correspondente.

Logo, en relación coa pregunta concreta que vostede me está formulando, a resposta é moi sinxela: a Dirección Xeral de Conservación non contestou porque no día de hoxe –subliño, no día de hoxe–, aínda non recibiu a documentación da Administración Xeral do Estado para que poida facer o informe ao que vostede facía referencia.

Moitas grazas, señor presidente. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra o señor Lage Tuñas na rolda de réplica.

O señor LAGE TUÑAS: Señor Barreiro, a verdade é que non deixan de soprendernos, e unha vez máis demóstrase que a publicidade e o engano masivo ao que tentan someter a poboación queda nun erro burocrático. Vostede está a falar de que desde o 4 de decembro de 2003, que o ministerio lle fai un requirimento aquí na sesión deste Parlamento, do Parlamento de Galicia, lle enviaron a documentación. Pero, ben, o que teñen vostedes como responsables do Goberno de Galicia é unha cara inmensa, dígollo con todo o respecto do mundo, pero con toda contundencia. Non se pode pasar isto desde o 4 de decembro do 2003 ata hoxe, 13 de abril do 2005, como un erro burocrático. Agora resulta que se o AVE non chega será culpa de Zapatero; se o AVE non chega ao eixo atlántico e non chega en tempo e forma será culpa dos socialistas. ¡Ah!, pero o Goberno galego ¿que é o que fixo durante todo este tempo? Pasaron 16 meses, señor Barreiro. ¿A vostede ocorréuselle preguntar, interesarse ou facer algo por axilizar as obras do AVE? ¿Ou ao único ao que están, posto que lles queda moi pouco tempo, moi poucos meses –xa poden ir contando os días–, é á publicidade e á propaganda, como cando poñían os AVE en todos os cines galegos, daquela, cando gobernaban vostedes, cando estaban no goberno de España? *(Murmurios.)*

Señor Barreiro, a súa resposta é moi esclarecedora do que fai o Goberno galego: publicidade e propaganda, engano masivo. Desde logo, hai que ter moita cara para pasar dezaseis meses sen remitir un informe ... *(Risos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS: ... ao Goberno de España.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Ten a palabra o señor conselleiro de Medio Ambiente para dar resposta.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE (Barreiro Fernández): Grazas, señor presidente.

Eu podo comprender a súa vehemencia, que seguramente responde a que non lle deron toda a información. Mire, esta é unha carta, que entrou onte, 12 de abril, no rexistro de entrada, na Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, e vén dirixida pola Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento, relativa a esa cuestión. Nela din que nos mandan a documentación. Isto entrou onte, día 12 de abril.

Polo tanto, perdoe, se me permite, pero, a pesar da súa vehemencia, ve vostede que non lle deron toda a información, porque, se a remiten onte, non estaba, obviamente. E é que para que a remitisen onte houbo toda unha serie de conversacións, tanto telefónicas como por carta, nas que se solicitaba esa información. Pero dígolle máis, vostede entrou nun asunto do cal non vai poder saír, e non sabe saír, porque vostede chegou a dicir aquí –eu creo que quedou claro– cal é a proposta e cal é a razón pola que non houbo non unha contestación por parte da consellería, que si a houbo en 2002, senón dunha dirección xeral: porque faltaba esa documentación para poder facela. E simplemente me remito ao escrito de onte do Ministerio de Fomento.

Pero é que di vostede que está parado iso. ¿Non ve que iso é falso, que non o informan? ¿Non ve que a propia Dirección Xeral para a Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente cando tivo interese o fixo? Podía telo feito. Nese mesmo tramo de ferrocarril xa fixo esa parte do estudo, e aínda hoxe a documentación que nos remiten valería para facer esa información. Pero, claro, como argumentación súa, nós imos contestar, evidentemente, e imos entrar a facer un informe que non teriamos que facer, pero o fundamental e substancial é que chegou... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Pero se chegou onte, querido amigo! Lea o papel...

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE (Barreiro Fernández): Lea o papel *(Protestas.).* O que pasa é que, mire, as cousas ás veces por dicilas non son verdade nin mentira, as cousas son certas ou non son certas. Entón, vostede, se segue todo o expediente, que é moi fácil de seguir, comprobará como o que lle digo é certo e como no 2002 hai o primeiro informe da Consellería de Medio Ambiente, no prazo que vostede di, efectivamente, dos tres meses, que o fai a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Iso é tal e como llo digo. Pero vaia ao ministerio e comprobará que eu non lle estou mentindo.

E, posteriormente, cando se solicita isto, hai unha serie de cruces de conversacións telefónicas, de cartas, para dicir que se mandara a documentación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Que non, que non, que a documentación entrou onte por rexistro; mellor dito, entrou no rexistro enviada por uns mensaxeiros. Polo tanto, vostedes están tratando de cambiar a realidade, e a realidade non a cambian vostedes, porque é a que é. E a que vostedes pretenden cambiar, obviamente, vai ser a decisión que o pobo galego adopte, e poñerao a vostede, e a min tamén, no sitio onde nos corresponderá a cada un.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Retomamos as interpelacións.

Interpelación de D.ª Dolores Villarino Santiago e D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Economía e Facenda respecto do financiamento de determinadas obras de infraestruturas de acordo co réxime concesional establecido na Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora da concesión de obras públicas, e a súa incidencia nos futuros orzamentos da Comunidade Autónoma

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Villarino Santiago.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero dicir que nos gustaría aos socialistas que, como resultado desta interpelación, nos quedaran claras algunhas cousas e que ademais puideramos ser capaces entre todos de despexar algunhas incertezas.

Como se di na exposición de motivos desta interpelación, e como todas as súas señorías saben –entre outras cousas porque se fixo gran publicidade de cada papel que se moveu, incluso da intención de mover cada papel destes expedientes–, o Goberno da Xunta anunciou a construción de diferentes infraestruturas financiándoas polo réxime concesional.

Nos orzamentos deste ano, e cando se fixeron as contas para ver se o Goberno de Galicia estaba cumprindo ou non co Plan de dinamización económica, como as contas que se derivaban da información escrita que proporcionou o señor conselleiro de Economía e Facenda –creo recordar que en xuño do ano pasado– nos daban unha información que, obviamente, non lles parecía favorable, e era que, entre outras cousas, un de cada tres euros previstos non estaba recollido nin executado nos orzamentos, e que a consellería que menos investira, que menos cumprira o Plan Galicia, era xustamente a Consellería de Política Territorial, sendo o señor Núñez Feijóo un gran defensor –e a nós parécenos ben– de que se cumpra o Plan Galicia do Estado pero xa, polo que se ve, menos eficiente para que se cumpra o Plan de dinamización económica da Xunta –que agora chaman tamén Plan Galicia, eles saberán por que, antes era Plan de dinamización–, insisto, para que lles cadraran os números, anunciaron a construción de determinadas infraestruturas polo réxime concesional. E nós non o cuestionamos, como moi ben sabe o conselleiro de Economía. Ao mellor o resto dos deputados non o recordan, pero o conselleiro de Economía si recorda que nós votamos a favor de que se puideran financiar infraestruturas por este réxime. Co cal niso non somos sospeitosos.

O único que nos preocupa a nós é que, en primeiro lugar, temos os antecedentes destes gobernos do Partido Popular, que anunciaban que ían facer autovías sen peaxe e puxéronlles peaxe posteriormente. Entón digamos que a historia nos produce neste caso –a historia das súas actuacións– incerteza por non dicir preocupación.

Polo réxime concesional, señoras e señores deputados, preguntámoslle de xeito reiterado ao conselleiro de Política

Territorial e non foi quen de contestarnos en concreto cal era o modelo de financiamento e que tipo de concesións se ían dar. Dado que o señor Núñez Feijóo non era capaz de contestar –non quero dicir "capaz" no sentido de que non estivera capacitado para facelo, senón que daba a impresión de que non quería–, parecíanos que probablemente o máis axeitado era que o fixera o conselleiro de Economía e Facenda. Por iso fixemos esta interpelación, porque cremos que o señor Orza, obviamente ben coñecedor das finanzas galegas –eu creo que leva dezaseis anos ou preto de dezaseis anos de conselleiro–, eu diría que é o mellor coñecedor das finanzas de Galicia, sen dúbida ningunha, é a voz máis autorizada e que nos pode sacar dalgunha dúbida.

Polo tanto, preguntabámoslle cales eran as concesións que tiñan previstas para financiar estes investimentos, qué modelo e qué prazo de financiamento da totalidade dos 293 millóns, dos que falabamos aquí, porque das infraestruturas das que se falou naquel momento representaban no conxunto 293 millóns de euros. E preguntabamos se ía ser con peaxe ou con peaxe na sombra. E se era con peaxe na sombra, preguntabámoslle, señor conselleiro, e reiterámosllo hoxe, cal é a estimación de recursos correntes que haberá que comprometer nos orzamentos futuros para facer fronte a este custo, a este pago de peaxe na sombra, e cal é a repercusión deste incremento de gasto corrente na estrutura dos orzamentos futuros da Comunidade Autónoma.

Quérolles recordar, señoras e señores deputados, que esta comunidade autónoma ten un nivel de endebedamento superior aos 3.300 ou 3.400 –cos últimos douscentos millóns de euros que acaba de subscribir a Comunidade Autónoma–, que somos incapaces de amortizar a nosa débeda, que cada ano nos endebedamos para poder pagar as amortizacións que hai que pagar en función dos contratos da débeda e que, polo tanto, digamos que temos máis que suficientes compromisos de futuro. E isto vai ser un compromiso de futuro adicional. Que, por certo, os socialistas, como lle temos dito moitas veces, non temos ningún problema coa débeda, nin sequera con compromisos de futuro, se iso vai en beneficio do país.

O que sucede, señor Orza, é que collín un prego de condicións –da autovía da Barbanza– e me ocupei de mirar as cláusulas administrativas. Entón, como non podía ser doutro xeito –a autovía da Barbanza paréceme que son preto de 96 millóns de euros–, entre a documentación que se lles pide ás empresas que van concorrer pídeselles un plan económico-financeiro. Eu pensei que o plan económico-financeiro sería o modelo financeiro de pagamento, obviamente, do investimento previsto. Cando un segue lendo o prego de condicións –neste caso a páxina 29–, chégase ao apartado cuarto, que é a memoria, que tamén teñen que presentar as empresas que van concorrer a este concurso. E aí dise que hai que facer un estudo de tráfico e da estratexia de tarifas adoptada. Empezamos a falar de tarifas e de peaxes; e, así mesmo, da análise de tráfico previsto a través do cálculo de xeración e da asignación delas.

Así mesmo, na memoria hai que especificar o desglose das tarifas ofertadas, é dicir, hai que especificar vehículos lixeiros, aqueles cuxa lonxitude é inferior a seis metros, vehículos pesados..., e –vou ler– a *"fundamentación de nivel de tarifas propuesto para alcanzar el equilibrio económico durante el período concesional".* Logo, o modelo económico-financeiro que se pide para pagar esta infraestrutura que se lles pide ás empresas concesionarias é un modelo exactamente igual ao que se lle pediría a unha empresa para facer unha autopista que se financie pola peaxe; un modelo financeiro baseado no tráfico, baseado nas tarifas, baseado, polo tanto, no que deberían de pagar hipoteticamente por coche –para entendernos– ou os cidadáns ou a Xunta de Galicia.

Pídese toda clase de especificacións en relación coa viabilidade financeira da concesión con base no tráfico e no custo das tarifas por vehículo. Na proposición económica establécese o tipo máximo de tarifa por vehículo; é dicir, a peaxe por vehículo lixeiro, este tope; por vehículo pesado, este outro. E o máis importante de todo isto é que, nos criterios de adxudicación –que son mil puntos formalmente–, catrocentos deses mil puntos teñen que ver coa eficiencia do deseño concesional, é dicir, coa viabilidade económica, co modelo económico máis eficiente desde o punto de vista concesional –insisto, modelo baseado no tráfico e nas tarifas–.

Polo tanto, señor conselleiro, a nós, como vostede sabe, o modelo concesional non nos preocupa, preocúpanos, sen dúbida, que o modelo de financiamento desta infraestrutura estea baseado no tráfico e nas tarifas, porque –como vostede seguramente sabe, seguro– podería, sen dúbida ningunha, hoxe non ser de peaxe e pasadomañá ser de peaxe, xa que se ten adxudicada a obra –coas garantías incluídas, coas responsabilidades patrimoniais da Administración– coma se fora unha autopista de peaxe...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Remate, por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Xa remato, señora presidenta.

Polo tanto, señor conselleiro, a nós, que esperabamos ver outro modelo financeiro á hora de pagar esta infraestrutura, preocúpanos –e vostede seguramente compartirá comigo que nos debe de preocupar, a non ser que vostede nos diga o contrario– que estas autopistas non vaian ter peaxe. E, por certo –estas preguntas figuran na interpelación–, ¿cal vai ser a repercusión nos orzamentos da Xunta nos próximos trinta anos?

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señora Villarino.

Para responder ten a palabra o señor conselleiro de Economía e Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández): Grazas, señora presidenta.

Señora Villarino, a min paréceme que esta é unha cuestión que convén enmarcar dentro dun esquema que moi brevemente me gustaría deixar sobre a mesa, ou no debate, para saber por qué estamos ante un réxime concesional e por qué estamos ante un financiamento extrapresupostario, por así dicilo, de determinadas infraestruturas.

É evidente que nós temos establecido un modelo de desenvolvemento que pretende capitalizar a economía galega, e iso vímolo facendo desde hai tempo, non é unha cousa que improvisemos, non é unha cousa que veña de onte nin de antonte. Colla, digamos, os últimos catro anos, colla os debates presupostarios, etc., o que vostede queira. Esa é unha cuestión que está clara, tanto desde o punto de vista do capital económico público como do capital produtivo privado ou do capital tecnolóxico.

Segunda cuestión. Esta é unha estratexia que non é nominal, senón que é real. E a proba pódese ver en como evolucionaron os gastos de capital, dentro dos presupostos, a respecto da evolución media dos mesmos presupostos, e, polo tanto, en cales son as dotacións que se van poñendo á disposición desta estratexia.

En terceiro lugar, esta era unha estratexia que queriamos facer en equilibro, e que basicamente o temos conseguido, porque liquidamos en equilibro os nosos presupostos. E iso sábeo vostede con independencia de que poidamos ter discrepancias sobre cuestións eu diría que máis académicas que doutra natureza.

Cuarto, é unha estratexia que, desde logo, ten que ser compatible cun uso razoable do SEC95, tirando do SEC95 todas as posibilidades que ese Sistema Europeo de Contas permite respecto da colaboración público-privada á hora de poñer en marcha infraestruturas.

Polo tanto, ao esforzo presupostario, que é evidente e obvio, queremos engadirlle aquelas marxes que o Sistema Europeo de Contas permite utilizar sen que alguén poida considerarse que está fóra da legalidade. Queriamos, polo tanto, poñelo e empregalo para gañar prazos na construción de infraestruturas que puideran ser importantes desde o punto de vista da competitividade, do crecemento, do emprego, e facelo sen abandonar o obxectivo de poñer en marcha esa infraestrutura ou tendo que deixar de atender outras importantes para atender estas. Polo tanto, isto quero que quede claro.

Con este esquema, ¿que fixemos? Fixemos dúas cousas –desde o meu punto de vista, con responsabilidade e con seriedade–. Identificamos os organismos, entes ou sociedades –do artigo 111 da nosa Lei financeira e presupostaria– que actúan e que poden actuar en réxime de mercado, sen forzar as situacións; e iso de acordo coa comisión de avaliación do SEC95, que está formada polo Ministerio de Facenda, polo Banco de España e polo INE. ¿E isto entra? ¿Non entra? ¿Vale? ¿Non vale? E segunda cuestión: intentamos identificar as actuacións que cabería introducir tamén baixo a nova Lei 13/2003, de réxime concesional. E iso quixémolo facer de acordo coa iniciativa europea de infraestruturas, que apoia a colaboración público-privada –que era no 2003–. No ano 2003 creamos unha Comisión de Financiamento de Infraestruturas dentro da Xunta de Galicia que pretendía e pretende analizar a viabilidade económica, a idoneidade da fórmula e os usos financeiros que poderían estar

detrás destas iniciativas, para ver en que medida poderiamos utilizar este tipo de actuacións.

Nestes momentos, a Comisión de Infraestruturas ten, por así dicilo, estudado, recomendado, cinco tipos de actuacións: Carballo-Fisterra, vía rápida de Celanova á fronteira, O Salnés, A Barbanza –que foi mencionada aquí– e Santiago-Brión. Nestes momentos están en licitación pública só tres destas cinco, que son a de Santiago-Brión, a autovía do Salnés e a da Barbanza. Das características fundamentais desta fórmula de construción –polo menos as elixidas pola Xunta– poderíanse identificar as seguintes:

En primeiro lugar –e interésame que quede con absoluta claridade e rotundidade, e sen ningún tipo de dúbida nin para o presente nin para o futuro–, en ningún momento o usuario pagará peaxe ou canon ningún. Estou falando neste momento das tres que están a concurso, que son sobre as que hai unha proposta. En ningún momento haberá peaxe. Polo tanto, o que hai é unha peaxe na sombra, como é lóxico e razoable.

Segundo. Pagará a Administración, e logo veremos por que utilizamos todo isto que a señora Villarino mencionaba de réxime de cálculo e de determinación dos aspectos económicos e por que se fai dun xeito similar a se fora unha concesión ordinaria. Porque non interesa pagar máis do que se debe de pagar. A Xunta, aínda que vaia pagar a peaxe na sombra, non debe de pagar nin unha peseta máis do que é razoable para a explotación ou a viabilidade deste proxecto, ou dun proxecto desta natureza.

Polo tanto, primeira cuestión, os usuarios non aboarán peaxe ningunha.

Segunda cuestión, a Xunta aboará unha peaxe, que se denomina "peaxe na sombra" e que ten unha cantidade máxima, en calquera caso, que non a superará, segundo o uso máximo que se faga da infraestrutura, da autovía.

En terceiro lugar, a sociedade concesionaria asume a construción e a explotación.

En cuarto lugar, a autovía reverterá ao cabo dalgún tempo, neste caso concreto trinta anos, como vostede dixo. O risco de construción e de uso corren de cargo do concesionario. Esa é unha cuestión importante e que é importante resaltar.

En quinto lugar –tamén importante–, na medida en que o plan financeiro poida estar cuberto antes do período de construción, hai a posibilidade de rescate aos vinte anos; o cal permite modular, se é que houbera un beneficio excesivo, como consecuencia de que o uso da autovía fora superior ao inicialmente previsto, ao uso medio previsto, e que, polo tanto, o plan financeiro estivera cuberto con anterioridade. Polo tanto, poderíase producir o rescate con anticipación ao período previsto na concesión.

¿Que consecuencias se derivan desta decisión para a Xunta? A min paréceme que debería de saberse que a anualidade media que en principio se prevé como consecuencia dos custos de investimentos, dos custos de explotación –polo tanto, a anualidade media de pagamentos que durante o período de vixencia da concesión faría a Xunta para estas tres autovías que estamos considerando–, sitúase arredor dos 23 millóns de euros para cada ano. A verdade é que isto non supón un gasto que vaia alterar o esquema de gasto corrente, de gasto de capital, que vén funcionando na Xunta. Equivalería, máis ou menos, a cinco ou seis centésimas máis de incremento de gasto corrente global da Xunta de Galicia ao incluír 23,9 millóns de euros como anualidade media; que logo resultará a que sexa cando se liquide cada ano, pero como media está aí. Non altera dunha maneira importante, nin moitísimo menos, o que é o equilibrio entre gasto corrente e gasto de capital, porque só entre cinco e seis centésimas se verían incrementados os gastos correntes como consecuencia desta decisión.

E desde o punto de vista do que pode presionar sobre o presuposto da Consellería de Ordenación do Territorio, hai que saber que esta contía se sitúa máis ou menos arredor do 4% de todos os presupostos do ano 2005 da Consellería de Ordenación do Territorio [...], e que se situaría sobre unha cifra un pouco superior se falaramos do presuposto de estradas exclusivamente. Polo tanto, non parece que esteamos ante cifras que deban de preocupar no presente nin no futuro, e, sobre todo, estamos en condicións de poder utilizar os mecanismos que pon á nosa disposición o SEC95, a Lei de concesións, deste novo réxime concesional...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):..., que estamos en condicións de poder facelo

anticipando a posta á disposición do público destas infraestruturas, e de facelo con equilibrio presupostario ou sen poñer en risco, nin moito menos, cara a adiante o equilibrio presupostario. Paréceme que este é un obxectivo do que podemos estar razoablemente satisfeitos.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos que desexen intervir? *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Veiga Buxán.

O señor VEIGA BUXÁN: Señora presidenta, señoras e señores deputados.

Señor Orza, a aplicación das posibilidades que ofrece a lei que foi invocada aquí, tanto pola interpelante coma por vostede, de carácter estatal, para financiar infraestruturas en réxime concesional, é un síntoma dun problema. Interésame abordalo máis por aí, non tanto remitirme ao feito de que hai unhas posibilidades legais que ofrece tanto a lexislación europea coma a estatal, e de por que non aproveitalas. Plantexado a ese nivel de evidencia primaria, ¿que quere que lle diga? Non é discutíbel. Pero, ¿por que non facemos outra pregunta?: ¿a que se debe, ou que revela, a necesidade de que o Goberno galego acuda a ese réxime legal, mais non ordinario, por así dicilo, de financiamento das infraestruturas? A resposta é moi lóxica: porque non hai recursos ordinarios nos orzamentos para poder acometer esas infraestruturas que todo o mundo –desde logo, nós tamén– consideramos necesarias, urxentes ou inaprazábeis.

Non hai recursos nos orzamentos, e por iso hai que recorrer a este método extraorzamentario. Porque hoxe, se calquera vai aos orzamentos do 2005, non ve nin a autovía do Salnés, nin a da Barbanza, nin a de Santiago-Brión, nin os outros corredores ou vías de alta capacidade. ¿Por que non hai recursos –non me vou remitir ao vello problema tantas veces denunciado desde esta tribuna–. Pois porque realmente as fontes de financiamento que ten a facenda galega non son suficientes. ¡Claro! cabería outra interpretación: os recursos que hai están sendo mal utilizados. Vou deixar isto a un lado, porque, aínda que é certo que algúns están sendo mal utilizados, vou aceptar que a maior parte deles están basicamente ben utilizados. Vou aceptar esa premisa. Pero, entón, o que si é evidente é que as fontes das que se prové a facenda galega non proporcionan os recursos suficientes: nin o sistema de financiamento autonómico nin o FCI. Por certo, ¡que cousa máis lóxica sería cofinanciar estas autovías con fondos do FCI! Sería lóxico, bastante lóxico. Pois non pode ser porque non hai. Ben, pois os fondos europeos son os que son, aí están. Non poderán ser modificados, e, de selo, serán á baixa nos próximos anos. E logo entramos no problema do endebedamento, porque ese podería ser outro mecanismo: endebedarse para levar a cabo esas autovías, por exemplo. De feito, a Xunta de Galicia vai facer algo así para facer non unha autovía senón a autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense. Vaino facer así a través dunha sociedade instrumental. Digamos que vai recorrer finalmente a un endebedamento para construíla. Xa me entende vostede, señor Orza. Se quere, vai recorrer aos recursos ordinarios e, se é necesario, a un certo endebedamento; por exemplo, para esta autovía que vai ir desde aquí non até a Estrada senón até Cacheiras, imos dicilo así. Esa non vai polo réxime concesional, estase empezando a facer a licitación e vai polo método ordinario, que vai requirir, seguramente, un grao de endebedamento, aínda que non é un endebedamento afectado á construción desa autovía.

En fin, podían endebedarse. Non o fan. Invoca vostede aí o sacrosanto equilibrio orzamentario. Por certo, a min gustaríame que, aproveitando non que o Miño pasa por Lugo –non quero deturpar o sentido da interpelación, que é do Grupo Socialista, non é do Grupo Parlamentario do BNG–, que fixera vostede algún comentario sobre o feito de que neste momento procesual, non talvez cando fixo a interpelación a señora Villarino, resulta que o Pacto de estabilidade da Unión Europea está cuestionado e modificado; desde logo, nos termos no que estaba está finiquitado, nos termos nos que estaba, *caput*. E estase poñendo en marcha outro que vai dar lugar a unha nova lei de estabilidade no ámbito do Estado español. E seguramente esa lei abrirá posibilidades de orzamentos con déficit e de endebedamento. Dirá vostede que xa os hai agora. Ben, pois se os hai agora, pois tamén. Pero pode abrir posibilidades de utilización do endebedamento en determinadas condicións. ¿Por que non utilizalo para estas obras públicas, para estas infraestruturas? Vostede pódeme contestar: ¿e por que non o que nós propoñemos?

Pois mire, porque, para empezar, é un sistema máis opaco desde o punto de vista do control das forzas políticas deste Parlamento, ou do que veña, e, a continuación, da opinión pública. É máis opaco, ¿ou cre vostede que a cidadanía –case nin os deputados e as deputadas desta Cámara– len os pregos de condicións nos que se fan as concesións oportunas? E, por certo, vostede invocou unha circunstancia –que lla ía dicir, pero vostede adiantouse–: desde logo, pensando na autovía Santiago-Brión ou na autovía da Barbanza ou do Salnés, calquera pode pensar que co tránsito que hoxe teñen e co que verosimilmente poden ter nos vindeiros anos iso vai ser un negocio, non vai ser un problema; vai ser un negocio, ¡pero un bo negocio! Seguramente máis negocio mesmo que o que está sendo a autoestrada actual entre Santiago e Lalín, seguramente bastante máis negocio para as empresas concesionarias. E, polo tanto, ao mellor teñen que botar man os futuros gobernos desa posibilidade de recuperar, de rescatar, esa concesión antes de que finalice.

Vostede alude a un problema, e a min paréceme que non con pouco rigor, pero que si está infravalorando o problema. Evidentemente é unha peaxe na sombra, vostede xa pronunciou esa palabra. Falemos claro, é unha peaxe na sombra. Vai pagar a peaxe a Administración autonómica –esta e a que veña– con cargo ao capítulo II, gastos correntes. E di vostede: "Catro, cinco ou seis centésimas de gasto corrente". Non tiven tempo de facer o cálculo pero son moitos millóns de euros, xa sabe vostede; son moitos porque o gasto corrente da Xunta é moi importante. Son moitos cartos, como diría vostede; son moitos cartos anualmente. Pero hai un problema engadido, señor Orza: coa lóxica súa, non coa miña, no futuro, se vostede seguise gobernando, diría que os investimentos, os gastos de capital, os teño que facer sobre todo con base no aforro corrente, pero os gastos correntes supoñen un incremento á parte do que xa habitualmente hai. E os ingresos correntes ¿van incrementarse? Non máis alá do previsto. Co cal vostede está dicindo, no fondo, que diversas actuacións en materia infraestrutural do futuro están hipotecadas por isto que agora fan vostedes. Claro, vostede agora pode dicir: E se sigo o sistema de endebedamento tamén me estou hipotecando. Evidentemente, son dúas formas de hipotecarse. Eu non digo que a outra non sexa unha hipoteca, eu o que estou discutindo é que isto sexa o bálsamo de fierabrás. Non o é, isto é unha fórmula que é menos transparente ca outra. Pero, ¡ollo!, non garante ao cento por cento que non se lles traslade nalgún momento a peaxe aos usuarios. Vostede fala aquí moi solemnemente. Desde logo, se hai un goberno no que o BNG teña responsabilidades no futuro tamén eu podo pronunciar coa mesma solemnidade que ese goberno, polo que ao BNG respecta, non vai impor peaxe nas autovías. Pero ¿e se o goberno é do PP e non está vostede aquí? Non me fale agora dos trasacordos dos gobernos do PP, nesta e noutras materias, porque lle podería traer aquí un libro de trasacordos.

E remato, señor Orza, hai un problema de formas aquí. ¿Vostede non cre que un problema desta envergadura, cunhas repercusións a medio prazo, non debería ser falado previamente entre todas as forzas políticas desta Cámara? E isto dígoo con este goberno ou con calquera outro; pero moito máis se vostedes toman esa decisión a un ano vista dunhas eleccións, despois das que poida haber un goberno diferente. Vostedes están deixándolle ao próximo goberno un paquete –con perdón–, un embolado, unha forma concreta de actuar, que o goberno que veña non vai ter moitas posibilidades de cambiar, aínda que non estea de acordo con el. ¿Non lle parecería oportuno a vostede ter falado e tratado de acordar, coas forzas políticas que hoxe estamos na oposición pero que mañá podemos estar no Goberno, esta fórmula de utilización ou non do sistema concesional para estas infraestruturas? Insisto, moito máis nunha conxuntura preelectoral, pero, aínda que fose o primeiro ano da lexislatura, ¿non lle parece a vostede necesario iso, posto que isto vai incidir ou influír nos gobernos dos vindeiros oito anos, non da vindeira lexislatura, senón doutra máis como mínimo? Iso sería, creo eu, o máis razoábel, e desde logo vostedes non o fixeron en absoluto.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señor Veiga.

Réplica da autora da interpelación.

Ten a palabra a señora Villarino Santiago.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Orza –de xeito moi rápido porque só teño cinco minutos–, vostede empezou polo modelo de crecemento do Partido Popular e dixo que apostaban pola capitalización da economía e que se podía ver en todos os orzamentos, e vos-

tede sabe que iso non é así. Vostede sabe moi ben que vostedes apostan polo modelo dos salarios baixos, *y así nos va*. Un flash soamente: os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística dinnos que desde 1995 ao 2004 temos un crecemento medio, en termos constantes do PIB, do 2,8%. Por certo, para que anoten os deputados do Partido Popular que se preocupan tanto por Andalucía: Andalucía ten o 3,8% de media, un punto máis que Galicia; Estremadura, o 3,7%, case un punto máis que Galicia; e Castela-A Mancha, un 3,1%; a media española é dun 3,3%. Polo tanto, vostedes non apostaron pola capitalización da economía e así nos vai.

Pero volvendo ao modelo, vostede, señor Orza –e dicíallo moi ben o señor Veiga agora–, falou das necesidades de financiar as infraestruturas, e de que temos o SEC95 e que temos que buscar todas as fórmulas. Claro, a nós se é para infraestruturas importantes para o país, parécenos ben. Pero, mire, en primeiro lugar, a autovía do Salnés –que, ademais, como vai haber un desdobramento, xa veremos como se calculan esas peaxes– vai custar 48 millóns de euros –segundo vostedes, é o orzamento que teñen–. Das ofertas económicas, señor Orza, despréndese que a oferta máis barata, a máis económica, di que ao longo deste tempo imos pagar 200 millóns de euros, e a máis cara, 265 por 48 millóns de euros. Entre outras cousas, acaban de gastar 42 na Cidade da Cultura –insisto–, e non sabemos para que, non o saben vostedes e nós tampouco.

A autovía Santiago-Brión, señor Orza, que ten un orzamento de 115 millóns de euros, pois nos vai custar aos galegos 400 millóns de euros. E dirame vostede: Estamos adiantando o benestar. Si, pero, mire, a un prezo importante; e, polo menos, os cidadáns galegos téñeno que saber, teñen que saber que vostedes van deixar así 500 millóns de euros, que son os orzamentos destas infraestruturas. E, claro, vostedes falan cunha lixeireza de 23 millóns de euros, de 40 millóns de euros..., e, claro, falando con esa lixeireza así se explica por que vostedes utilizan os recursos como os utilizan.

Pero o que queda claro hoxe aquí, señor Orza, é que vostedes con A Coruña-Carballo dixeron que non era de peaxe, e é de peaxe. E o que queda claro hoxe aquí é que vostedes sacan uns pregos de condicións que son o camiño da peaxe futura do Salnés, de Santiago-Brión e daquelas que poidan ser rendibles. Porque deixan vostedes todo atado e ben atado. Vostede non me pode negar que, pasadas as eleccións, se ganaran vostedes, poderían sacar de novo a concurso ou trasladar... –obviamente, a empresa concesionaria quedaría con iso, que é un gran negocio–, porque teñen vostedes un prego de condicións literalmente para unha concesión con peaxe. Vostede vén aquí agora e cóntame o de SEC95, pero non me pode negar que o prego de condicións está feito, atado e ben atado para que sexa unha autopista de peaxe, que hoxe paga o Goberno de Galicia –hoxe non, porque está moi anunciaba pero non está feita, a pesar do que fai o señor Núñez Feixóo por convencernos de que están feitas todas– pero que mañá poden pagar os cidadáns. E iso teñen que sabelo os cidadáns de Galicia, e teñen que saber que a eses 40 millóns aos que vostede non lles dá importancia, porque son 23 máis outros 23, hai que sumar os 138, ou 140, de gastos financeiros, hai que sumar os 65 ou 70 millóns que hai que pagarlle á SPI todos os anos. Vostedes deixan en preto de 40.000 millóns das antigas pesetas hipotecados estes orzamentos, os orzamentos da Comunidade Autónoma. E logo, claro, di que podemos pagalo todo porque, con dous anos de aforro corrente, pagamos todo. Porque non explica vostede cómo faría dous anos de aforro corrente, que significaría que os gastos de capital son cero. Porque vostede ten un aforro corrente de 1.300 millóns e unhas transferencias de capital de 700, que son os gastos de capital. Vostede faise trampas a si mesmo, porque, desde logo, a nós é difícil. As contas son ben claras.

Vostedes, con este prego de condicións, señor Orza, sentan as bases de que estas infraestruturas adxudicadas en réxime concesional poidan ser autopistas de peaxe para pagar por todos os galegos, de xeito colectivo ou de xeito individual; porque mañá, tal e como está feito o prego –e recórdolle que lle dan vostedes o 40% dos puntos á eficiencia do financiamento da concesión, ¡o 40% dos puntos, 400 sobre 1.000!–, ao día seguinte, está claro que isto pode ser unha autopista de peaxe. E a nós...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Vaia rematando, señora Villarino.

A señora VILLARINO SANTIAGO: Xa remato, señora presidenta.

A nós non nos preocupa adiantar infraestruturas, todo o contrario. O que nos preocupa é que se intente enganar e mentirlles aos galegos. Mentiron na autopista A Coruña-Car-

ballo e nós cremos, señor Orza, despois de ver os pregos de condicións que están vostedes sentando camiño, se fosen ganar –espero que non–...

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Señora Villarino, remate por favor.

A señora VILLARINO SANTIAGO:... –xa remato– de mentirlle ao resto dos galegos. Que o saiban os da Barbanza, que o saiban todos os cidadáns, aos que vostedes lles están vendendo autenticamente fume.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Rodríguez Cuervo): Moitas grazas, señora Villarino.

Réplica por parte da Xunta.

Ten a palabra o señor conselleiro de Economía e Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández): Si, señora presidenta.

Vamos ver, señor Veiga Buxán, entramos no seu disco ou na súa cantilena. Di que isto revela que o financiamento é insuficiente, que é un mal modelo de financiamento, etc. Eu penso que esa é unha argumentación que se responde por si soa cando resulta que a nivel europeo, a nivel nacional, o propio Estado, as propias comunidades autónomas, todas están tirando do SEC95 as súas posibilidades. Porque os recursos, por natureza, sempre son escasos, cun modelo ou con calquera outro. Se non fosen un ben escaso, non serían un ben económico, vostede sábeo perfectamente.

¿Ten sentido, por outra parte, que todo sexa presupostario? Probablemente non ten moito sentido, na medida en que poida haber outras alternativas para os recursos e que sexan tan eficientes, e ao mesmo tempo non ter que optar entre uns e mais as outras e poder atender as diferentes posibilidades.

Por outra parte, a nova Lei de equilibrio presupostario, quere dicir que o propio Goberno socialista fala dunha lei de equilibrio presupostario. Hai algúns anos recorría contra a lei do PP. Veremos cal é esa lei e qué marxes deixa. Eu nunca santifiquei nin o déficit nin tampouco o contrario. Polo tanto, haberá que estar a un uso razoable das posibilidades que resulten, se se utilizan razoablemente.

Señora Villarino, vostede está empeñada en que eu teña que aceptar que algún día o que hoxe nace como peaxe na sombra poida ser peaxe de verdade que todos os usuarios terán que pagar. Mire vostede, as leis cámbianse, como é lóxico, e hoxe pode haber unha lei que establece unha determinada estratexia ou decisión, e un goberno posterior da mesma ou diferente cor pode facer outra lei. Diso a soberanía popular, a soberanía deste Parlamento, non pode dimitir. Pero diso a afirmar que se vai facer o que vostede supón que se vai facer é ter mala conciencia. Non se está plantexando este réxime para que nin agora nin no futuro sexa unha peaxe que teña que soportar o usuario, senón para que sexa, como se di, na sombra. E, así, nos pregos aparece, como responsable do pago, a Administración. Aparece a Administración como responsable ante o concesionario das liquidacións que procedan polo uso que se faga da autopista. Que logo se utilicen criterios de concesión é para que, precisamente, a Administración non teña que pagar nin un peso máis –dito en termos vulgares– daquilo que lle correspondería facer se fose en réxime de peaxe puro e duro. ¿Para que? Para que non teña ningún risco nin de que a infraestrutura teña dificultades de viabilidade futura, nin de que, ao mesmo tempo, se produzan ganancias inadecuadas. Iso está contemplado nestes momentos no prego, e é necesario recordalo, repetilo con forza, e deixalo claro. Por unha parte, existe un máximo que nunca se superará, sexa cal sexa o número de usuarios que utilicen –vehículos lixeiros, pesados, etc.– a infraestrutura. Hai un máximo que nunca se superará. E o risco do tráfico córreo o concesionario: se non se alcanza aquel mínimo, ese é o seu risco. Pero por riba dun determinado máximo tampouco recibirá cantidades adicionais. E logo está a posibilidade de rescate anticipado. Eses son temas que deben de quedar moi claros, que quedan absolutamente clarísimos.

Se vostedes ou calquera goberno futuro –vostedes tardarán moito en ser un goberno– tomaran decisións amparadas pola soberanía popular, ¡alá vostedes! Desde logo, o Goberno do Partido Popular non o fará, e iso téñeno claro os usuarios, como é lóxico, sen lugar a ningunha dúbida, porque iso está, obviamente, contemplado no propio deseño e na formulación do modelo que estamos a tratar.

Por certo, vostede fala de lixeireza no uso dos recursos. ¿Parécelle moito? ¿Parécelle pouco? Vostede pediu unha cuantificación. Eu deilla. Púxena en relación co presuposto global en termos de gastos correntes –porque, en definitiva, a peaxe na sombra sería un gasto corrente–, e púxeno en termos de comparación co actual presuposto da Consellería de Política Territorial. Pero o propio Goberno central, poucos días despois de presentar os presupostos do ano 2005, fixo unha oferta –por así dicilo– de modelo alemán para un período... *(Pronúnciansе palabras que non se perciben.)* –Non é exactamente igual pero é bastante parecido.– para meter aí...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):... 2.500 millóns de euros en tres ou catro anos, que haberá que atender, cento por cento, o día en que se vaian metendo no servizo público ou entregando ao servizo público as infraestruturas. Por certo, nese conxunto, Galicia non ten máis ca un 4%; Andalucía ten un 36%. Iso por unha parte. Por outra, o propio PEIT ten previsto que arredor dun 20% se faga en colaboración coa iniciativa privada, e iso si que sería con peaxe, como vostede moi ben sabe.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. Xosé Henrique Rodríguez Peña, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o posicionamento da Xunta de Galicia ante o grave incumprimento dos convenios que sucesivamente subscriben o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e Renfe

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Rodríguez Peña.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Señor presidente, señorías.

Señor conselleiro, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, nunha nova iniciativa da súa inquedanza e preocupación sobre o problema da situación do ferrocarril no país, plantexa esta interpelación con base no referente –por falar de feitos– no *Boletín Oficial do Congreso dos Deputados*, do 17 de decembro de 2004, no que aparece o feito de que non existe un acordo entre Renfe e a Xunta de Galicia, entre outros, para dotar de 16 vehículos os servizos rexionais galegos. E noutro parágrafo di que o último convenio asinado entre Renfe e a Xunta de Galicia perdeu a súa vixencia en decembro de 2003 e que o compromiso que ten adquirido Renfe queda recollido no novo convenio para o 2004, pendente, cando se fixo a interpelación, de sinatura, pero que parece ser que xa está negociado.

Na súa estipulación quinta di que Renfe se compromete a adscribir de forma permanente e exclusiva no corredor Vigo-A Coruña dous vehículos que se adquiren como consecuencia do concurso para a construción e subministración de trens rexionais diesel. A min gustaríame que isto se confirmara ou que, dalgunha forma, fora rebatido pola Xunta de Galicia como asinante do convenio.

Feitos. O 24 de decembro de 2004, a propia Renfe, coa denominación de "Nexios", anuncia que con esa denominación vai poñer en servizo dous novos TRD, trens rexional diesel, entre A Coruña e Vigo, que realizarán catro viaxes de ida e volta diariamente.

O 3 de agosto de 1998, xa circulaban seis TRD da primeira serie por Galicia. A Xunta e Renfe asinaron un acordo polo que ambas as administracións se comprometeron a achegar 30.000 millóns das antigas pesetas para realizar diversas melloras na rede e no servizo ferroviario de Galicia; e, ademais, Renfe comprometeuse á adquisición de 21 novas unidades TRD por un importe de 12.600 millóns das antigas pesetas. O acordo viña a sumarse a outro anteriormente subscrito co Ministerio de Fomento o 6 de abril do mesmo ano, e a outros investimentos de Feve –liña Ferrol-Ribadeo–, que sumaban un total de 74.110 millóns de pesetas, o que foi presentado pola Xunta de Galicia como Plan de modernización do ferrocarril galego.

Eu podía dicirlle que isto que estou constatando está nesta páxina, do ano 1998, publicitada pola Xunta de Galicia, onde se refire claramente a conexión e a incidencia no ancho Feve nos treitos A Coruña-Lugo, Pontevedra-Ourense, Lugo-Ourense, Ourense-Vigo, Santiago-Vigo, Santiago-Lugo, Santiago-Pontevedra, Santiago-A Coruña e Santiago-Ourense. E facíase unha descrición clara nesa publicidade do que era o actual e do que era o futuro, e a redución temporal en tempos.

Había o acordo con Renfe de adquisición de 21 novas unidades. E o acordo con Renfe, asinado o 3 de agosto de

1998, cifraba que a Xunta de Galicia achegaría 5.625 millóns de pesetas; Renfe, con fondos propios, 5.625 millóns de pesetas; e Renfe, con fondos Feder, 18.750 millóns de pesetas. No acordo co Ministerio de Fomento asinado o 6 de abril de 1998, que se cifraba en 30.000 millóns, desglosábanse de forma que a Xunta de Galicia achegaba 3.000 millóns e o Ministerio de Fomento 27.000 millóns. En actuacións de Feve había un achegamento de 1.510 millóns de pesetas, o que cifraba os 74.110. Esta era a páxina publicitada pola Xunta de Galicia: "Comeza o Plan de modernización do ferrocarril galego. Dispomos de 74.110 millóns de pesetas para a mellora do noso tren".

Sigo preguntando, conselleiro: ¿está confirmado todo isto? ¿Por que a Xunta de Galicia non informa da situación convida de incumprimentos durante ese período e agora mesmo? ¿Por que con ese plan de investimentos –e así foi publicitado– de 159.572 millóns de pesetas, aproximadamente mil millóns de euros, en infraestruturas e adecuación de vías para o que vostedes lle chaman velocidade alta –que non nós–, van manter os servizos cos mesmos trens automotores 592 e 593 que estaban xa obsoletos en calidade e prestacións no ano 1998?

O *Boletín Oficial do Estado* non saíu nin para remitir novos acordos nin para substituír os ditos convenios, de aí o motivo da interpelación. ¿Por que? Porque a Xunta de Galicia está asinando convenios.

¿Debe de informar a Xunta aos cidadáns? Naturalmente que si. ¿Debe de informar ao Parlamento? Si. Este é o motivo da interpelación.

Eu dígolle isto porque, conselleiro, mentres espero a súa contestación sobre a situación real destes TRD, a compañía estatal Renfe-Operadora –como se coñece desde o 1 de xaneiro– resulta que o 17 de xaneiro de 2005 pon dous novos TRD Nexios que circulan polo eixe atlántico A Coruña-Vigo cunhas velocidades medias máis baixas –e en tempos de percorrido– que antes, con este proceso modernizador e con liñas que foron melloradas. ¿Como se explica isto? ¿Que razoamento hai para isto? ¿Como é posible que pola liña convencional e con máquinas tractoras de menor calidade no traxecto se tarde vinte minutos menos que agora? ¿Cal é o motivo? ¿Como se pode xustificar isto?

Conselleiro, temos a impresión, cos convenios –o que ocorre é que me dirá que non se comprometeu o gasto–, de que a filosofía que iniciamos na práctica, e no seguimento que nós fixemos, é coma se se estiveran financiando os TRD de Andalucía e de Castela-León. Paréceo, polo número asignado –vinte e unha máquinas fronte a dúas incorporadas– E xa está anunciando Renfe as liñas de Andalucía Sevilla-Málaga, Algeciras-Granada-Almería e a liña Madrid-Salamanca.

Nós estámonos remitindo sempre a aquel anuncio publicitario da Xunta de Galicia de 1998. Porque non hai nada na realidade –a non ser que me informe vostede agora doutra situación– que varíe a circunstancia convida, asinada e comprometida, e anunciada e publicitada. No anuncio de outubro de 1998, que cifraba ese plan de ferrocarril galego nun total de 74.110 millóns de pesetas, 12.600 millóns eran para 21 novas unidades de TRD. ¿Ulas?

Dicía o Ministerio de Fomento, na existencia dun convenio asinado entre Renfe e a Xunta de Galicia o 20 de setembro de 2000 –porque esta é outra referencia das múltiples–: "Debemos de remitirnos ao convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e Renfe asinado o 20 de decembro de 2000 e publicado no BOE o 7 de febreiro de 2001, no que posteriormente ao acordo do ano 1998 e con superior ambición se adquiriron novos compromisos sobre as infraestruturas de Galicia, levándoas ás 159.572 millóns de pesetas".

Entón, estes compromisos e acordos, conselleiro, a verdade é que requiren algunha xustificación ou algunha información. Nós demandámola hoxe, non é a primeira vez, e témola demandado no Congreso dos Deputados, é evidente que é así. A nós interésanos que se aclare cales son os convenios vixentes, cales son os que valen, cales son os que non valen, cales son os compromisos que teñen establecidos e os cumpridos, que é o que está posto en práctica e como se van cumprir as temporalidades que asignan eses convenios. Parécenos que, dalgunha forma, este Parlamento require –e nós demandámoslla– esta información, e saber como xustifica a Xunta de Galicia este incumprimento sistemático, ben sexa por Fomento, ben sexa por Renfe, ben sexa pola propia Xunta de Galicia; por que non existe esa denuncia; que actuacións ten previstas a Xunta de Galicia ante o déficit da modernización dos servizos ferroviarios galegos; como xus-

tifica a Xunta de Galicia a maior tardanza no traxecto do eixe atlántico A Coruña-Vigo co comezo dunha posible modernización que constatamos, pero coa que se tarda máis en tempo; e en que data considera a Xunta de Galicia que se poderá contar cos compromisos convidos desa mellora da rede ferroviaria e coas prestacións do servizo.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez Peña.

Ten a palabra o señor conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda para dar resposta por parte da Xunta.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Con moito gusto, señor Peña, intentarei dar información da situación dos distintos convenios asinados entre o Ministerio de Fomento, Renfe e a Xunta de Galicia en relación coa modernización do ferrocarril.

Co obxecto de vertebrar axeitadamente a resposta, permítame, señoría, que me refira a dúas liñas de convenios que pretenden xustamente dous obxectivos distintos: por unha banda, ás liñas deficitarias, e, por outra banda, á renovación de infraestruturas. No que se refire aos convenios de liñas deficitarias –como vostede ben dixo–, trátase de convenios asinados no período 1995-1998 e posteriormente no período 1999-2004. Eses convenios teñen como obxectivo asinar un acordo marco para todos estes anos, co obxecto de que a Xunta de Galicia colabore no financiamento das liñas deficitarias, concretamente en tres: A Coruña-Ferrol, Ourense-Lubián e A Coruña-Lugo-Monforte. Este acordo, finalizado en 1998, é prorrogado a través doutro acordo marco no escenario 1999-2004 e ano tras ano vaise asinando un convenio. Polo tanto, señoría, non é exacto dicir que este convenio perdeu vixencia en decembro de 2003 porque en decembro de 2004 se asinou o acordo que se refería a toda a anualidade do 2004. En consecuencia, señoría, desde o ano 1995 ao ano 2004, ambos inclusive, asínanse convenios que estiveron en marcha e que deron os seus froitos desde o punto de vista do mantemento das liñas deficitarias.

É evidente, señoría, que a Xunta fixo un esforzo importante, desde o punto de vista económico, para manter estas liñas deficitarias. Nos últimos dez anos, desde o ano 1995 ao 2004 ambos inclusive, a Xunta de Galicia financiou de media o 87% do custo destas liñas deficitarias. Dito doutra forma, tan só o 13% do custo destas liñas foi financiado por Renfe entendo que a través da venda dos billetes correspondentes. Así pois, a Administración autonómica financia, como lle digo, o 87% do custo das tres liñas deficitarias. Polo tanto, señoría, este convenio cumpriuse conforme os parámetros pactados no ano 1995 e ata o 31 de decembro do ano 2004. Teño que engadir, posteriormente, que temos xa que iniciar as conversas para este ano 2005.

A segunda cuestión en relación cos convenios refírese a buscar –o que vostede sinalaba axeitadamente– a modernización das infraestruturas. Asínanse dous tipos de convenios: un entre 1998 e o 2000, e outro entre o 2000 e o 2006. Estes dous convenios buscan un único obxectivo: a modernización do ferrocarril galego, do ferrocarril actual, polo tanto do ferrocarril convencional, cun investimento de 247 millóns de euros. O resultado é o seguinte: do total de liñas convencionais pactadas neses convenios de renovación, tanto da infraestrutura como da seguridade como da sinalización, podo dicirlle que na data de hoxe o 90% das obras que deron lugar a estes convenios están executadas, e os 245 millóns estanse executando conforme a esta porcentaxe, co que cremos que, de seguir esta evolución, teremos no 2006 cuprimentado ese convenio conforme ao pacto asinado –como lle dicía–, o último, entre o 2000 e o 2007.

As liñas que foron renovadas son as seguintes: o novo trazado de Guillarei-Tui, o 100%; a renovación parcial da vía Ourense-Vigo, o 100%; a renovación da vía e sinalización Ourense-Monforte-Lugo, o 100%; a renovación da vía e sinalización Lugo-A Coruña-Ferrol, o 79%; queda o tramo Lugo-Parga, que foi asinado o contrato en outubro do ano pasado, e non comezaron as obras, parece ser, porque faltaban as expropiacións dos terreos necesarios. O trazado Marín-Pontevedra está en servizo –como a súa señoría coñece–, a sinalización do tramo Ourense-Santiago, o 100%; e a renovación parcial da vía Covas-Monforte, o 100%. A supresión efectiva de pasos a nivel que se produciu a pesar do

sinistro producido hoxe no concello de Pontevedra supuxo a supresión de 84 pasos, e son 209 nos que neste momento se está actuando por parte de Renfe conforme a este convenio. En consecuencia, señoría, estas serían, en grandes liñas, as consideracións en relación con este asunto.

Vou concretar e entrar xa nas respostas á súa interpelación. En canto ao incumprimento dos convenios, teño que dicirlle, señoría, para facer honor á verdade, que en primeiro lugar se cumpriu o mantemento dos servizos deficitarios, que a renovación da infraestrutura do ferrocarril convencional en Galicia se está executando e que a renovación do material rodante, é dicir, dos trens, se incumpriu. Polo tanto, está cumprido o punto das liñas deficitarias, en cumprimento o da infraestrutura, e en claro incumprimento o do material rodante. Así llo fixemos ver ao anterior Goberno en marzo de 2004, a este Goberno en varias reunións no último trimestre do pasado ano e en varias cartas asinadas por min mesmo ao presidente de Renfe. Referiámoslle que os Nexios comprometidos con Galicia non son só os do eixe atlántico senón tamén os de Ourense-Santiago. Teño que dicirlle, señoría, en todo caso, que non hai dous Nexios nestes momentos funcionando senón oito; entre Vigo e A Coruña están funcionando oito Nexios. Entendemos que faltan dous Nexios máis entre Ourense e Santiago. E o que entendemos, e que, por suposto, non compartimos, é que os TRD foran retirados de Galicia a outras comunidades autónomas. En ningún caso podemos estar de acordo con iso, así llo transmitimos e así o reiteramos con ocasión desta interpelación.

En relación co novo convenio que hai que regular e, en consecuencia, avanzar con Renfe, teño que dicirlle que os principios que a Xunta de Galicia lle vai propoñer á operadora Renfe para o ano 2005 serían catro: o primeiro deles é que entendemos que hai que facer unha explotación integral de todo o eixe atlántico; que o eixe atlántico non acaba na Coruña senón en Ferrol, e, en consecuencia, Ferrol-Vigo debe ser unha explotación integral, o que se lle comunicou a Renfe no mes de marzo e tamén o fixo o seu compañeiro no Congreso dos Deputados mediante unha pregunta ao Ministerio de Fomento.

Segundo principio. Unha vez que se modificaron as infraestruturas, unha vez que con diñeiro das dúas administracións mais a operadora Renfe se modifican as infraestruturas, Renfe ten a obriga de mellorar os seus horarios, de intentar mellorar os seus índices de ocupación, e de non pedirlle a unha comunidade autónoma que financie os billetes da xente que Renfe non é capaz de captar. Se a cuestión era mellorar a infraestrutura –e estase facendo–, se a cuestión era mellorar o material rodante –e en parte tamén se fixo, aínda que reitero o incumprimento–, entendo que Renfe non pode seguir sendo subsidiada para captar pasaxeiros que non é capaz de captar pola súa política comercial. Acaba de saír un teletipo no que o presidente de Renfe acaba de dicir no Congreso dos Deputados que vai incrementar a súa facturación en pasaxeiros nun 75%. Entendo, señoría, que iso tamén se referirá a esta Comunidade Autónoma, e, polo tanto, ese principio de mellorar a competitividade de Renfe ímolo plantexar.

En terceiro lugar, imos plantexar, loxicamente, o compromiso de redución dos tempos de viaxe conforme as vías que neste momento se están plantexando na Comunidade Autónoma.

E, por último, ímoslle plantexar dunha forma clara e diáfana que, segundo os datos que ten a consellería, nas últimas semanas foron retirados de Galicia seis TRD. É dicir, os TRD que funcionaban no eixe atlántico non foron para as liñas deficitarias; os TRD tampouco foron para Santiago-Ourense; os TRD simplemente se retiran de Galicia para outras liñas. E iso, como vostedes poden imaxinar, considero que non é de recibo. Iso era difícil que pasara antes, porque non se substituían a través de Nexios.

Por último, en relación co incremento dos tempos de viaxe, teño que dicirlles, señorías, que os tempos de viaxe se están incrementando só porque está en obras o traxecto. Entendo que non é responsabilidade de Renfe nin responsabilidade do ministerio que se incrementen os tempos de viaxe cando nestes momentos os trens teñen –sobre todo no tramo do eixe atlántico– que facer determinadas paradas por cuestións técnicas de execución das vías de alta velocidade.

En consecuencia, señoría, entendemos que, con carácter xeral, os convenios con Renfe en materia de liñas deficitarias e en materia de mellora das infraestruturas convencionais se están cumprindo, e claramente coincido con vostede en que non se cumpriu e non se está cumprindo no do material rodante, e isto púxoselle de manifesto –insisto– ao anterior Goberno e ao actual Goberno.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

¿Grupos parlamentarios que queiran participar no debate? *(Pausa.)*

Ten a palabra o señor Rego González polo Grupo Parlamentario Socialista.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Alégrame, señor conselleiro –teño que dicilo con absoluta claridade–, o seu ton e o que eu entendo como claridade da súa explicación. Aínda que a interpelación non é nosa, sempre a un lle alegra que as cousas se digan con claridade, e temos a sensación de que vostede hoxe, cando menos maioritariamente, as dixo, e iso ao Grupo Parlamentario Socialista, e especialmente a quen lle fala, sempre lle alegra, porque nos parece que nesta Cámara debemos falar con claridade de todos os temas. Especialmente me alegra aquilo que por fin puidemos escoitar nesta Cámara de que os galegos tivemos que financiar o 87% das liñas deficitarias durante a etapa do Goberno amigo en Madrid. Durante eses oito anos de mandato alégrame saber que vostedes recoñezan que tivemos que sufrir unhas liñas de ferrocarril que son as que había daquela. E nós, contra o tema de participar no mantemento das liñas deficitarias, nunca tivemos nada, o que si nos alegra é que se recoñeza dunha vez por todas que ese financiamento tivo que ser a ese nivel con aquel famoso Goberno amigo. Aquel famoso Goberno amigo co que se firmaban convenios para infraestruturas ferroviarias –o último do ano 2000 ao 2007– que supoñían nada menos que dos recursos públicos de todos os galegos tiñamos que poñer 30.000 millóns de pesetas. Agora que pedimos todo de "gratís" –como ben di moitas veces o señor Trigo, voulle copiar esta frase–, dámonos conta e recoñecemos que nada menos que 30.000 millóns das antigas pesetas tivemos que financiar con aquel famoso Goberno amigo.

Agora os tempos mudaron, e os socialistas, loxicamente, alegrámonos de que mudasen porque hoxe non soamente non queremos financiar actuacións que lle corresponden ao Goberno central, agora queremos que sexa o Goberno central o que financie actuacións de competencia exclusiva da Xunta de Galicia, e a nós parécenos ata ben, sempre e cando se negocie con seriedade e con rigor, que se cambiara a tendencia e que vostedes se deran conta –¡por fin!– de que Galicia é moito máis que Aznar, que Rajoy e que o propio Fraga Iribarne; que Galicia e os intereses dos galegos están moi por riba de todo iso. O triste é que vostedes se deron conta diso despois de que houbo cambio de goberno en Madrid. Chegan vostedes un pouco tarde, pero en calquera caso a nós alégranos a súa claridade.

Mire, podemos estar de acordo con vostede en que os convenios están basicamente cumpridos; son os datos que nós temos, polo tanto, iso non llo imos discutir. Tampouco lle vou discutir, non vou poñer en cuestión, aínda que esa información teño que recoñecer que non a tiña, o incumprimento sobre a maquinaria. Esa noticia nós non a tiñamos, vostede certamente non nola dera e tampouco a tiña por ningún outro lado, pero preocúpanos. Preocúpanos porque na comisión de seguimento que establecen eses convenios ten vostede nada menos que ao director xeral de Transportes da Xunta de Galicia. Imaxino que estará negociando esta situación, que a estaría negociando co anterior Goberno e que o estará facendo tamén co de agora. Xa lle adianto que co de agora, en todos os convenios que estean incumpridos, para o seu cumprimento conta vostede co noso absoluto apoio, para que eses convenios se cumpran ao pé da letra. ¿Por que? Porque xa que poñemos recursos que podiamos investir noutra cousa, xa que os puxemos aí, fagamos cando menos que se cumpran. Polo tanto, aí non escatime vostede na súa reivindicación responsable nada que non conte co noso apoio. Vai contar co noso apoio para facer unha reivindicación como é debido e unha negociación seria; e, xa que vostedes participan nesa mesa, eu creo que poderán resolvelo.

Alégranos que algunhas respostas das que vostede dá poidan coincidir coas que nós temos no tocante aos tempos de viaxe. En canto aos tempos de viaxe, polas informacións que nós temos dos técnicos que están traballando e dos propios xestores de Renfe, parece que sería imposible mellorar as velocidades porque quen impide iso é o estado de obras nalgúns tramos, que supoñen atrancos certamente considerables.

O de que están levando as máquinas, os TRD, para outras comunidades autónomas, será verdade que o están

facendo; desgrazadamente veuse facendo sempre, e sobre iso eu teño que dicirlle unha cousa. Eu agradézolle moito que vostede dea esta información á Cámara, pero vostedes son o Goberno, e vostedes teñen que ter unha canle estable de negociación co Goberno de España, con este e co anterior, para defender os intereses de Galicia e dos galegos en tanto en canto sexan goberno. Non fai falta defendelos tanto nos telexornais da Televisión de Galicia nin nos titulares dos medios de comunicación máis ou menos rimbombantes, seguramente é moito máis útil e moito máis operativo ter unha vía de diálogo institucional, de concertación e de cooperación co Goberno central, cos concellos e con quen sexa, para poder resolver estes temas, señor conselleiro. Con ese talante co que vostede veu aquí a facer a primeira intervención, seguramente que todas e cada unha destas cuestións se deberán e se poderán resolver, porque teño a sensación de que, se isto está pasando –e non teño por que poñelo en cuestión, porque vostede acaba de afirmalo aquí–, vostede está cargado de razón. Eu dígolle que defenda a razón onde hai que defendela, nas mesas de diálogo e concertación coa Administración central, con esta e coa anterior. Iso é o que nós demandamos de vostede, e teño que dicir tamén que moitas veces é o que botamos en falta, que vostede actúe como un auténtico membro do Goberno galego.

Outros poderán facelo como responsables do Partido Popular, ou vostede mesmo, cando se convoquen as eleccións, como cabeza de lista de Pontevedra, pero ata que se convoquen actúe vostede como conselleiro de Política Territorial e, se me apura un pouco, vostede agora ten algunha lexitimidade máis. Non é que como conselleiro de Política Territorial tivese pouca lexitimidade nesta materia, pero é que vostede é o vicepresidente primeiro do Goberno e imaxino que terá canles abertas no ámbito institucional co Goberno central para poder resolver estes temas. Se os ten, utilíceos, e, se non os ten, mal asunto, señor; se non os ten, vostedes serían un problema para este país, e eu quero pensar que non o son. Porque estou seguro de que na Administración central hai vontade de diálogo, hai vontade de cooperación, hai vontade de traballar a prol de que se sigan asinando convenios que favorezan a mellora das infraestruturas en Galicia, a mellora dos equipamentos, e hai vontade de cooperación e de concertación, cónstame. Para iso é imprescindible que vostedes saian durante algún tempo da campaña electoral na que están metidos.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rego.

Ten a palabra o señor Rodríguez Peña na rolda de réplica.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Señor presidente, señor conselleiro.

Señor Rego, a impresión que temos nós é de que agora estás ti e mañá estás ti, e o problema é que o país segue igual ¿entende? Esta é a impresión que temos. Aquí hai como unha especie de feliz conclusión porque o conselleiro cambiou o seu ton, está nunha moderación e parece que fala.

Mire, señor conselleiro, podería dicirlle que desde que chegou en 2003 ata marzo de 2004, cando chegou o señor Zapatero, non sei que documentos exisían de denuncia ante o seu goberno, ante o goberno do señor Aznar, como vostede acaba agora de dicirme. Eu non sei se ten documentos, calculo que non os debe ter, pero é igual. Di: Eu fíxenlle denuncias ao anterior Goberno e fágoas agora. Eu dígolle: os convenios que vostede menciona, nos que se fixeron cousas, están incumpridos, pero non só no material rodante. Eu podería dicirlle que, se quere vir comigo, imos de Ferrol a Viveiro a ver onde está todo o proceso de modernización de FEVE; imos cando queira. Estoulle falando do plan que vostedes, despois de convir, asinaron. Eu quero dicirlle que veña vostede comigo ao Barco de Valdeorras para que vexa a estación, para que vexa unha zona que non está moi atendida e para que veña vostede comigo no ferrocarril ata Santiago e vexa que tarda cinco horas menos dez.

Vostede fala de liñas de renovación, de responsabilidade de liñas internas e de todo o que foi a discusión que tivemos aquí no Parlamento de Galicia, da necesaria modernización interior. Eu quero dicirlle que esta situación, para nós, non é satisfactoria. Hai circunstancias que vostede mencionou que implican que os galegos evidenciaban unha situación do ferrocarril mala, porque é unha comunidade sen metro, sen transporte interurbano, sen transporte colectivo, sen *cercanías* acreditadas. E o que resulta que ten de vocación é que hai un ferrocarril que a xente bota de menos. A xente está pensando no ferrocarril; e non só por tramos de idade, que se

podería falar diso, senón porque nunha sociedade moderna o ferrocarril é unha das cuestións das que ninguén dubida.

Eu non lle vou falar do ferrocarril que temos porque creo que xa falamos todos. O outro día, por razóns de tipo familiar, estiven nunha estación esperando á miña filla e chegaba o que lle chaman "Estrella de Galicia", que vai a Barcelona. Eu non sei se vostedes están normalmente acreditados na viaxe do Estrella de Galicia de Galicia a Barcelona para que poidan ver como andan outros, a que velocidades e o que pasa co tema galego. Señor Pita, estou convencido de que vai nese tren case cunha frecuencia inusitada porque parece que non lle vai mal. Acredita que é dunha gran comodidade. Si, pero estoulle falando do Estrella de Galicia, porque hai outros que non teñen capacidade para ir no Talgo, ¿sabe? (*Murmurios*.)

Eu o que lle quero dicir é que creo que non é necesario ter un discurso grande para que todos, os de aí e os de aí, teñamos claro o desastre de ferrocarril que temos. Que agora Renfe diga, con Zapatero ou sen Zapatero, que vai tratar –e vostede di que o conseguiu–, que vai comprometerse a tratar de facer un esforzo para que exista un 75% de incremento... Esas son palabras que se dixeron. Eu quero dicirlle que se no ferrocarril hai incumprimento no material rodante e na duración do que se anuncia que van ser as obras, non vai haber ninguén que se anime a seguir estando catorce horas nun ferrocarril, isto é evidente, e así seguiremos tendo problemas de tráfico e sinistralidade vial, porque a xente non ten máis medio que ir no seu vehículo particular, porque no outro é esgotarse e é arruinarse no tempo para todo, en comodidades, en incumprimentos, etc.

Mire, eu quero dicirlle, señor conselleiro, que vostede sabe coma min –e temos a resposta do señor conselleiro da Presidencia– que no convenio, da cantidade asignada no 2004 da Xunta de Galicia, non gastaron un céntimo. Da asignación orzamentaria que teñen para o convenio de 2004, para isto que estamos falando, non gastou nada a Xunta, nada. Temos esa contestación por escrito desde hai días. Entón, eu teño que dicirlle que a nós non nos valen as intencións e os xogos florais, porque eu comprendo que a partir da situación que hai, que antes xa foi tamén responsabilidade deste grupo, noutra época, se dedican a practicar a cultura e a vocación mediterránea, que xa o dixemos por activa e por pasiva, o resto do Estado non existe, aquí todo é desde Tarragona ata Andalucía, e viva Expo, e viva Fórum, e viva Olimpíadas, e, despois das Olimpíadas, máis do mesmo, e viva o Mare Nostrum, e o Atlántico e o resto non funciona, non está. Eu quero dicirlle que xa está ben, que xa está ben.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Entón, a min non me parece satisfactorio, señor conselleiro, porque hai un problema que a vostede o enreda nesta situación dunha maneira bastante complicada. ¿Por que? Porque hai unha parte na que ten vostede que dar conta do incumprimento do Goberno anterior, o que o pon nunha situación complicada de ánimo, porque, como aqueles non o fixeron, agora vou ver como abro a boca aquí; pero o problema é que o país segue na mesma situación.

Por iso eu quero dicirlle a uns e a outros que desde o Grupo Parlamentario do BNG imos ser seguidores de que o plan que anuncian, de temporalidade, teña cartos, porque o plan estratéxico é un plan de temporalidade, non de compromisos, e aí, señores socialistas, quero dicirlles que nós imos estar moi atentos para que este país non viva simplemente de publicidade mediática senón de puras realidades.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ PEÑA: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez Peña.

Ten a palabra o señor conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda na rolda de réplica.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señorías.

Señor Peña, nós non dixemos que as infraestruturas da rede convencional estean rematadas, o que dixemos é que están no 90%. Nós dixemos que falta o que queda de 2005, o 2006 e o 2007, e, en consecuencia, que estaremos, como é lóxico, moi interesados en ver como se remata. O que si dicimos é que nos últimos anos se cumpriron, nas trazas ás que eu me referín, os plantexamentos de renovación de infraes-

truturas. En ningún caso eu dixen, ou polo menos non intentei dicir, que estivesemos satisfeitos con este asunto. Eu o que dixen é que nas liñas deficitarias se cumpría, a Xunta paga; que na renovación de infraestruturas se está cumprindo, queda o 10%, quedan dous anos e medio. Evidentemente que a Xunta non pagou a anualidade de 2004, e non a vai pagar namentres Renfe non xustifique as obras que está a facer, porque non as xustificou en 2004. Polo tanto, teña a seguridade de que este Goberno non vai pagar infraestruturas que non se fan. Por iso, se a idea é que todo vale, creo que non. Se se fai, págase e, se non, non. Por iso dicimos, e dixémosllo a Renfe, que no próximo convenio, dado que a Xunta de Galicia fixo o esforzo de mellorar a rede convencional, o que parece razoable é que Renfe mellore a súa competencia, a súa competitividade. E se o director de Renfe di hoxe que Renfe espera captar 100 millóns de viaxeiros e elevar o 79% os seus ingresos ata o ano 2009, que non se esqueza de que isto forma parte do Estado español, e polo tanto supoño que isto tamén terá que ver cos seus plantexamentos.

Por iso nós non podemos estar de acordo, por exemplo, cunha noticia que sae hoxe: "Os trens de Santiago cambian de imaxe. Un tren do ano setenta píntase e mándase de Santiago de Compostela ata Ourense". O señor Rego non coñece estas noticias. Evidentemente, señoría, ese será outro problema, pero eu dígolle simplemente que o que estamos a dicir, que os TRD abandonan Galicia, non o dixemos nós, díxoo a UXT, dino os medios de comunicación, e por suposto que tamén o dixemos nós, e dicímosllo no foro onde temos que dicilo, como non pode ser doutra forma.

Mire, señoría, nós intentamos dicir as cousas, probablemente moitas veces con erros, pero dicimos as cousas aquí igual que en Madrid.

A proposición non de lei que se aprobou en marzo do 2005 –hai un mes e medio, señor Rego–... Por iso eu lle agradezo que –aínda que por poucas veces– acabe de referir que nós somos o Goberno, que temos a nosa responsabilidade e que a imos cumprir. E eu dígolle: e eu quero que vostede axude, véñoo dicindo desde hai dous anos. O que pasa é que o que vostede di aquí probablemente non se escoita noutras cámaras.

Porque mire, a proposición non de lei que presenta o BNG, e que foi apoiada polo PP, por CIU e polo PNV, soamente foi votada en contra polos seus compañeiros. ¿E sabe por que? Porque non están de acordo en poñer dous Nexios máis entre Santiago e Ourense e en non retirar os TRD. Esta é a proposición non de lei de marzo do 2005. E as súas señorías, incluídos os deputados galegos, votaron que non á proposición non de lei. Evidentemente nós imos exercer de goberno, non teña vostede ningunha dúbida. Eu agradézolle que vostede, por primeira vez, acepte que o Goberno está para exercer de goberno e que o Goberno está para dicir as cousas que ocorren. Isto é o que imos dicir, señoría.

Mire, nós o que lle dicimos é: ¿sabe por que, con diñeiro dos galegos, investimos en ferrocarril? ¿Sabe por que? Porque no ano 2000 e no ano 2001 se comprometeu, por primeira vez, o tren de alta velocidade en Galicia. Por iso investimos no ferrocarril. E por iso, como temos que cumprir –e eu agradézolle o seu ton, a súa claridade e o seu contido–, mire, señoría, ¿sabe o que nos está dicindo Renfe nese ámbito de negociación ao que vostede se refire? Que para poñer Nexios entre Ourense e Compostela hai que pagar. ¡Oia!, ¿pero como pagar nunha liña que non é deficitaria? Iso é o que nos din os seus interlocutores.

Pero o que máis me preocupa é que os seus compañeiros do Grupo Parlamentario Socialista en Madrid votan que non a que se poña simplemente; votaron que non, señoría. ¡Pero, claro, é que se vostede tamén nega os feitos...! Colla o *Diario de Sesións*.

En definitiva, voume moi satisfeito desta...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA (Núñez Feijóo):... súa intervención.

Seguirei defendendo os intereses do Goberno, como vostede acaba de dicir, con claridade e con datos. E eu espero que o seu grupo mude de posición e acepte que vostedes non están axudando moito a defender os intereses de Galicia, polo menos no ámbito das infraestruturas. Créamo, señor Rego, están moi equivocados, están facendo un plantexamento equivocado.

Dígalle ao señor Louro e compañía que esta proposición non de lei nunca debeu de votala en contra, e votouna. Iso, señoría, é non defender os intereses de Galicia e non defender os intereses do ferrocarril. Por iso o señor Peña neste asunto tiña razón.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

(Pide a palabra o señor Rego González.)

¿Para que quere o uso da palabra?

O señor REGO GONZÁLEZ: Para unha brevísima rectificación das miñas palabras, señor presidente, porque houbo algo que non se me entendeu e que me gustaría deixar claro.

O señor PRESIDENTE: ¿Das súas?

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Rectifique entón.

O señor REGO GONZÁLEZ: Pois eu referinme con claridade aos Nexios cara a Ourense. Dixen con moita claridade que esa era unha operación do Goberno da Xunta de Galicia que se estaba negociando por parte da Administración central, e o señor conselleiro veu aquí a retorcer todo e a cambialo, a cambiar a realidade das cousas.

Na única votación que se produciu no Congreso dos Deputados con respecto a este tema o Grupo Parlamentario dos Socialistas, de todos os socialistas españois, non apoiou esta iniciativa precisamente para non interferir na negociación que estaban tendo vostedes co Goberno central. Xa vexo que iso a vostede tampouco lle serve, pero, ¡que lle imos facer na súa enlouquecida carreira unicamente electoral, señor conselleiro!

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

(Pide a palabra o señor conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.)

¿Señor Núñez Feijóo, para que quere o uso da palabra?

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA (Núñez Feijóo): Para confirmar os datos do señor Rego cunha matización, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: ¿Para confirmalos?

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA (Núñez Feijóo): Si, cunha matización. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Vostede dirá.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, mire, non necesitamos os votos do Partido Socialista, porque foi aprobada a proposición non de lei cos votos do BNG, do PNV, de CIU e do PP. Espero que Renfe tome nota e que o Ministerio de Fomento acepte o resultado democrático do Congreso dos Deputados e poña dous Nexios en Galicia a partir de xa.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Pasamos ao punto sétimo da orde do día, que é de preguntas.

Pregunta de D. Alfredo Suárez Canal, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as alegacións formuladas polo Goberno galego ao PEIT (Plan estratéxico de infraestruturas e transporte) antes do remate da súa exposición ao público o día 22 de marzo

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a súa palabra...

(O señor Rodríguez Peña pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Rodríguez Peña, se ten a bondade, deixe que lle pregunten ao señor conselleiro.

Ten a palabra o señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, estábase falando de infraestruturas e o señor conselleiro lembraba unha votación do Congreso dos Deputados. Señor conselleiro, o problema é que esa votación se deu antes aquí, cando se produciu o accidente do TRD en Ourense; non era cos Nexios, era cos TRD. E vostedes daquela, como o Goberno de Madrid era outro, votaron aquí xa en contra. Fíxese vostede que cousa tan pintoresca, e era reclamar o cumprimento dun convenio que vostede acaba de dicir agora que non se cumpría. Esa é a realidade, efectivamente, e o tema que formulamos na pregunta ten ese mesmo cariz.

O 31 de xaneiro na Comisión de Seguimento do Plan Galicia o Bloque fai unha proposta para que esa comisión se preocupe de analizar non só o Plan Galicia, senón todo o Plan de infraestruturas do Estado, e elabore unha proposta propia. O seu grupo, con outro da Cámara, votou en contra desa proposta do Bloque.

O 9 de febreiro, no pleno deste Parlamento, o Bloque intenta poñer un prazo para que se elabore unha proposta nesa comisión, e vostedes, con outro grupo, atrasan ese prazo. Iso inviabiliza entre outras cousas que, efectivamente, no mes de marzo este Parlamento tivese elaborado unha proposta respecto do Plan de infraestruturas.

O 21 de febreiro sae publicado no BOE o PEIT, á exposición pública, cun mes de prazo, que remata o 22 de febreiro. Vostede, tan afeccionado ás comparecencias mediáticas neste Parlamento cando é a estrela, non nos di nada de que queira comparecer para explicarnos qué é o que vai facer respecto dun documento tan importante como son as alegacións ao Plan de infraestruturas que vai presentar a Comunidade Autónoma, nin mesmo que queira contar coa opinión dos grupos. Pero o que é máis sorprendente –e iso é o que lle formulamos na pregunta– é que, rematado o prazo o 22 de marzo e levando vostede falado intensamente nos medios de comunicación, queremos saber, antes de facer ningunha valoración –porque pensariamos que é enormemente grave que non se tiveran presentado as alegacións en tempo e forma–, se vostede pode presentar diante desta Cámara algún documento que acredite que vostede rexistrou no Ministerio de Fomento ou nalgún organismo oficial en tempo e forma as alegacións desta comunidade ao PEIT. Sabemos que despois de que o noso grupo formulou as preguntas o 4 de abril, ao día seguinte ou aos dous días despois saíu nos medios a falar de que había que facer alegacións, que se estaban facendo e de que xa as presentara no Consello da Xunta. Curiosamente, na páxina *web* dese consello non aparecía nada diso.

Pero nós non temos o dato fixo, e iso é o que lle queremos preguntar. ¿Fixo a Xunta alegacións ao PEIT? ¿Cando? ¿En tempo? ¿Onde as rexistrou? ¿Cal é a data de rexistro que ten o documento? Iso é o que queremos saber, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Resposta por parte da Xunta.

Ten a palabra o señor conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Como vostede sabe, e mais eu, a modificación dos prazos da presentación das alegacións na comisión do Plan Galicia foi pactada cos tres grupos da Cámara. E vostede sabe, e mais eu, que houbo que chegar a un acordo cos tres. Vostede tiña uns prazos, outro grupo tiña outros e nós non puxemos ningún problema.

Segundo. É evidente, señoría –e vostede acaba de dicilo–, que as miñas intervencións son propagandísticas. É a primeira vez –e eu agradézollo– que boto de menos unha; eu agradézollo, porque a partir de agora empezarei a pensar que as miñas comparecencias non son propagandísticas, senón que ás veces son necesarias.

Dito isto, sabe vostede igual ca min que o período de alegacións é un período aberto a calquera interlocutor, a calquera grupo político, a calquera organización sindical e a calquera organización empresarial, non só en Galicia, en España, e así se fixo. Todos plantexaron as súas alegacións nos prazos que deu o Ministerio de Fomento, e o Goberno de Galicia tamén. Iso non significa en ningún caso que non vexamos as alegacións plantexadas no exercicio das nosas competencias e da nosa responsabilidade na comisión do Plan Galicia. E para tal efecto remitíronselle á presidenta da

comisión do Plan Galicia e para tal efecto eu pedín a comparecencia no Pleno para explicar esas alegacións.

En consecuencia, señoría, un deputado traballador coma vostede, que leva demostrando desde hai moitos anos a súa dedicación, sabe que estaba no uso do dereito a presentar as alegacións que considerou oportunas como BNG. E nós estamos á disposición do BNG e do Partido Socialista para intentar consensuar esas alegacións e que da comisión do Plan Galicia saia un só documento ante a Administración do Estado. Iso é o que se fixo e iso é o que se fará.

Señoría, polo tanto, quero confirmarlle que vostede puido presentar esas alegacións igual que calquera outro interlocutor, exactamente igual. O Goberno cumpriu co seu compromiso, remíteas ao Ministerio de Fomento, remíteas ao Plan Galicia e pide a comparecencia no Pleno desta Cámara.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica por parte do señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Señor presidente, eu creo que acabamos de asistir a un feito dunha enorme gravidade neste Parlamento: o Goberno, que leva facendo bandeira da confrontación co Goberno do Estado e que en moitas ocasións incluso tivo o noso apoio en acordos que se adoptaron aquí, no documento máis importante que ten que ver coas infraestruturas deste país non presentou as alegacións en tempo e forma. É un goberno que se dedica a facer propaganda descarada pura e dura nos medios de comunicación e que cando tiña que facer o seu traballo rigoroso se dedicaba á barricada e á trincheira. E pense vostede, señor Núñez, que a nós nos parece ben a mobilización que propón o señor Fraga, pero cando un ten detrás o traballo serio e rigoroso.

Nós propuxemos un prazo que era marzo porque temiamos que, efectivamente, podía haber un período destas características. E a vostede alí arriba con outro grupo, é certo, non lle preocupaba nin sequera que puxeramos ningún prazo. Tivemos que transixir ao final con abril. Non lle preocupaba a vostede poñer ningún prazo, porque a vostede lle preocupa a batalla mediática. O Bloque o que quere é un acordo de Galiza, non queremos presentar as nosas alegacións exclusivamente como grupo. ¿Sabe por que? Porque, efectivamente, representamos a unha parte pequena da sociedade galega, importante, pero non maioritaria, e en Madrid temos exclusivamente dous deputados. Esas alegacións podían ter, efectivamente, a forza de documento, pero non terían a forza de Galiza detrás. Vostedes son o Goberno, e son os que o teñen que facer. E non o fixeron, nin viñeron ao Parlamento a dicirnos que presentaramos as alegacións. Ensínenos o documento, señor Núñez, non o documento que nos mandaron a nós: este, que chegou hoxe e sen rexistro de entrada no ministerio, ¿verdade? Ensínenos...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor SUÁREZ CANAL:... cando as rexistraron, cando as mandaron.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Un minuto. Señor presidente, pídolle dez segundos.

O señor PRESIDENTE: Réplica do señor conselleiro.

Señor conselleiro, réplica. As preguntas teñen un tempo moi limitado. *(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)* Sempre lle concedo tempo, pero nas preguntas é imposible.

Réplica do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

O das barricadas sóame.

Respecto do tema das alegacións, eu teño aquí o documento de rexistro de saída da consellería: 22 de marzo do 2005. *(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)* Por suposto, señoría, é que... Pero... *(Interrupcións.)*

Señorías, acabamos de coñecer unha modificación da Lei de procedemento administrativo *in voc*e, feita por un deputado do BNG sobre unha lei de competencia estatal.

Señoría, ¿desde cando os rexistros non dá fe pública? ¿É que vostede me quere dicir que o rexistro da Xunta de Galicia non vale fronte ao do Ministerio de Fomento? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O 22 de marzo, conforme ao prazo previsto, preséntanse as alegacións, señoría. ¿É que a vostede non lle vale o rexistro da Xunta de Galicia? Pero, señoría... *(Murmurios.) (Risos.)*

Señoría, ten... *(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA (Núñez Feijóo): É sorprendente a lección que nos acaba de dar sobre o rexistro de entrada e de saída.

Os rexistros, señoría, teñen fe pública *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dígollo simplemente como extraballador de correos. Quero dicirlle que o que está dicindo vostede neste momento é sorprendente. Señor Trigo, pídolle por favor que lle aclare ao seu compañeiro de escano o que acaba de dicir.

Pero, volvendo aos feitos, a Xunta de Galicia presentou en tempo e forma as alegacións. A Xunta de Galicia deulles conta aos medios de comunicación e aos cidadáns das súas alegacións, e eu espero que vostede dea conta das súas.

Respecto de presentar alegacións, ¿sabe quen presentou alegacións? Por exemplo, o Partido Socialista en Castela e León. Iso si que se chama presentar alegacións. E a Xunta de Galicia, queira ou non queira o Ministerio de Fomento, presentou as súas alegacións en prazo, e queira ou non vai ter que respondelas. Pero como a vostede o que lle interesa, exactamente igual ca a min, é chegar a unha proposta conxunta, ten 39 alegacións para chegar a ela. Espero coñecer as súas e poder chegar a esa proposta conxunta.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro. *(Pide a palabra o señor Suárez Canal.)*

¿Cal é a cuestión de orde? *(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)*

Esa non é unha cuestión de orde. Solicíteo vostede a través do artigo 9, ou se non... *(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)* Non no debate de preguntas, porque, entón, ¿imos ler todas as preguntas aquí?

O señor SUÁREZ CANAL: Eu pídolle a vostede...

O señor PRESIDENTE: Lamento non poder acceder á súa petición e imos proseguir coas preguntas. *(O señor Suárez Canal pronuncia palabras que non se perciben.)*

Xa a acaba de formular, xa lle digo que non, que non procede. Pero, ¿cal é a cuestión de orde, entón?

O señor SUÁREZ CANAL: ¿Cal é o número de rexistro de entrada, que é o que vale neste Parlamento, das alegacións; non o de saída da Xunta, senón o de entrada neste Parlamento, que é cando valen as alegacións. Díganos vostede cando entraron, díganolo vostede, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non me dedico a ler os números de rexistro. Solicíteo por escrito e seranlle facilitados.

Pregunta de D. Francisco Trigo Durán e D.ª Salomé Álvarez Blanco, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o criterio do Goberno galego respecto da resolución do concurso realizado na Deputación Provincial de Pontevedra para a provisión de persoal contratado no Proxecto Cidade Plus

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Trigo Durán.

O señor TRIGO DURÁN: Señor presidente, non me conte esta cuestión, que vou contestar a unha alusión que tiven do señor expresidente de Correos. Eu non son administrativista...

O señor PRESIDENTE: Vostede está na rolda da pregunta.

O señor TRIGO DURÁN:... nin entendo de cuestións de procedemento administrativo. Non pida que lla aclare. Agora, teño as miñas dúbidas sobre o que é presentar un

papel nun rexistro de entrada, e quédame unha dúbida importante. *(Un señor deputado: Una cosa es la salida y otra la entrada.)*

O señor PRESIDENTE: Vaia á cuestión, señor Trigo.

O señor TRIGO DURÁN: Eu espero que nesta pregunta ninguén me diga "muérete", que oín hai un momento dicir a alguén "muérete". Espero non morrer no intento.

A cuestión da pregunta é a seguinte: levamos moitos días discutindo aquí sobre temas de contratacións. No ano 2015 pode suceder que unha filla do señor Pita, un fillo do señor Pita, unha filla do señor deputado que interpela ou outra filla doutro deputado se presenten a unha oposición ou a un concurso-oposición que ten claras as premisas polas que hai que rexerse. Ao chegar alí, resulta que levan a mellor nota de todas no concurso de méritos. E, ao chegar á casa dos seus respectivos pais, dinlles: Mirade, tiña papas na boca cando me fixeron unha entrevista e, entón, suspendéronme na entrevista e a praza déronlla, cunha puntuación de 8 ou de 9, como sobresaliente, a unha ou a un que tiña a metade dos méritos que eu tiña. E eu direille á miña filla, e o señor Pita supoño que tamén, que non hai que ir con papas na boca ás entrevistas, que hai que ir cunha dicción correcta.

O que pasou na Deputación de Pontevedra cun concurso de méritos –concurso con entrevista– para unhas prazas ás que se presentaron 180 persoas nun programa que se chama Cidade Plus non deixa de ser chamativo: de todas as persoas que obteñen a mellor nota de méritos, a mellor avaliación dos seus méritos, ningunha delas é aprobada. Son 180 persoas as que se presentan, e eu creo que se lle produce unha desilusión a 174 persoas moi evidente, porque saen de alí e din: ¿Que pasaría aquí? ¿Por que pasaría isto? Eu creo que, aínda non sendo unha administración da Xunta de Galiza –pero hai una Lei de coordinación de deputacións, estamos nunha administración local, que algo ten que ver tamén–, é lóxico que manteñamos unha opinión ao respecto de se isto é correcto, máxime cando hai moi pouco tempo acabamos de oír aquí que algúns metían a persoas por un psicotécnico, o psicotécnico do Partido Socialista, e eu non teño por que defender o Partido Socialista. ¿Que psicotécnico é o que difire de se hai papas na boca ou non hai papas na boca para aprobar a uns ou a outros?

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Trigo.

Resposta por parte da Xunta.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Señor presidente.

Señor Trigo, que formula a pregunta, eu simplemente quero dicirlle unha cuestión. Eu son o portavoz do grupo parlamentario, son deputado, primeiro; son membro do Goberno da Xunta de Galicia, e vostede agora quere que sexa tamén non sei..., un alto cargo ou non sei o qué da Deputación de Pontevedra, á parte das corporacións locais, que tamén o fun, pero, loxicamente, xa non, e aquí hai moitos que o son aínda.

Quero dicirlle que, de verdade, eu non entendo que vostede ao Goberno de Galicia lle dirixa unha pregunta relacionada cunha cuestión dunha proba que se fai na Deputación de Pontevedra; coma se é na Deputación da Coruña, porque nós mañá podemos traer aquí para que lle formule calquera deputado do Partido Popular dos que temos aquí –que temos máis ca vostedes– preguntas todos os días sobre cuestións, por exemplo, da Deputación da Coruña.

Polo tanto, eu dígolle a verdade, non o entendo. Digo que non entendo que eu teña que ser o representante agora tamén aquí das deputacións; eu creo que xa represento bastante. Fan acusacións de que xa teño un rol completo de representatividade. É como para que aínda me queira, ou nos queiran atribuír ao Goberno de Galicia máis, cando vostedes fan crítica diso.

De todos os xeitos o que si lle quero dicir a respecto desta cuestión e en consonancia co que vostede dicía do proceso de selección que se levou a cabo na Deputación de Pontevedra para ese proxecto Cidade Plus, que ha de terse en conta... Dígollo con carácter xeral. Despois, cómo se fixo todo o procedemento, non o sei, a iso non lle podo responder. Pero, de acordo co disposto na oferta de emprego do Estado para o ano 2005, que foi aprobada por un Real decre-

to do 4 de febreiro de 2005, publicado no BOE número 33, con data 8 de marzo: "Os procesos de selección deberán orientarse á avaliación de" –dígolle o que saíu, que lle recomendo que o lea porque está implicado co famoso sistema, entre comiñas, "fenomenal" que están recomendando precisamente os tecnólogos do novo Goberno de España– "habilitades e actitudes asociadas aos postos de traballo que se van desempeñar e á selección daqueles candidatos cuxos perfís profesionais mellor se axusten ás necesidades da Administración, fomentando" –estoulle dicindo o que di o Real decreto, que non é noso, dígollo por se acaso, é dos outros, dos de alá– "a realización de test psicotécnicos ou de actitude...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):... e diminuíndo o peso das probas baseadas nos coñecementos memorísticos".

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Consecuentemente, aplicaron...

O señor PRESIDENTE: Rolda de réplica.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela):... o novo criterio...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra o señor Trigo Durán para a réplica.

O señor TRIGO DURÁN: Señor Pita, vostede está en contra pero parécelle ben que o aplicaran. Estas son as súas últimas palabras. Pero iso é unha contradición. Hai unha cuestión que lle quero dicir. A pregunta di: "¿Considera a Xunta de Galiza correcto o acontecido na Deputación de Pontevedra para a provisión de persoal contratado no Proxecto Cidade Plus, tendo en conta que ata pode poñer en risco a percepción de fondos europeos por parte das administracións públicas galegas?".

Este é o tema. ¿Por que? Porque o proxecto Cidade Plus aplícase a máis administracións, e incluso a Xunta de Galiza pode ter ese programa porque é un programa para retornados. A presentación deste programa en Pontevedra foi realizada polo señor Miras Portugal xunto co presidente da deputación e a persoa responsable. Entón, se as cousas se seleccionan mal, poden dar lugar á retirada de fondos, esa é a razón pola que eu pregunto.

Eu, señor Pita, non quero que me pregunten nada os deputados do Partido Popular; se me estiveran preguntando a min os deputados do Partido Popular eu non estaría aquí, estaría vostede noutro lado e os deputados do Partido Popular noutro. Iso poderá ser no próximo período de sesións, e espero que a min non mo teñan que preguntar, dígollo con toda a sinceridade. A min espero que non. Pero, realmente, non digan que vostedes van preguntarmo a min todos os días porque non poden, non é posible que mo poidan preguntar.

O que si lle digo é que nós preguntamos cal é a opinión da Xunta de Galiza. Púxenlle o exemplo do que pode significar para 174 persoas e as súas respectivas familias –que a meirande parte delas son novas, titulados, etc.– que se topan coa situación de que hai un estado xeneralizado de opinión que pode dar lugar con isto a que hai que ser amigo de alguén e non ter papas na boca –por non dicir outra cousa– para poder, dalgún xeito, competir en igualdade de condicións, de mérito, igualdade e capacidade, cos demais. E este é o problema. E a pregunta é: ¿que opina a Xunta de Galiza? E non lle digo a vostede que se meta na cuestión. Parece que a Xunta de Galiza o único que quere opinar é: *como outros o fan, eu miro para outro lado*. Pois, mire, a min non me vale. Mal feito.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

O señor TRIGO DURÁN: Se o fixeran os do Bloque, mal feito tamén.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Trigo.

Réplica do señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Pita Varela): Supoño que os do Bloque o farán mal, como case todo.

Pero, á parte diso, vostede estame preguntando e eu voulle responder. Isto xa é repetitivo, incluso consideramos que esta pregunta tería que desviarse a outro eido, a outra dirección... Perdón, eu estou dicindo o que penso, porque, de verdade, eu non sei por que ten que contestar o Goberno. Agora, se vostede o que ten é a curiosidade, eu simplemente lle vou contestar. ¿Cal é o criterio sobre estas cuestións? O noso máis profundo respecto ás institucións. –xa o dixemos en moitas ocasións–, á independencia de órganos que teñen competencia propia, á non inxerencia no que non é da nosa competencia, e, no que é da nosa competencia, tratar de cumprir ao 100%. Como neste caso non é da nosa competencia, eu o que lle digo é que me remito ao noso respecto á independencia, ao da Administración local, das deputacións, doutras comunidades autónomas, do Estado, etc., e no que atinxe e poida referirse a nós ou que se cruce co noso, actuaremos. Mentres tanto, laméntoo, señor Trigo, pero a miña resposta é que cada pau aguante da súa vela.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D.ª Tereixa Novo Arrojo e D. Alfredo Suárez Canal, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as razóns da necesidade de construción dun novo instituto en Celanova

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Novo Arrojo.

A señora NOVO ARROJO: Moitas grazas, señor presidente.

A pregunta en cuestión ten que ver coa posible construción dun novo instituto en Celanova, dun instituto de educación secundaria en Celanova.

Desde o ano 1975 leva funcionando no Mosteiro de Celanova un instituto de educación secundaria que en principio levou soamente formación profesional, no ano 1978 incorporou o bacharelato e, na actualidade, é, como todos os centros de educación secundaria, un IES que acolle as diferentes ensinanzas profesionais de ensino secundario postobrigatorio.

No ano 1982 fixoselle a este mosteiro –a parte deste mosteiro, posto que comparte a utilidade con outras actividades–, unha reforma na que se investiron públicos 300 millóns de pesetas de cartospúblicos, 1.300.000 euros actuais, e mereceu a reforma e a adaptación ao IES naquel momento o premio Europa Nostra do ano 1983. A comunidade educativa, o profesorado, o alumnado e unha parte importante da comunidade de Celanova está contenta e a gusto coa satisfacción de ver parte deste mosteiro adicado a un fin tan importante como é a educación. O que non sabemos, e de aí a nosa pregunta, é por que nos orzamentos do 2005 aparecen, da Consellería de Educación, 700.000 euros para a construción dun novo IES en Celanova, 1.200.000 euros para o ano 2006 e unha previsión de 1.500.000 euros para o ano 2007. Polo tanto, dado que existe un instituto de educación secundaria en Celanova debidamente dotado e en satisfactorio funcionamento, e dado que non existe, ao noso entender, ningunha razón que obrigue, desde logo, a que se faga un novo instituto, sorpréndenos que por parte da administración educativa, que en reiteradas ocasións fala da escaseza de medios para facer cousas que son imprescindibles e necesarias, ou cando menos oportunas, neste caso se faga un reinvestimento –posto que xa se fixo un importante gasto de fondos públicos na adaptación deste mosteiro e instituto, e agora novamente se fai un investimento destas características, contabilizando en total 4.700.000 euros de investimento público–.

Polo tanto, a pregunta concreta é: ¿por que se necesita un novo instituto en Celanova se está a funcionar satisfactoriamente outro que está a dar resposta adecuada ás necesidades de escolarización do concello.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Novo.

Resposta por parte da Xunta.

Ten a palabra o conselleiro de Educación.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Currás Fernández): Moitas grazas, señor presidente.

Señora deputada, coincido con vostede totalmente na primeira parte da súa pregunta. Efectivamente, temos un fer-

moso edificio en Celanova, un mosteiro, chamado mosteiro de San Salvador, que data do século XVII e que desde o ano 1975 –polo tanto, antes de existir como tal a autonomía de Galicia– vén funcionando como instituto. Como vostede saberá –e, se non o sabe, dígollo eu–, o edifico é propiedade do Concello de Celanova, e o Concello de Celanova solicitou da Consellería de Educación a posibilidade de dedicar ese edificio a outros fins diferentes aos educativos.

Na Consellería de Educación estudamos esta cuestión. E hai que ter en conta que na consellería, desde hai anos –incluso bastante antes de ser eu conselleiro–, se vén levando a cabo unha tendencia, que é, sempre que se pode, progresivamente, situar os centros educativos en edificios *ad hoc*, é dicir, en edificios que sexan especificamente construídos para centros educativos. Hai en Galicia varios exemplos que lle podo citar de edificios emblemáticos que foron no seu momento monumentos e que se adaptaron para centros educativos, e logo progresivamente fomos construíndo colexios ou institutos especificamente. Esta tendencia vai seguir, non é o caso soamente de Celanova. A Consellería de Educación ten a intención de que todo o edificio, por moi fermoso que sexa, por moi monumental que sexa, sempre será mellor dedicalo a outros fins que aos educativos, por unha razón fundamental: recoñecerá comigo, señora deputada, que un instituto, un centro docente, está moito mellor localizado nun edificio feito especificamente para ser centro docente, cunhas instalacións modernísimas, con aulas específicas, e sobre todo cunha capacidade de adaptación aos novos tempos. Teña en conta que é moi difícil hoxe adaptar un edificio deste tipo ás novas tecnoloxías, aos novos cableados, ás novas demandas, de ximnasios, de laboratorios, etc. Entón, a consellería, respondendo á petición do señor alcalde, o que fixo foi estudar a posibilidade de levar a adiante unha nova construción, e vaino facer. Por certo, teño que dicir que é a primeira vez que recibo nesta Cámara unha pregunta ou unha crítica por construír un centro novo, e por construír un centro novo con todas as condicións do mundo.

A comunidade educativa non entendo por que razón ten ningún problema con esta nova construción, tendo en conta que se vai facer de acordo con toda a normativa, sen ningún tipo de regateo. E poderá dispoñer o Concello de Celanova dese mesmo edificio para outros fins aos que o pensa dedicar o concello, que –repito– é o propietario do edificio e que o ten cedido provisoriamente para fins educativos; mentres que os institutos que son construídos *ad hoc* son propiedade da Consellería de Educación.

Polo tanto, neste sentido, señora deputada, respóndolle que imos construílo para cederlle ao concello este edificio, e imos mellorar. E sempre que se mellore, eu creo que non debemos recibir ningún tipo de críticas.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Rolda de réplica.

Ten a palabra a señora Novo Arrojo.

A señora NOVO ARROJO: Grazas, señor presidente.

Eu creo, señor conselleiro, que non está vostede contando toda a verdade, porque á parte de que segue habendo –e é normal que os haxa, ademais– moitos institutos en edificios reformados, o cal é unha interesante e boa utilización dese edificio, o que nos sorprende moitísimo máis é que isto sexa unha urxencia da Consellería de Educación. É dicir, cando non temos cartos nin para pagar o transporte escolar dos alumnos nin para poñer comedores escolares nos centros nin para pagar a gratuidade dos libros de texto, pois resulta que facemos un duplo investimento de cartos públicos nun edificio que está perfectamente dotado, perfectamente adaptado neste momento ás necesidades que ten a implantación das especialidades que alí se están impartindo. E ao único ao que responde, señor conselleiro, con independencia de que vostede o queira dicir aquí ou non publicamente, é aos intereses do Partido Popular, ao interese privado e a unha especulativa dedicación do que pode ser o mosteiro de Celanova, que, efectivamente, non satisfai, parece ser, se está dedicado a fins educativos no centro de Celanova.

Nós entendemos que a Consellería de Educación neste momento, desde logo, cando ten cousas moito máis perentorias e moito máis urxentes que facer, en ningún caso debería aceptar esta posibilidade. Debería dedicar e utilizar adecuadamente os fondos públicos e os recursos da consellería, e hai moitos outros edificios propiedade dos concellos que, en todo caso, son utilidade provisional da consellería, e moito temo que non está no plan da consellería cambiar a utiliza-

ción deses edificios. É unha xustificación de pouco peso neste momento, señor conselleiro.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica por parte do señor conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Currás Fernández): Grazas, señor presidente.

Insisto, señora deputada, en que está moito mellor un instituto nun edificio feito especificamente para el que nun edificio emblemático. Dígoo novamente. E ademais estou dicíndolle que a universidade e a Consellería de Educación están levando unha tendencia de sacar de edificios emblemáticos os centros educativos.

Segundo, non se preocupe vostede, señora deputada, que non hai ningún problema co transporte; que, por certo, é o mellor de España e que funciona perfectamente, é o que mellor está dotado. E sabe vostede que temos autobuses que están percorrendo pistas de difícil acceso en Galicia e, con todo, cunha eficacia e cun rendemento máximo.

Non se preocupe vostede polos comedores, que temos todos os comedores necesarios. E a consellería anunciou un plan progresivo de implantación de comedores nos próximos anos en colaboración con outras institucións. E non se preocupe, que os libros de texto seguen sendo gratuítos, e fáltanos menos tempo para telos todos xa gratuítos. E, ademais, non se contradiga, señora deputada. Acaba de dicir vostede que o instituto foi con carácter urxente, e non o foi; porque leva presuposto do 2005, que vostede o dixo, do 2006 e do 2007, tamén os libros de texto levan presuposto do 2005, do 2006 e do 2007. E tamén os comedores se van levar a cabo. Polo tanto, todo na consellería se vai levando cunha orde.

Insisto, señora deputada, non veña interpelar ou preguntar ao Goberno cando quere facer unha mellora educativa como é un instituto mellor que o que hai.

Moitas grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Esgotados os puntos da orde do día, remata a sesión.

Remata a sesión ás oito e vinte minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Álvarez Blanco, Salomé	(BNG)
2.- Álvarez Domínguez, Bautista	(BNG)
3.- Álvarez Montes, Marta	(PP)
4.- Amarelo de Castro, Fernando	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barreiro Fernández, José Manuel	(PP)
7.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(BNG)
8.- Borrajo Rivas, Pedro	(PS deG-PSOE)
9.- Bueno Berrío-Ategortua, Marisol	(PP)
10.- Caldelas Fernández, María Josefa	(PP)
11.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
12.- Carballo Páez, Ramón	(PP)
13.- Casares González, Juan Manuel	(PP)
14.- Castedo Carballo, Remedios	(PP)
15.- Castro García, Roberto	(PP)
16.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
17.- Cortizo Nieto, Miguel	(PSdeG-PSOE)
18.- Cuíña Crespo, Xosé	(PP)
19.- Darriba Calviño, Rosa	(BNG)
20.- Díaz Díaz, Xosé	(BNG)
21.- Díaz Vázquez, Manuel	(PP)
21.- Fernández Rosende, Jesús María	(PP)
23.- Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco	(BNG)
24.- Fraga Iribarne, Manuel	(PP))
25.- Gago Álvarez, Cástor	(PP)
26.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
27.- García Leira, José María	(PP)
28.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
29.- González Laso, Natividad	(PSdeG-PSOE)
30.- González Loroño, Beatriz	(PP)
31.- Gutiérrez Fernández, Eduardo	(BNG)
32- Janza Muñiz, Paula	(PP)
33.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
34.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
35.- López Abella, Susana	(PP)
36- López Besteiro, Manuela	(PP)
37.- López Díaz, Victoria Eugenia	(PP)
38- López Outeiral, Manuel	(PP)
39- López Pérez, Emilio	(BNG)
40.- López Veiga, Enrique César	(PP)
41.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
42.- Mayán Santos, José Manuel	(PP)
43.- Merino Mejuto, Domingos	(BNG)
44.- Novo Arrojo, María Tereixa	(BNG)
45.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
46.- Pedrosa Vicente, Juan	(PP)
47.- Pérez Ares, César augusto	(PP)
48.- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
49.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
50.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
51.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
52.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
53.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
54.- Reviejo Ares, Miguel Ángel	(PP)
55.- Rodríguez Corcoba, Fernando	(PP)
56.- Rodríguez Cuervo, Inmaculada	(PP)
57.- Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo	(BN)G)
58.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP
59.- Rodríguez González, Manuel Luis	(PSdeG-PSOE)
60.- Rodríguez Peña, Xosé Henrique	(BNG)
61.- Rodríguez Seijas, María Dolores	(PP)
62.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
63.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
64.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
65.- Seara Sobrado, Laura	(PSdeG-PSOE)
66.- Sestelo Fernández, Ramón	(PP)
67.- Sineiro García, Francisco	(PSdeG-PSOE)
68.- Soneira Tajes, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
69.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
70.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
71.- Tapia Fernández, María Jesús	(PP)
72.- Trigo Durán, Francisco	(BNG)
73.- Varela Sánchez, Ricardo	(PSdeG-PSOE)
74.- Veiga Buxán, Xesús Manuel	(BNG)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.
Ronda de Outeiro, 1-3. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1696-3490